



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 23

Sesión plenaria
9 de outubro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-dgYXVCyE5-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 1290 (12/PNP-000136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.2 6570 (12/PNP-000683)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.3 6583 (12/PNP-000685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro vitícola de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.4 6600 (12/PNP-000688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.5 7344 (12/PNP-000723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e doce deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 60, do 05.08.2024



4.6 9906 (12/PNP-000817)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 5. Interpelacións**5.1 2914 (12/INT-000194)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

5.2 10417 (12/INT-000456)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

5.3 11904 (12/INT-000526)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.112132 (12/POPX-000017)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as medidas que pensa implementar nas políticas da Xunta de Galicia para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

6.2 12133 (12/POPX-000018)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración que fai da ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo Goberno do Estado en 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7711 (12/POP-001037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento en Galicia da proposta de gratuidade da matrícula universitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

7.2 11435 (12/POP-001794)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante os acordos adoptados relativos aos agrupamentos de alumnado de diferentes ciclos educativos no CEIP Castro de Ouro, de Alfoz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.3 11517 (12/POP-001805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas da comunidade educativa do CPI Castro Baxoi, de Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.4 11544 (12/POP-001808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a dotación dos centros educativos da Costa da Morte do necesario persoal docente das especialidades de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.5 12115 (12/PUP-000045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

7.6 8491 (12/POP-001420)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024



7.7 9066 (12/POP-001484)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre as características das denominadas «microformacións», programa formativo impulsado pola Xunta de Galicia para que as persoas xa empregadas obteñan novas capacitacións adaptadas á demanda do tecido produtivo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

7.8 11578 (12/POP-001812)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre os usos que se lles está a dar aos centros de formación e experimentación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.9 12118 (12/PUP-000046)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o alcance previsto do paquete de medidas anunciado polo Goberno galego para solucionar o problema dos stocks de viño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dezaioito minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa implementar nas políticas da Xunta de Galicia para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai da ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo Goberno do Estado no ano 2000. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración da orde do día. (Páx. 23.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 24.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 25.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 26.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 27.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 31.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 34.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 36.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro vitícola de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Fernández (BNG).* (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 42.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 43.) e *Sr. Casares Gándara (P)* (Páx. 46.).

Nova intervención do señor Fernández Fernández (BNG). (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG).* (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Lorenzo Gómez (P).* (Páx. 56.)

O señor Ruanova Vilas-Boas (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 58.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica unha alteración da orde do día. (Páx. 59.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 60.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)* (Páx. 62.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 65.).

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 69.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 72.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 75.)

O señor García Comesaña (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 77.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e 1 abstención*. (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios de cofinanciamento do sistema galego de dependencia: *aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 8 abstencións*. (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro Vitícola de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 80.)

Votación do texto transaccionado do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias



de axudas provenientes da propia Administración autonómica: *rexeitado por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira con Portugal: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 81)

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 90.)

Interpelación de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento en Galicia da proposta de gratuidade da matrícula universitaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Suárez (P).* (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Suárez (P).* (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 103.)



Pregunta de D. Daniel Castro García e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante os acordos adoptados relativos aos agrupamentos de alumnado de diferentes ciclos educativos no CEIP Castro de Ouro, de Alfoz. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 104.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas da comunidade educativa do CPI Castro Baxoi, de Miño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 108.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dotación dos centros educativos da Costa da Morte do necesario persoal docente das especialidades de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 119.)



Pregunta de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as características das denominadas «microformacións», programa formativo impulsado pola Xunta de Galicia para que as persoas xa empregadas obteñan novas capacitacións adaptadas á demanda do tecido produtivo galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 121.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os usos que se lles está a dar aos centros de formación e experimentación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 125.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o alcance previsto do paquete de medidas anunciado polo Goberno galego para solucionar o problema dos stocks de viño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 128.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 130.)

Remata a sesión ás seis e corenta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dezaoto minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, que é de preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa implementar nas políticas da Xunta de Galicia para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Os problemas da mocidade en Galicia son moitos; son moitos en España pero tamén especialmente en Galicia. Os mozos e mozas do noso país teñen un problema de emprego; teñen un problema notorio de emprego, porque —como lle dicía onte— máis de corenta e dous mil quiñentos inscritos no paro, e sofren un 27 por cento o efecto do paro desa poboación; teñen un problema de salarios en canto á súa contía e, por tanto, á súa disposición para facer a vida todos os meses; teñen un problema de transporte tamén; teñen un problema tamén sobre todo de futuro, de irse ou quedarse en Galicia, esa é na encrucillada na que se encontran moitos mozos e mozas, e un problema de vivenda tamén.

Por certo, onte non estivo moi afortunado cando falou de que grazas ás políticas da Xunta hoxe os mozos e mozas, as súas capacidades económicas desapareceran. Non é un nivelador nin é un factor discriminatorio dos mozos e mozas que agora cada un co seu propio pulmón e co seu propio esforzo porque xa teñen liberadas todas as desigualdades grazas ás políticas da Xunta. Eu creo que é un pouco soberbio —díciallo onte—, pero creo que se equivocou e, sobre todo, demostrou que está desconectado da realidade do que pensan e sofren moitos mozos e mozas de Galicia.

E dicía que un dos problemas que tiñan os mozos e mozas no noso país é a vivenda; unha vivenda á cal non poden achegarse, non poden pagar unha entrada. Por iso, a compra non é unha opción para eles, é a de alugueiro. E se a iso lle sumamos que hoxe —segundo publicacións dos medios de comunicación a respecto da realidade que acontece no noso país— pois o que pasa é que teñen que destinar máis do cincuenta por cento do seu salario para alugar unha vivenda na que poder vivir. Se a iso lle sumamos que na actualidade hai dezaoto mil inscritos no Rexistro de demanda de vivenda pública, é dicir, catro veces máis nos últimos seis anos, multiplicouse por catro ese número de demandantes. Se a todo iso lle sumamos a escasa política de creación de vivenda pública nos últimos anos, quérolle



recordar que no último Goberno socialista se fixo máis vivenda pública que nos quince anos seguintes do Partido Popular. E dígoo porque iso é importante, porque a construción da vivenda pública non é un factor que apareza dun día para outro na vida das persoas, que se xeren esas edificacións; hai que construílas, por tanto, ten que pasar un tempo. Se vostedes fixeran o seu traballo nos últimos anos hoxe teríamos máis vivenda pública accesible.

¿Cal é o resultado da execución orzamentaria? Coma sempre, soamente lle facilito os seus datos, os datos que aparecen na Xunta de Galicia. (*O señor Gómez Besteiro amósalle á Cámara un gráfico de columnas.*) Esta liña en roxo significa o último da execución do Partido Socialista no Goberno, o 77 por cento na partida de acceso á vivenda. Os anos seguintes son os cinco últimos anos do Partido Popular; esta foi a súa execución: no 2019, o 28 por cento nesa partida; no 2020, o 35,9 por cento; no 2021, o 32,9 por cento; no 2022 —o seu primeiro ano—, o 8,8 por cento, e o ano seguinte, no 2023 —imos á cifra máxica deste partido e desta xestión do Goberno—, o 50 por cento; igual que os fondos europeos, o ano pasado consolidado, cerrado. Claro, con esta proxección dos últimos cinco anos é imposible ter vivenda pública dispoñible neste momento.

Pero, ademais diso, neste ano, no ano 2024, cuns orzamentos —como vostede di, e moi ben— operativos desde o 1 de xaneiro, a partida 451B, «Acceso á vivenda», o 30 de xuño tiña un grao de execución do cero por cento. Hai que darse présa nesta última franxa do último ano para axustar e gastar eses 85 millóns.

E neste escenario, ¿cales son as solucións que plantexan vostedes? Ben, dúas solucións. A primeira é que agora imos construír vivenda pública, imos facer esas mil quiñentas vivendas. Grazas a un medio de comunicación tamén soubemos que non era a pulmón —como lle gusta a vostede dicir—, senón que neste caso era algo de respiración asistida, que eran fondos de recuperación do Goberno —por certo, fondos que non van durar toda a vida, como vostede moi ben sabe—, pero van facer esa vivenda pública. E a segunda solución é un clásico da dereita española e galega tamén, que é deixar facer, o «*laissez faire, laissez passer*», o mercado regula e autorregúlase. Esa é a solución que plantexan vostedes, polo menos ata o de agora.

¿Van adoptar medidas en relación con estas cuestións, non soamente coa vivenda senón tamén en materia de emprego? Nesta última, efectivamente, tamén lle plantexamos onte a posibilidade de ir a esa situación de rescate de moitos mozos e mozas galegos cun plan de emprego por importe de 100 millóns anuais para esta lexislatura. ¿É posible? ¿Hai outras medidas? Gustaríame coñecer a resposta de todas elas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Bos días, señor presidente.

Desculpas ante toda a Cámara. Caeu unha árbore hai vinte minutos na avenida de Lugo e iso foi —estaba cortado o tráfico— a razón da demora en chegar.



Señor Besteiro, non son consciente eu de ter dito as cousas que vostede está dicindo que dixen onte, de que todo lle vai ben á xente nova. En absoluto, ao contrario; o que dixen é que ten que ser o centro das nosas políticas porque ten moitos problemas e moitos retos. ¿Que fomos mellorando estes anos? Sinceramente, creo que si. ¿Que queda moito por mellorar? Por suposto.

Mire: o que é soberbia é falar como fala vostede. Os fondos que Europa lle deu a todos os países para superar os prexuízos da pandemia, para vostedes son os fondos do Goberno; non son de Europa, non son dos seus destinatarios, son os fondos do Goberno de Pedro Sánchez. Iso si que é soberbia.

Igual que é inexactitude falar dos datos que vostede me dá. Ese 8 por cento supoño que é dun convenio que había que asinar co Goberno no mes de xaneiro e non puidemos asinalo por culpa do Goberno central ata o mes de novembro, e vostede vénme coa execución dese ano no mes de novembro, pois o 8 por cento está moi ben. (*Aplausos.*) Esas son as contas que vostede fai, señor Besteiro. ¿Que quere que lle diga? Non está mal unha execución nun mes dun 8 por cento. ¡Xa me gustaría que o seu Goberno se dedicara de verdade ao que se que se ten que dedicar e nos mandara os convenios a principios de ano para poder asinar!

Onte dixen que a vivenda era unha dos eixos centrais; de feito, a vivenda é un obxectivo principal desta lexislatura porque, sobre todo, se dirixe á xente moza. Onte explíquelles os motivos, pero está ben volver explicalos. É unha política transversal, impórtanos a todos e é unha política de futuro: preparar a Galicia de hoxe e dedicarse aos xoves porque van ser os que constrúan a Galicia de mañá. E o reto é moi grande —como lle dixen—, e o reto é facer todo o posible para que, primeiro, se formen en Galicia; segundo, poidan traballar en Galicia, e, terceiro, se queren, que todo o seu proxecto de vida estea aquí en Galicia. ¡Oxalá que sexa así!

Iso implica moitas cousas que facer. A primeira, a formación. Vostede non lle dá ningunha importancia a que sexamos a primeira comunidade autónoma, e a día de hoxe a única, onde a educación pública e universal é gratuíta dende a gardería ata que se sae cun grao universitario, pero eu doulle moita importancia. Igual que lle dou moita importancia á potenciación que fixemos da formación profesional, cada día máis prestixiada, cada día máis axeitada entre a demanda das empresas que necesitan cubrir vacantes e a formación da nosa xente moza.

Ao final, a igualdade de oportunidades é moi importante —aquí hai xente moza escoitándonos— e a educación ten que ser algo baseado na cultura do esforzo —eu falo tamén moito da cultura do esforzo porque creo nela sinceramente— e na busca da excelencia, e que as diferenzas económicas e as diferenzas xeográficas non sexan realmente diferenzas en Galicia, e que a xente moza chegue onde queira chegar. E por iso a educación pública e gratuíta é o primeiro reto fundamental que estamos abordando.

E o segundo é a vivenda. Onte dixen —e hoxe sae nos medios de comunicación— que triplicamos os fondos en vivenda. E somos conscientes de que a xente moza é a primeira demandante de vivenda, porque se non tes vivenda hai un montón de cousas que xa non te podes nin plantexar. Polo tanto, triplicamos os fondos. Temos medidas concretas para a



xente moza: Bono Alugueiro Xove, axudas para a hipoteca, imos multiplicar por dous... Cifras realistas. De nada vale, como fai o Goberno central, falar de cento oitenta mil vivendas públicas se non sabemos nin onde están; preguntámonos polas de Galicia e non son capaces de dicírnolas. Eu dígolle que nós nesta lexislatura pasaremos de 4.000 a 8.000 vivendas construídas pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E, por suposto, acataremos a lei, pero denunciaremos todas estas medidas que veñen na Lei de vivenda estatal que non están funcionando onde se están aplicando. Non vale de nada amedrentar os propietarios e criminalizalos. O que hai que facer é convencelos de que teñen que alugar vivendas en réxime normal, sobre todo a xente moza, e facer estímulo para iso e haberaos.

E as vivendas que construíamos no ano 2025 a Xunta de Galicia e que estean dedicadas a alugueiro, o 40 por cento para a xente moza; se é en venda, o 25 por cento. E creo que podemos falar moitas veces de políticas de vivenda, e espero que falemos durante estes próximos meses porque se verán realidades, e moitas desas realidades irán dirixidas á xente moza.

E unha última cousa —e remato xa, señor presidente—, terceiro reto: traballar. De nada serve asegurar vivenda, de nada serve asegurar formación se despois a xente moza non pode traballar aquí na súa terra, na que queren as oportunidades.

Polo tanto, todo iso do «canto peor, mellor», todos eses que espantan os investidores que queren crear riqueza en Galicia, todos eses terán en fronte á Xunta de Galicia e á xente moza, que confío en que esteamos á altura para que poidan facer o seu proxecto vital en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Eu falei dos fondos europeos porque eses fondos europeos de recuperación son trasladados de Europa a través do Goberno de España, pero son eses fondos que vostedes non querían, que o Partido Popular votou en contra. *(Aplausos.)* ¡Claro!, ¿que lle vou dicir? Eu non o oculto, é vostede o que ocultou que esas vivendas se van financiar cos fondos de recuperación. E non pasa nada por dicilo, non lle vai pasar nada por asumir esa realidade. Hai que aproveitala, o que lle digo é que eses fondos non van estar aí permanentemente, porque teñen unha finalidade e teñen unha temporalidade. Por tanto, aí é o que hai: mil quiñentas vivendas que non se van facer a pulmón —como lle gusta dicir a vostede—, senón con respiración asistida, porque son fondos que veñen de Europa e que non van durar —como digo— toda a vida.

Eu creo que ten que tomar medidas a curto, a medio e a longo prazo, porque como non construíron vivendas públicas durante os últimos quince anos agora hai que construílas, e vai pasar un tempo. Por tanto, medidas a curto:



Aínda que discutan no Constitucional a Lei de vivenda —que me parece moi ben que o faga—, o que ten que facer é, mentres esa lei está en aplicación, non obstaculizala. E ten que facer como fan outras comunidades autónomas, como fai Cataluña ou como fai o País Vasco: apoiar medidas como, por exemplo, das zonas tensionadas. Non deixar que o fagan outros; non, facer o papel que está facendo o Partido Nacionalista Vasco e o Partido Socialista en Euskadi. Si, colaboran activamente e non esperan a que cheguen os informes para despois dicir se se fará ou non. Por certo, deixar pasar un ano máis; esa é a proposta que fan vostedes. Non obstaculicen esa lei, presenten recurso contra ela se queren, pero, mentres estea en vigor, cúmprana.

Dous, penalice a especulación. O mercado por si só non produce efectos favorables para a mocidade na vivenda, todo o contrario. Penalice, que o pode facer, a especulación. Todo o mundo ten dereito a ter uns aproveitamentos dos seus bens, pero non especular, que é o que está acontecendo coa vivenda hoxe.

Tres, manteña un marco de seguridade xurídica tamén para os propietarios, e traballe para que polo menos baixe esa porcentaxe que teñen que pagar os mozos e mozas do seu salario para alugar unha vivenda, que non sexa máis do cincuenta por cento. Fíxese obxectivos e traballe neles; pónase, por exemplo, o trinta por cento do seu salario nesa renda xusta de alugueiro.

E a medio e longo prazo constrúan vivenda pública, non deixen todo en mans do mercado e da iniciativa privada, que é como están acostumbrados a facer. O mercado regularase por si mesmo, iso non é certo e produce efectos adversos.

Por tanto, fagan como a proposta do presidente de Cataluña —hoxe voulle falar eu de Cataluña, tan acostumbrado vostede que está a falar de Cataluña—, a proposta de onte: 1.100 millóns anuais para construír vivenda pública, permanentemente pública. Non son 125 millóns, tampouco lle pedimos que sexan 1.100, pero tamén é verdade que Cataluña non ten dez veces máis orzamento que a Xunta de Galicia. Iso si que é un compromiso. O que lle pido non é esa cifra, o que lle pido é determinación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, está ben que non me pida as cifras que acaba de anunciar de Cataluña. Mire: aquí somos realistas, nós ímolo dobrar. Está ben dicir que se van facer moitísimas cousas, despois era a comunidade máis endebedada de España, e que lle teñamos que pagar a débeda os demais e encima co seu aplauso, (*Aplausos.*) está ben.

A ver se entendo a súa teoría dos fondos, que é moi curiosa. Entón, os impostos que pagan os galegos e que despois nos chegan a través de transferencias do Goberno central, eses cartos non son dos galegos, son de Pedro Sánchez, ¿non?, porque nolos transfire o Goberno central. (*Risos.*) Si, é a súa teoría, señor Besteiro. (*Risos.*) (*Murmurios.*) É que está ben enténdelo.



(*Murmurios.*) Non, é que vostede non se dá conta das cousas que di. (*Murmurios.*) Os fondos do Goberno, dime. ¿Pero non lle chegan a través do Goberno? Pois entón son do Goberno. ¡Son da xente que paga os impostos e hai que mimalos! (*Aplausos.*) Señor Besteiro, ¡hai que mimalos!

A verdade é que estamos descubrindo moitas cousas nesta pregunta. Así que eu nas zonas tensionadas o que teño que facer é incumprir a lei. A Lei estatal de vivenda —que xa sabe a opinión que temos dela, pero temos que acatala— di que os concellos que a piden deben acompañar unha documentación; esa documentación valóraa a comunidade autónoma e, se se cumpre, declárase zona tensionada. Vostede acaba de dicir que non espere a que me chegue a documentación, que vaia directamente. ¡Alegría!, ¿para que están as leis? Para incumprilas cando convén. Este Goberno vai cumprir as leis aínda que non lle gusten, señor Besteiro. (*Aplausos.*)

E mentres, se tan boa é esa Lei de vivenda respecto das zonas tensionadas, ¿por que ningún concello socialista a ten solicitada a día de hoxe, señor Besteiro? Vaia contradición máis rara, ¿non? Ao mellor é que son máis prácticos ca vostede, que está aquí moi cómodo e fala en nome deles, e eles despois fan o que cren que lles convén. E o que lles convén non é aplicar esa lei; está claro.

Vostede pregúntame sobre as políticas do Goberno para afrontar os principais problemas que vive a mocidade. ¿Quere enfocala en vivenda? Acabo de falarlle de vivenda, pero son moitas máis cousas, ¡eh! Á educación vostede parece ser que non lle dá ningunha importancia. Debe ser que, como sabe que temos boas cifras, pois, entón, a ver o tema de vivenda, que temos que demostrar efectivamente moitas cousas nesta lexislatura. E ímolo facer, que non lle caiba ningunha dúbida, coa súa colaboración ou coa súa oposición. Pero tamén haberá que falar do que conseguimos ata o de agora. Mire:

Temos a taxa máis baixa de abandono escolar; iso tamén será traballar pola mocidade, porque se non hai formación, despois é moi difícil ter un proxecto de vida.

Tivemos o mes de setembro pasado a taxa máis baixa de mozos desempregados dende o ano 2005. Nos últimos catorce anos, señor Besteiro, chegaron a Galicia máis mozos dos que marcharon. Outro mantra da esquerda, o saldo migratorio. Pois é positivo nos últimos anos en 29.800 persoas de entre 16 e 30 anos; entraron en Galicia case trinta mil persoas mozas máis das que marcharon. Iso tamén hai que dicilo moitas veces. (*Aplausos.*)

Entrada de mozos con estudos superiores en Galicia provenientes doutras comunidades autónomas, tivemos a segunda cifra máis alta dende o ano 2009 no ano pasado. Polo tanto, Galicia crea oportunidades. E é o que temos que facer, se é que a xente moza é o noso futuro, e sen eles non hai nada.

Polo tanto, temos moitísimas medidas, teño aquí unha relación longa que non lle vou ler, debería coñecelas, pero, se non, pódollas facer chegar, que buscan axeitar, primeiro, formación; segundo, axeitar esa formación ao mercado laboral; terceiro, dar oportunidades; despois, fomentar o que a xente moza está buscando tamén, que no eido cultural é potenciar o enorme talento creativo que hai en Galicia, e facilitarlles o transporte para que poidan desprazarse pola comunidade autónoma de xeito absolutamente gratuíto. Hai moitísimas medidas dirixidas á xente moza.



Ao final, para conseguir que sexan independentes, que teñan o seu proxecto de vida, a emancipación é moi importante, señor Besteiro. ¿Sabe vostede que co Bipartito estamos á cola, a comunidade autónoma número 17, en taxa de emancipación? Agora melloramos, estamos entre a oitava e a novena.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ¿É para conformarse? Non. Temos que estar nos postos cabeceiros, pero é un avance importante.

O ano que vén nos orzamentos haberá por primeira vez unha axuda para axudar os mozos a emanciparse. Fóra dos gastos de alugueiro, fóra dos gastos de hipoteca —e para iso tamén terán axuda— unha axuda directa, cartos, para que poidan empezar eses primeiros gastos que son tan fundamentais cando un empeza a vivir independentemente. *(Aplausos.)*

En definitiva, señor Besteiro, apostamos pola xente moza, que estude en Galicia, que se forme en Galicia, que traballe en Galicia, que viva en Galicia, que é a súa terra. E, polo tanto, estaremos con eles.

Son moi diferentes as políticas respecto da xente moza entre as que temos na Xunta de Galicia e que ten, por exemplo, o Goberno central, que non ten ningunha política pensada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...de dar algún cheque. Nós poñemos cousas de balde para que todo sexa máis fácil; vostedes si que hipotecan a xente nova. Ese financiamento, eses anuncios alegres dos que nunca devolven as débedas que contraen son as que vostedes queren pagar. Iso si que é unha hipoteca. E con todas as forzas tamén por defender a xente moza opoñerémonos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...dende a Xunta de Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai da ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo Goberno do Estado no ano 2000

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, presidente.



Señorías.

Señor Rueda, hoxe poderíamos estar circulando por unha AP-9 gratuíta, pero seguimos pagando unhas peaxes que son unha estafa. ¿Sabe por que? Porque no ano 2000 o Goberno do Partido Popular de Aznar aprobou unha ampliación da concesión de vinte e cinco anos, deunos peaxes até o 2048.

Pero non contentos con iso, ese mesmo ano decidiron facer unha modificación da lei para que a autoestrada non tivese que ser cento por cento pública. E moi pronto, desde logo, xa soubemos para que. Porque no 2003 ese nefasto Goberno do Partido Popular decidiu privatizar a prezo de saldo a AP-9.

Por todo iso, seguimos pagando unhas peaxes que son unha estafa, e aínda non escoitei a ningún membro do Partido Popular, e tampouco a vostede, pedirilles perdón aos galegos e ás galegas. ¿Vaino facer hoxe, señor Rueda? *(Aplausos.)*

Ese é o legado do Partido Popular. Levan décadas boicoteando con saña tanto a transferencia como o rescate da AP-9. E aínda teñen a desvergoña de criticar o BNG por conseguir descontos históricos nas peaxes. ¡Cara de cemento armado, señorías do Partido Popular!, teñen a cara de cemento armado. *(Aplausos.)*

Este é o momento en que temos a oportunidade de poñer fin a esta estafa, grazas á porta que abriu a Comisión Europea, que di que é ilegal esa ampliación. Xa vemos cal é a relación que teñen vostedes coa legalidade.

E precisamente por iso o BNG encargoulle un estudo á Universidade da Coruña para calcular cal é o custo do rescate e tamén avaliar as vías xurídicas que pode haber. Este é un informe que fixeron dous expertos, o señor Carlos Aymerich e o señor José Antonio Blanco, que determina que o rescate non só é viable, senón que é a opción máis barata tanto para as arcas públicas como para os galegos e as galegas.

E permítame que lle destaque algúns puntos dese informe. O primeiro, moi importante, di que Audasa non ten dereito á indemnización por lucro cesante porque estamos falando dun contrato ilegal. E o segundo, que o custo do rescate serían 904,7 millóns de euros, porque ese é o seu valor de mercado, e o que ninguén entendería é que o público teña que pagar máis que os fondos voitre.

Polo tanto, 904,7 millóns de euros; nin os 4.500 millóns que dicía Rajoy, nin os 6.000 millóns que di Sánchez, nin tampouco os 2.355 millóns de euros do informe que encargou a Xunta de Galiza. Que miren que casualidade: encargáronlle ese informe a unha empresa que ten vínculos con Audasa. Miren que podían encargarlles ese informe ás universidades, miren que hai consultoras neste país, pero vostedes... —e aínda se rin; claro, é que se rin dos galegos e das galegas; efectivamente, é que se rin— *(Aplausos.)* acudiron a unha empresa que traballa sistematicamente para Audasa.

Señor Rueda, deixe de rirse dos galegos e das galegas e díganos en quen está pensando vostede, ¿nos intereses de Galiza ou nos de Audasa? *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, non me río dos galegos, ríome do morro que lle bota vostede algunhas veces. Mire que había xente para encargarlle ese informe, xente imparcial, e resulta que o informe o fai o portavoz do BNG de hai uns anos aquí no Parlamento. ¡Por favor! *(Aplausos.)* Señora Pontón, é que chega o momento en que vostede lle bota moito morro ás veces, pero é que ás veces é tremendo. E, polo tanto, a xente ten que saber iso, con todos os meus respectos: fala de imparcialidade e resulta que o informe llo fai o exportavoz do BNG. ¿En serio que estamos no día da marmota, señora Pontón?

O Goberno da Xunta está centrado —onte intentei explicalo e seguirei facéndoo as veces que faga falta— en que estamos traballando no presente para o futuro de Galicia, para mellores servizos públicos, para o futuro da mocidade, para todo o que os galegos esperan de nós. E vostede —perdoe que llo diga— segue absolutamente ancorada no pasado. Mire: primeiro, fan unha comisión de investigación para revisar as derrotas electorais que lles deu o señor Feijóo no ano 2009, no ano 2012, no ano 2016 e no ano 2020, e agora faime unha pregunta sobre unha decisión que tomou un Goberno no ano 2000, señora Pontón. Vostede saberá, eu non estaba aquí. Vostede si, xa estaba aquí de deputada e, polo tanto, terá moitos máis datos do que pasou no ano 2000 ca min. Pero, señora Pontón, en serio, agradézolle esta pregunta sinceramente. Moi ben o temos que estar facendo no ano 2024 para que vostede me faga unha pregunta sobre a decisión dun Goberno no ano 2000. Moi ben o temos que estar facendo, señora Pontón. *(Aplausos.)*

A min, sinceramente, como a moita xente, o nacionalismo sempre me pareceu e me parece que está un pouco trasnoitado, pero isto xa é outro nivel, señora Pontón. Permítame unha recomendación, que xa sei que non ma admite, pero unha recomendación: regrese canto antes ao futuro, que está vostede no pasado, ao futuro actual. Para nós o presente é o ano 2024; vostede hai oito meses que perdeu as eleccións e debería estar facendo oposición agora no presente, non no pasado, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Pero, claro, se o seu labor de oposición é facerlle oposición ao señor Aznar, comigo non conte para iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estamos no ano 2024. Probablemente vostede se pon brava con Aznar porque non é capaz de poñerse... A mansedume sempre a reserva para o mesmo, que é o que está en Madrid, o que non lles cumpriu nada do que lles dixo. Vostede prefire falar do pasado para non falar do presente, e o presente é que o señor Sánchez lles segue tomando o pelo absolutamente.

Cando firmaron o segundo Pacto de apoio de investidura, xa o dixeron en vivo e en directo os propios socialistas: asinamos este acordo de investidura, pero en realidade xa non nos fai falta, porque xa nos dan os números con outros socios. ¡E menudos números e menudos socios ruinosos para Galicia! A eses socios si que os respecta o Partido Socialista; a vostede, ¿que quere que lle diga?, absolutamente nada. Vén contarnos aquí outra vez que conseguiu descensos históricos. Pero ¿quen a cre, señora Pontón? *(Murmurios.)*



Agora vostede, primeiro, un respecto, porque ao mellor os cidadáns de Ferrol que conseguiron a ampliación da autopista naquel momento non pensan que todo foi un desastre. Xa sei que a vostede Ferrolterra ao mellor non lle importa moito, aos cidadáns de Ferrolterra si. Pero, en todo caso, é que me parece un pouco surrealista ter que falar sobre a decisión, tomáraa quen a tomara, o señor Aznar ou quen fora presidente nese momento, algo do ano 2000. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para estas cousas dígolle sinceramente: podía quedar un pouco máis na praza do Zócalo falando mal de España e, polo tanto, de Galicia tamén.

Moitas grazas, señora Pontón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, falou de pasado, do día da marmota. Día da marmota o que teñen os usuarios da AP-9 que temos que pagar peaxes até o ano 2048 polas decisións do señor Aznar. ¿Pero que tomadura de pelo é esa? (*Aplausos.*) Señor Rueda, ¿que tomadura de pelo é esa? ¿Como que a AP-9 e as decisións do ano 2000 son pasado? Non, non, é que son presente, señor Rueda. Presente: Audasa facendo caixa cunha prórroga ilegal que autorizou o seu partido, e vostede aquí manso e calado. É que nin vinte e catro anos despois é vostede capaz de criticar algo que decidiu en contra de Galiza o centralismo. Manso co centralismo e manso con Audasa.

Xa vexo, señor Rueda, si, que a vostede non lle interesa falar de Audasa, e tamén dá carnés de bos e malos expertos. Porque fíxense: cando os expertos son exdeputados —vostede falou onte dun aquí— que fan informes que vostede di que lle dan a razón, carné de bo experto. ¡Ah!, pero cando os expertos son exdeputados que non lle dan a razón ao Partido Popular nin a Audasa, carné de malos expertos. (*Aplausos.*) Un pouco de seriedade e de respecto polos expertos.

E, sobre todo, o máis importante, señor Rueda, ¿pode explicarnos por que o Partido Popular lle encargou un informe a unha consultora que traballa directamente para Audasa? Un informe, por certo, polo que pagamos 17.918 euros, nada menos que 448 euros por páxina, incluído o índice. Un informe que lle deu a dedo a unha empresa que ten un claro conflito de intereses; fíxese que nin tan sequera reconece que a prórroga é ilegal, como está dicindo a Comisión Europea. E un informe que vostede pretende que avale que lle paguemos 1.450 millóns de euros máis a Audasa do que corresponde polo rescate. Explíquenos, señor Rueda, por que vostede quere regalarlle a Audasa 1.450 millóns de euros máis polo rescate da AP-9 do que lle correspondería.

Si, isto é o que ten que explicarnos, porque é evidente que ese informe si que non é neutral; hai un conflito claro de intereses. E eu xa non entro nos vínculos desa empresa co PP, (*Murmurios.*) porque non me interesa. O que me preocupa é que vostede con cartos públicos pretenda seguir regando os beneficios de Audasa. Preocúpame que sigan sen pedirles perdón aos galegos e ás galegas por facernos pagar máis peaxes que o resto do Estado, para que as multinacionais fagan caixa con este país. E isto, señor Rueda, non é o pasado, é o presente de hoxe en día.



Insisto: explíquenos por que encarga un informe beneficioso para Audasa e, sobre todo, por que é incapaz de recoñecer o dano que o seu partido lle fixo a este país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, que quede claro: eu non critico de xeito persoal o señor Aymerich, do cal teño unha boa opinión. (*Murmurios.*) El si que creo que era un bo portavoz. O que digo é que todo o mundo está de acordo en que non pode ser exemplo de imparcialidade o exportavoz do BNG facendo un informe a favor do BNG, señora Pontón. (*Aplausos.*) Iso é o que ve todo o mundo.

A proba de que é vostede mansa —que xa vexo que lle gusta moito o termo— é que hai dúas ampliacións: unha acordada polo Partido Popular da concesión e outra acordada polo Partido Socialista. Á do Partido Socialista nin mu; non vaia ser que se moleste o señor Pedro Sánchez, e vostede antes de molestar o señor Pedro Sánchez fai o que faga falta para evitalo, señora Pontón. É así, a cousa é así.

¿Ata o ano 2048 imos pagar peaxes? Pero se vostede nos dixo que xa está todo arranxado. Se chegou aquí despois de firmar o pacto de investidura e díxonos: acordo histórico, todo solucionado. Xa nin se acorda do que vostede mesma di, señora Pontón. E non me estraña por que vostede é a primeira que é consciente de que lle tomaron o pelo.

Vostede pregúntame como valoro unha concesión, un contrato acordado no ano 2000. Voulle dar resposta. En principio, téñolle que dicir que moi ben. Xa lle digo: vostede leva seis anos contándonos que xa está todo arranxado, que os galegos poden estar tranquilos, porque grazas á forza inmensa do BNG, que é unha forza decisiva, que todo o mundo está mirando en Madrid todo o que fai, que decide o futuro de todos, e, como todo o mundo sabe, pois resulta que xa arranxaron absolutamente todo. E, ao final, non o arranxaron absolutamente nada.

Vostede vénme preguntar que opino do acordo ao que chegou o BNG co Partido Socialista na investidura, porque isto ía modificar a concesión. Podería dicirlle que está igual que no ano 2000, pero é que está peor; está peor porque despois de todos eses pactos históricos vostedes conseguiron este ano, como vimos, que a AP-9 sexa a autopista máis cara de España. ¡Ole!, o pacto que firmaron vostedes hai seis anos, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Este Parlamento adoptou varias decisións por unanimidade con respecto á AP-9. Se ao señor Sánchez lle dá exactamente igual, imaxínese o que lle importa a súa opinión e o que me está vostede dicindo agora mesmo, que conseguiu solucionar todos eses temas. Mire: ¿sabe o que vai pasar? Se ao final hai orzamentos estatais, cousa que cada día dubido máis, imos asistir ao paripé de cada ano, que é o *timo de la enmiendita*. Xa verá como, primeiro, o BNG dirá que



vai pedir non sei que a cambio de darlle o apoio ao Partido Socialista, despois contaranos que conseguiu non sei que despois de darlle o apoio ao Partido Socialista, e o Partido Socialista en Madrid —porque os de aquí van dicir o que digan en Madrid— dirá que quen son eses do BNG que veñen dicindo que conseguiron non sei que. E non haberá absolutamente nada, coma sempre, señora Pontón, como pasou coa autopista, exactamente igual. ¡Que nos vén contar aquí!

Póñase brava dunha vez. (*Risos.*) Ten unha moi boa oportunidade. (*Murmurios.*) Si, vostede fala de mansas e bravas e de mansos e bravos; polo tanto, eu podo falar tamén. Xa sei que lle molesta moito o termo porque sabe que é verdade. Sabe que todas as cousas que di aquí despois en Madrid non se atreven a repetilas, entre outras cousas porque os deixan en ridículo. Pero ten unha oportunidade. Estase debatendo agora no Congreso a transferencia da AP-9. O outro día pregunteille a Pedro Sánchez na Moncloa directamente que ía facer o Partido Socialista, se ía facer o mesmo que fixo a última vez: boicotear o traspaso, e deume unha inquietante e preocupante calada por resposta. Dicíalle onte na comparecencia que eu teño claro que vai facer o meu partido; supoño que vostedes nisto si serán coherentes.

Dígolle unha cousa: abandone esa mansedume, faga unha advertencia con consecuencias incluso nos pactos de gobernabilidade que teñen aquí. Se nos volven tomar o pelo en Madrid, tome vostede medidas. Entón, empezará a ser crible.

Estaremos moi atentos ao que faga o Partido Socialista en Madrid respecto da transferencia da AP-9 e o que fagan vostedes, e en función da decisión que tome o Partido Socialista. Porque dígolle unha cousa, señora Pontón,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...unha vez pódena enganar, a vostede xa a enganaron; dúas veces pódena enganar, xa a enganaron dúas veces. Pero cando enganan máis veces —imos ver o que pasa agora— corre o risco serio de pasar de vítima a corresponsable e cómplice. ¿A ver que fai, señora Pontón?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora unha alteración da orde do día consistente nunha pregunta ao Goberno.

Neste caso, a pregunta de dona Raquel Arias, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Arias Rodríguez.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Fálalle unha orgullosa veciña da Ribeira Sacra. O primeiro documento onde se fala de Ribeira Sacra baixo o nome de *Rivoira Sacrata* data do 21 de agosto de 1124 e asíno a raíña Tereixa de Portugal.

Hai pouco máis dun mes, o 21 de agosto deste ano, celebrabamos en Montederramo eses novecentos anos que marcan a identidade dun territorio máis alá da súa espectacular beleza. O acto estaba organizado polo Consorcio de Turismo, e alí, como non podía ser doutra maneira, tiña presenza tamén a Xunta de Galicia. Era un xesto máis cara á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio mundial.

Outro importante xesto ocorreu na fin de semana do 28 de setembro, cando todo o Goberno da Xunta, en apoio a esa candidatura da Ribeira Sacra, tiña unha xornada de traballo en Sober.

Onte, o mesmo presidente da Xunta, na súa comparecencia, falaba de importantes investimentos para artellar todo o expediente para a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio mundial.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro do ano 2018. Daquela, a Xunta aprobaba o BIC Ribeira Sacra, o BIC que marca o territorio no que vai ter lugar esa declaración de patrimonio mundial; 16.471 hectáreas repartidas en vinte e dous municipios das provincias de Lugo e Ourense. Unha enorme extensión que xa de por si é un reto para a declaración, pero unha oportunidade histórica para o territorio. Foi un BIC que chegou logo do diálogo.

Outra data destacable neste percorrido, no que o mesmo que na Ribeira Sacra hai outeiros e tamén costas, foi o ano 2021 cando, tras coñecerse o informe crítico do Icomos, se decide retirar cautelarmente para preparar e artellar mellor unha nova candidatura e chegar con máis posibilidades. A nova proposta deu como resultado unha relectura do espazo, deixando de lado os usos agrícolas e relixiosos e centrándose na auga.

En abril deste ano, na sesión 94 do Consello do Patrimonio Histórico Español que tivo lugar en Palma, acordouse por unanimidade que a candidatura da Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a UNESCO e optar así a ser recoñecida como patrimonio mundial.

Agora hai que traballar cara ao ano 2026, onde terá lugar ese recoñecemento, porque estamos seguros de que si terá lugar.

E hoxe queríámoslle preguntar cales son os traballos que está a facer e que vai facer a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos, señoras e señores deputados.

Moitas grazas por esta pregunta, que ademais vén moi acaída no proceso temporal no que nos atopamos neste momento importante, fundamental para a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio mundial.

Eu quería facer, en primeiro lugar, unha pequena composición de lugar no lugar no que nos atopamos. E facelo tamén poñendo en valor o que significa a declaración de patrimonio mundial e o que significou para Galicia nestes últimos anos.

En primeiro, quero poñer de manifesto —e creo que é un dato importante— que en España a día de hoxe existen corenta e nove bens declarados como patrimonio mundial. España hoxe é o quinto país do mundo que máis bens ten declarados como patrimonio mundial.

E Galicia, dentro desa lista de bens, ten incluídos catro, catro nada máis, catro bens que eu creo que é importante destacar pola súa importancia, a súa transcendencia e, sobre todo, o valor que adquiriron despois de conseguir a declaración de patrimonio mundial. Falamos do casco vello de Santiago de Compostela, falamos das dúas declaracións feitas en relación cos camiños de Santiago, falamos da muralla de Lugo e falamos da torre de Hércules.

Agora estamos no proceso da posible declaración dun quinto elemento, dun quinto ben que pode estar nesa lista de bens declarados como patrimonio mundial. Por suposto, estamos a falar, como ben apuntaba vostede, da Ribeira Sacra, que ten unha afección territorial importante. Eu creo que falamos deses vinte e dous concellos, como ben apuntaba vostede, que están distribuídos entre o sur da provincia de Lugo e o norte da provincia de Ourense; un contorno que destaca fundamentalmente pola súa impresionante manifestación da natureza e que, ademais, xa é a día de hoxe un dos maiores reclamos a nivel turístico e patrimonial de Galicia no panorama mundial.

É un espazo que é sinónimo —ademais, eu creo que é un valor fundamental tamén nesta declaración— de bo coidado, de coidado do contorno e do medio ambiente, en consonancia ademais tamén na mesma liña cunha alta preservación do noso patrimonio cultural e —como dicía antes tamén— dunha importante oferta turística. Ten sen ningún lugar a dúbidas un extraordinario valor universal excepcional.

A día de hoxe temos avanzado moito, como ben apuntaba vostede, despois desa decisión de atrasar o proceso de declaración de patrimonio mundial no ano 2021. Temos feito moitas xuntanzas, e eu aquí quero poñer en valor o traballo de todas as persoas, entidades, colectivos, concellos, deputacións, que fixeron posible que hoxe teñamos unha candidatura seria, unha candidatura solvente, e que poidamos conseguir despois desa primeira reunión, que eu quero agradecer especialmente ao embaixador de España na UNESCO, a Miquel Iceta,



a súa recepción, para que lle poidamos entregar esta primeira documentación que remataba o prazo no mes de setembro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e que poidamos continuar como despois lle explicarei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, señor conselleiro por esas explicacións.

O que está claro é que, igual que o Goberno galego, todos os que vivimos na Ribeira Sacra nunca deixamos de crer nas posibilidades deste territorio para inscribirse na lista de patrimonio mundial.

E o propio Consello do Patrimonio Histórico Español valorou moi positivamente a proposta promovida pola Xunta de Galicia, á que se referiu como exemplo de resistencia e calidade que serve de inspiración para toda España.

Grazas por iso, porque supón poñer en valor e protexer este territorio que hoxe é un espazo máis vivo, máis coidado e máis recoñecido, xa polo mero feito de ser candidato; un espazo para ofrecer ao mundo, pero tamén para mellorar a calidade de vida dos que alí vivimos, en 22 municipios das provincias de Lugo e de Ourense, pero, sen dúbida, terá tamén repercusións moi positivas para toda Galicia.

Cómpre facer tamén un recoñecemento expreso ao traballo do equipo técnico redactor da candidatura e —como vostede tamén moi ben dicía— á implicación da poboación local, dos técnicos axentes, do Concello e das demais administracións e entidades que se sumaron a este proxecto, convocados pola Xunta de Galicia, que é quen promove a candidatura, e a uns apoios que foron e serán, sen dúbida, importantes para o próximo momento, cando sexa declarado.

Por último, hai que poñer tamén en valor o investimento que a Consellería, que vostede representa, leva realizando para a conservación e a posta en valor do patrimonio da Ribeira Sacra. Dende o ano 2017, foron máis de oito millóns de euros en actuacións en máis de corenta bens patrimoniais, noventa actuacións en materia arquitectónica, arqueolóxica e en diferentes bens, como igrexas, mosteiros, museos, castros, xacementos romanos —como os de Proendos— etcétera.

Agora, a candidatura seguirá completándose ata esa meta do ano 2026, e vostedes tamén terán que seguir traballando...

Grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Resumiu vostede perfectamente o que se leva feito ata agora. ¿Que é o que imos facer e cal é a resposta á súa pregunta?

En primeiro lugar, temos previsto a celebración dun congreso internacional, ao cal están convidados os expertos a nivel mundial e, sobre todo, por suposto, representantes de todas as administracións e das comunidades autónomas do Estado, así como representantes tamén do país. Esperemos —como dicía antes— que poida acompañarnos tamén o embaixador de España na Unesco, Miquel Iceta, que foi o que recibiu a información e a primeira documentación no mes de setembro. Como dicía, ese congreso internacional celebrarase na Ribeira Sacra a finais do mes de outubro, con presenza de representantes de todas as comunidades autónomas do Estado, e por suposto, de persoas con ampla experiencia no mundo e no ámbito da declaración de Patrimonio Mundial.

Posteriormente, temos outro obxectivo temporal en xaneiro do ano 2025; momento en que se entregará o documento definitivo. Fixemos a entrega do documento no mes de setembro, estase avaliando, requirirannos a documentación e, no mes de xaneiro do ano 2025, teremos que ter presentado o documento definitivo da candidatura da Ribeira Sacra para Patrimonio Mundial. Unha vez presentado ese documento, posiblemente, no último trimestre do ano 2025, sexa o turno ou o momento de que os órganos consultivos —como ben apuntaba vostede—, o ICOMOS, fagan a análise e o estudo in situ e a supervisión do territorio. Estamos falando, posiblemente, a partir do mes de agosto ou setembro do próximo ano, do ano que vén, cando farán a comprobación deses valores excepcionais que acreditamos na nosa candidatura.

Este paso será o paso previo para que no ano 2026 —entendemos— esteamos pendentes da convocatoria da Unesco, normalmente no ámbito ou na contorna dos meses de xuño ou xullo. Nese momento, a Unesco reunirse, fará a súa reunión anual, para declarar os bens de Patrimonio Mundial, e estamos convencidos —esperemos— de que a Ribeira Sacra será un dos elementos singulares que acrediten e que acaden esa tan importante declaración.

É fundamental o traballo que fagamos agora, neste próximo ano e medio. Temos unha baza importante —vostede apuntábao perfectamente—. A Ribeira Sacra será a candidatura única do Reino de España no ano 2026. Tampouco o Reino de España presenta ningunha candidatura para o ano 2025, polo tanto, temos a gran vantaxe de que temos o apoio, por suposto, de todo o territorio e de todas as comunidades autónomas, e non me cabe ningunha dúbida, tamén do Goberno central e deste Parlamento para que consigamos ese obxectivo.

Creo que debemos ter altura de miras; creo que é unha oportunidade histórica; creo que estamos ante a opción de que ese quinto contorno, ese quinto Patrimonio Mundial, que é a



Ribeira Sacra, se sumará aos catro xa existentes, e sexa, polo tanto, unha realidade. E para iso necesitamos, por suposto, o apoio de todos: do Parlamento, das comunidades autónomas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e do Goberno central, que non me cabe ningunha dúbida de que o temos.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular, unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara e concordantes, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España:

- 1. Que cumpra o artigo 9 da Lei de dependencia e achegue os importes mínimos por cada dependente atendido establecidos no seu propio Real Decreto de reforma do sistema de dependencia e que está obrigado a financiar.*
- 2. Que salde a débeda con Galicia polo incumprimento do pago das contías mínimas das prestacións económicas dende a entrada en vigor do Real Decreto.*
- 3. Que cumpra a Lei de Dependencia que lle obriga a cofinanciar o 50% e salde a débeda acumulada con Galicia, en definitiva que aborde o déficit estrutural da financiación da dependencia.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Débase engadir ao final do texto da parte resolutiva o que segue a continuación:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Non reducir o seu investimento en políticas de atención ás persoas dependentes de maneira que se incremente o gasto por habitante para situalo na media do investimento estatal e, progresivamente, superalo.

b) Duplicar o persoal dos Equipos de Valoración e Orientación co obxectivo de rematar coa listaxe de agarda na tramitación das solicitudes de dependencia.

c) Elaborar e presentar na Cámara un Plan de ampliación do SAAD que inclúa as previsións para cada un dos servizos en función da demanda presente e futura así como un calendario de execución e o seu correspondente orzamento.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para que:

a) Conxuntamente co goberno autonómico se financie o custo da dependencia por ambas administracións de maneira equitativa ao 50%, de acordo co establecido na Lei de Dependencia.

b) Coordine as novas medidas e regulacións que supoñan a prestación de servizos de dependencia entre o ministerio e as CCAA.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Bos días.

O xoves pasado, os economistas Santiago Lago e Xaquín Fernández Leiceaga —persoa moi coñecida e espero que recoñecida por todos neste Parlamento— cifraban en 634 millóns de euros o impacto negativo que terá, para Galicia, a implantación do concerto fiscal para Cataluña.



Os datos aparecen no Informe elaborado polo Foro Económico de Galicia. Trátase dunha cifra moi semellante á cal avanzara xa a Xunta de Galicia e que, segundo o Foro Económico, podería chegar ata os 2.128 millóns euros, se se fai extensiva ás outras comunidades.

Preguntados polos xornalistas sobre se vían algún escenario en que o modelo de concerto nos puidese beneficiar, responderon, con contundencia, que ningún. En realidade, os galegos xa estamos moi acostumados a que todas as decisións que toma o Goberno de Pedro Sánchez directamente nos prexudiquen ou pertenzan ao modelo de «Eu invito e ti pagas».

Podemos falar de autoestradas, podemos falar de trens, podemos falar de facilidades para a implantación industrial ou de algo moito máis sensible que, dunha ou outra maneira, afecta todas as familias. Estoume a referir á Lei de dependencia. Como xa advertiu o Goberno galego en numerosas ocasións, o Estado incumpre sistematicamente a súa obriga de cofinanciar co cincuenta por cento a dependencia, xa que segue financiándoa escasamente cun trinta por cento, polo cal, na actualidade, acumula xa unha débeda a Galicia de 2.500 millóns de euros; (*Aplausos.*) dous mil cincocentos millóns de euros que son dos dependentes galegos e que se terían que estar dedicando á axuda no fogar, ás residencias, aos centros de día, aos cuidadores etcétera, etcétera. Ademais de non cumprir o financiamento cos galegos, o Goberno de Sánchez, como sempre, é absolutamente desleal: desleal coas comunidades autónomas, desleal cos concellos galegos e desleal cos dependentes.

Lonxe de mellorar a situación, o Goberno central está a agravala coa aprobación, en xullo do ano 2023, dun Real decreto, catro días antes de que fosen as eleccións xerais, que introduciu moitos cambios no acceso á dependencia; uns cambios que deberían ser positivos para os dependentes e que, finalmente, se converteron nun auténtico fiasco, porque o Goberno central incumpriu o que el mesmo dixo que ten que cumprir. Fixo o Decreto, como sempre, de espaldas ás comunidades autónomas e de espaldas aos concellos, catro días antes das eleccións, e obrigando a cumprilo en quince días, (*Aplausos.*) sen aportar nin un euro ou, polo menos, aportando moitísimo —moitísimo— menos do que tiña que aportar. (*Aplausos.*) Isto fixo que Galicia teña, a partir dese decreto, un sobrecusto de 80 millóns de euros anuais, que terían que pagar os dependentes..., ¡non!..., que tería que pagar o Goberno do Estado, pero como o Goberno do Estado non os paga, págaos a Xunta para que non os teñan que pagar os dependentes.

E ademais deses millóns, 12 millóns correspóndense co incumprimento do Goberno central do seu propio decreto, xa que está pagando menos do que el mesmo fixo para os graos 1 e 2. Exactamente, o Goberno central paga 76 euros ao mes por dependente de grao 1 atendido, mentres que o seu Real decreto establece que ten que pagar un mínimo de 100; e paga 130 euros ao mes por cada dependente de grao 2 atendido, mentres que o seu mesmo Real decreto di que o Goberno do Estado tería que pagar 150 euros ao mes. E, encima, non é un importe fixo mensual porque a Xunta de Galicia segue dando altas e séguese incrementando a débeda. E esta norma variou tamén as intensidades do servizo de axuda no fogar: entre un 85 por cento para o grao 1 e máis dun 34 por cento para o grao 3, que afecta ás administracións locais. O Goberno central actuou tamén, neste caso, sen consultar cos concellos, sen preguntar aos concellos se terían capacidade para ampliar estas horas en só quince días, se os contratos que tiñan ían poder asumir esas horas a maiores e se terían persoal para facelo.



Ante esta situación, a Xunta de Galicia tivo, unha vez máis, que incrementar os complementos autonómicos para que os galegos con dependencia non tivesen que pagar máis polos mesmos servizos e para axudar os concellos nunha situación que lles está resultando insostible. Pero o chamativo da situación —e no cal eu hoxe quero poñer o acento, unha vez máis— é que o Goberno central puxo as normas, púxose a si mesmo uns deberes, e, logo, non cumpre absolutamente nada, mentres obriga a que a Xunta e os concellos si o cumbran, (*Aplausos.*) e mentres deixa os dependentes sen ter a atención que merecen.

A Xunta de Galicia si cre na atención aos dependentes, na necesidade que teñen as familias galegas e nos dereitos que a lei lles dá e que, ademais, merecen os dependentes galegos; por iso no ano 2024, o orzamento da Xunta para este ámbito é de 655 millóns de euros, é dicir, un 24,2 por cento máis que o ano pasado; un importe que tería que ser de 900 millóns de euros, se o Estado pagase o que tería que pagar. Aínda así, a Xunta de Galicia está conseguindo sen a axuda do Estado —que por lei lle corresponde— multiplicar por cinco o número de dependentes atendidos: uns 75.850 neste momento; está conseguindo multiplicar por tres o número de residencias; está conseguindo multiplicar por seis o número de centros de día públicos e ter 143 casas do maior, cando non había ningunha en todos os municipios máis pequenos, que non teñen capacidade para ter unha residencia.

A Lei da dependencia é —como dicía— un tema de especial importancia para o Goberno galego; un tema de que levamos falado moito, tanto neste pleno como en comisións, pero que desgraciadamente, segue estando de actualidade porque os incumprimentos do Goberno do Estado nesta materia afectan negativamente á calidade de vida da maioría dos nosos maiores e tamén da de todas aquelas persoas que teñen algunha discapacidade e da das súas familias.

Por iso eu hoxe pido que, dunha vez, non só apoiemos aquí esta iniciativa, como fixeron outras veces algúns dos grupos —outros non—, senón que, efectivamente, pido que poñan as medidas para que sexa posible e isto se leve cabo. Trátase simplemente de que o Goberno central cumpra coas obrigas que el mesmo estableceu.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Espiñosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidente.

Deputadas deputados.

Bos días a todos.

Hoxe aquí imos ver a dupla vara de medir do Partido Popular. E vou empezar cun exemplo moi claro.



Hoxe a Xunta de Galicia negouse a suspender as clases dos nenos, pero Rueda chegou vinte minutos tarde a este pleno, aínda que viña en coche oficial. Iso si que é tamén unha dupla vara de medir: (*Murmurios.*) para uns si e para outros non. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señora Arias e señores e señoras deputadas do Partido Popular, os socialistas somos defensores das políticas sociais, das cales estamos moi orgullosos. Quero recordarlles que o vindeiro decembro fará dezaioito anos que aprobamos, co presidente Zapatero á fronte, a Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en dependencia. Iso dise cun refrán noso, que o vou reproducir en castellano porque é como é: «*obras son amores y no buenas razones*».

E é precisamente, debido a que cremos nese dereito dos cidadáns e a que o coidamos, que vou empezar co Informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, que espero, señora Arias, que non me diga que foi feita por algún afiliado do Partido Socialista. E este informe sitúa Galicia á cola en atención a dependentes e como unha das comunidades autónomas que fixo caixa cos incrementos dos fondos que transfere o Goberno central para estes servizos. Este informe —sobre o cal logo volverei— indica que Galicia ten a menor porcentaxe de persoas atendidas sobre a poboación potencialmente dependente; un informe que xa dixo o presidente, o señor Rueda, que non lle gustaba porque di verdades que non quere asumir. Quizais, o motivo desta proposición, e tamén doutra exactamente igual que se levou, hai uns días, á Comisión —exactamente co mesmo contido co que hoxe a traemos aquí—, é que queira ser unha cortina de fume para tapar os datos que refire ese informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Os socialistas levamos moito tempo denunciando que o Partido Popular olvidaba os máis vulnerables, pero agora reafirmámonos e, ademais, temos un informe neutral que apoia as nosas teses.

Tamén sinalabamos na Comisión, o pasado día 26 de decembro, que o artigo 59 da Lei de servizos sociais do ano 2008 —¡si!, do ano 2008—, aprobada por ese Goberno que non lle gusta nada, é dicir, polo Goberno bipartito, establece que a competencia da Xunta de Galicia é o liderado dos sistemas sociais, e, polo tanto, a planificación dos mesmos, coa colaboración estratéxica do Plan de servizos sociais e dos plans de programas sectoriais. Diciámolo onte —e repetímolo onte—, ese plan estratéxico, dende o ano 2008, nunca foi aprobado e pasaron xa dezaseis anos; isto demostra a falta de implicación da Xunta no liderado do Sistema galego de servizos sociais. E preguntámonos os socialistas: ¿por que nunca se desenvolveu?; ¿cal é o motivo polo cal nunca se levou a cabo o desenvolvemento desta ferramenta?; e, ¿por que o Goberno da Xunta de Galicia non toma o liderado nestas funcións? A esta pregunta, señora Arias, si que me gustaría que respondese como partido que apoia o Goberno da Xunta de Galicia.

Dicía que ía volver ao Informe do Observatorio Estatal da Dependencia —e volvo—, porque é infame a posición que ocupa Galicia dentro das comunidades autónomas. Ese Goberno de que vostedes falan, o Goberno de Pedro Sánchez, si que cumpre e puxo en marcha un Plan de choque para os anos 2020-2023. E fronte ao incremento do 138 por cento do gasto en materia de dependencia, que incrementou o Goberno de Pedro Sánchez, a Xunta decidiu recortar o seu gasto nun 6,4 por cento. Esta é a realidade, é dicir, un 138 por cento máis fronte a un 6,4 por cento menos. Non é só unha cuestión de recortar diñeiro para un colectivo



que morre sen recibir a súa prestación, pois, Galicia é a comunidade autónoma con menor porcentaxe de persoas atendidas sobre a poboación potencialmente dependente: soamente un 16 por cento fronte a un 23 por cento da media nacional; isto supón unha irresponsabilidade maiúscula da Xunta de Galicia, e atrévase a traer aquí hoxe esta iniciativa.

E non vale que me digan —como dixo o señor Rueda ou como dixeron na Comisión— que a poboación sobre a cal se estuda non é adecuada porque a poboación é exactamente a mesma para todas as comunidades autónomas de España. Chama a atención que, ademais, falen de temas, como é a axilización da burocratización, sobre a cal estamos á espera de que fagan algo neste senso. É moi triste que a Xunta de Galicia, ademais, estea ateigando os concellos con responsabilidades, e que teñamos situacións como a provincia de Ourense, que presenta índices de espera nunca vistos ata agora.

Como me queda pouco tempo, voume centrar no que vostede dicía. Voulle dicir que, se volvemos ao Informe do Observatorio Estatal da Dependencia, tamén nos menciona clarísimamente —e é a triste realidade— que o Goberno de Pedro Sánchez, no ano 2021, puxo fin aos recortes no Sistema de atención á dependencia realizados polo Goberno de Mariano Rajoy no ano 2012. E dígolle exactamente: o Real decreto lei 20/2012. Pero cando gobernaba Rajoy e pechou o grifo, estaban caladiños; e hoxe, que governa o Partido Socialista e Pedro Sánchez, volven dar pulo a unha lei e reclaman —¡ cousas veredes! —.

Eu soamente voulle pedir, señora Arias, que, na súa réplica, me conteste a unha pregunta —exclusivamente a unha pregunta—: nos anos en que gobernaba o señor Rajoy, cando recortou todos os fondos á dependencia en Galicia —que é cando se orixina esa débeda que vostedes reclaman—, ¿nalgún momento fixeron algunha reclamación especial? (*Aplausos.*) Soamente quero que me responda a isto. (*Aplausos.*)

Voulle mencionar algo máis que refire ese informe. No gasto público da dependencia, o Goberno de España aportou o 54 por cento e a Comunidade Autónoma aportou o 46 por cento, dentro dese Plan de choque; polo tanto, ¿onde está a preocupación da Xunta de Galicia? Tamén podemos dicir que a media de gasto público por persoa dependente en Galicia volve afastarse da media nacional: afástase un 22,55 por cento; polo tanto, o gasto público por habitante, como consecuencia de todo isto, baixa, señora Arias. Non é verdade o que vostedes dixeron. Polo tanto, dito isto, deixen de recortar diñeiro e deixen de olvidarse dos dependentes.

E nós si que presentamos unha emenda porque cremos que debemos ir ao 50 por cento; estamos totalmente de acordo: o 50 por cento da Xunta de Galicia e o 50 por cento do Goberno de España. E, por suposto, estamos de acordo tamén en que se pacten os novos temas, en que se queira entrar, a respecto da dependencia, pero non falten á verdade. E, por favor, non retorzan os números, porque os dependentes si que están esperando por vostedes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...e nunca —nunca— chegan.



Termino xa, presidente, dicindo que, no Partido Socialista, estaremos á súa disposición para solicitar calquera mellora no noso Sistema de dependencia que, no día de hoxe, si que segue esperando pola Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

¡Teñen a cara de formigón armado!; ¡pero é que teñen a cara dun tamaño, de verdade, señorías do Partido Popular, máis ancha que a espalda de todo este Parlamento xunto!; ¡teñen a cara máis longa que a espalda da AP-9, que, se pasas polo arco da peaxe e segues pagando unha peaxe absolutamente abusiva é grazas á ampliación da concesión firmada polo Partido Popular, con José María Aznar, no ano 2000!; ¡e teñen a cara de formigón armado, lanzando aquí acusacións e dando golpes de peito por unha débeda en materia de dependencia con este país que causaron, entre outras cousas, os recortes salvaxes en dereitos e en orzamento aprobados polo mesmo Goberno do Partido Popular! (*Aplausos.*) ¡Teñen a cara de formigón armado!

Eu xa non vou dicir que levamos debatendo e votando esta iniciativa desde hai quince días. (*Aplausos.*) Pero ben —insisto—, porque, ¿lembran vostedes a Siniestro Total e aquela canción «¿Quiénes somos, de dónde venimos y a dónde vamos?»; ¿como empezaba aquela tremenda canción do punk deste país? «¿Cuándo fue el gran estallido?»». Foi co Real decreto 20/2012, do Partido Popular, asinado por Mariano Rajoy. E recordamos poucas veces aquí o que supuxo ese terrible grande estalido; ese terrible real decreto indigno que recortou, de maneira salvaxe, orzamentos e dereitos para as persoas dependentes en Galiza e no conxunto do Estado español. ¿Que dicía aquel real decreto, polo cal aínda estamos pagando hoxe as consecuencias das decisións —insisto— absolutamente indignas do Partido Popular?

No ano 2012, vostedes aprobaron, señorías do Partido Popular e señora Arias, que aquelas persoas solicitantes do grao de dependencia, que aínda non tivesen a resolución feita, tiñan que quedar en suspenso durante dous anos; durante dous anos houbo xente esperando por unha decisión do Partido Popular. Recortaron no quince por cento as prestacións económicas; reduciron ao trece por cento o nivel mínimo do financiamento que aporta o Goberno español ao financiamento da Lei de dependencia; diminuíron as intensidades horarias de todos e cada un dos servizos integrados no catálogo en materia de dependencia. E algo que entendo, vendo o recorrente debate en que estamos neste Parlamento —algo que lles interesará do que vostedes fixeron, señora Arias e señorías do Partido Popular—, é que Rajoy, vostedes, o Partido Popular, suprimiron os concertos en materia de financiamento coas comunidades autónomas na *Ley de presupuestos generales del Estado*, de 2012, de 2013,



de 2014 e de 2015, é dicir, 238 millóns de euros ao ano que recortaron a Galiza, ás dependentes galegas e ao conxunto das persoas dependentes do Estado español.

Vou volver facer a mesma pregunta a este Parlamento: «¿De dónde venimos?». «¿Cuándo fue el gran estallido?» —que dicía Siniestro Total—. ¿De onde vén a débeda que vostedes reclaman agora con tanta intensidade, señora Arias e señorías do Partido Popular?; ¿de onde veñen os 2.500 millóns de euros que debe o Goberno español, a Administración xeral do Estado, a este país e ás dependentes galegas? Dos recortes salvaxes en dereitos e en financiamento ao Sistema de dependencia, asinados, do puño e letra, polo Partido Popular. (Aplausos.) ¡Teñen a cara, de verdade, que non sei como entran pola porta deste Parlamento! (Aplausos.)

¿E que facían daquela? Voulle responder eu —se me permite—, señora Espinosa. ¿Que facían vostedes daquela neste Parlamento, señora Arias? Porque a vostedes entroulles a ansia por reclamar os dereitos. ¿Recortáronlles dereitos ás persoas dependentes?; ¿deixaron en suspenso aos solicitantes?; pero é que expulsaron do Sistema da Seguridade Social as mulleres cuidadoras desas persoas nas súas casas, ¡¿eh?! Deixáronas sen dereitos e sen cotizacións á Seguridade Social. ¿Que facía o Partido Popular daquela? Pois aí está o *Diario de Sesións* para quen o queira ver; eu trouxen unha escolma —se se me permite— a respecto simplemente das propostas de resolución que trouxo o Bloque Nacionalista Galego a este debate de política xeral, ao debate do estado da nación no ano 2013. ¿Que fixo o PP? Votar en contra. ¿Que fixo o PP no ano 2014? Reclamabamos a restitución dos dereitos; que se incrementase o financiamento; que se garantise, en definitiva, o cumprimento por parte do Goberno do Partido Popular, en Madrid, dos preceptos que establece a Lei de dependencia. Vostedes votaban en contra. ¿Que facían, no ano 2015, vostedes, señora Arias? No ano 2015, votaban en contra do que agora reclaman cun fervor que —se me permite— non hai quen crea —¡non hai quen crea!—, porque a vostedes non lles importan, nin o máis mínimo, as persoas dependentes deste país. Úsanas, instrumentalízanas para ter algo que tirar no pico da cabeza ao outro, pero iso é indigno, e iso non debería ser aceptable.

Nosoutras —que, efectivamente, xa estabamos aquí cando gobernaban os outros en Madrid— pediámolo antes, pedímolos hoxe e pediríámolo no futuro, se fose necesario. Desde o BNG, hai quince días, votámoslles a favor. Nós si, cando pediamos. Non cambiamos, en función de quen estea sentado na Moncloa, o que son as xustas demandas da cidadanía deste país, e máis especialmente das persoas vulnerables, porque a nós, ao BNG, si que nos preocupa cal é a situación das persoas dependentes e a débeda histórica que ten a Administración xeral do Estado coas dependentes e co conxunto da sociedade galega —insisto—, responsabilidade practicamente directa, en exclusiva, do Goberno do Partido Popular.

¿Nós que dicimos?: reclámese o que se debe a este país, eses 2.500 millóns de euros que, entre outras cousas, na súa maior parte, esa débeda foi xerada polos recortes salvaxes do Partido Popular, pero poñamos deberes á Xunta de Galiza.

Onte houbo un momento en que o presidente do Goberno deste país, o presidente da Xunta, dicía que ninguén lle preguntaba por ese anuncio dun Decreto de simplificación administrativa nos trámites de recoñecemento da dependencia; un decreto que hai un ano



que está en vigor e xa está dando problemas. Sabíámolo todos, menos el —supoño—, que non sabe, nin sequera, cales son as cousas que publica o seu Goberno no *Diario Oficial de Galiza*.

O que queremos no BNG é dar saída a esa cantidade de xente que, neste país, está esperando a que se cumpran os seus dereitos e a que se lle garanta o acceso aos servizos que ten, por lei, recoñecidos. Por iso o que pedimos —que é o que necesita tamén este país— non é só que se pague o que se debe, senón que se cumpra co que establece a lexislación; e para iso —aí vai a nosa emenda— é necesario duplicar os equipos de valoración e orientación: estállo dicindo o Colexio de Traballo Social; estállo dicindo as persoas que traballan nesas equipas; estállo dicindo as persoas dependentes e tamén o BNG. Se queremos cumprir cos tempos de tramitación, desde que se solicita a dependencia, até que, de maneira efectiva, se accede aos servizos e ao recurso, necesitamos persoal, porque hoxe en Galiza tárdase máis dun ano para un trámite para o cal di a lexislación que ten que facerse nun período de seis meses. Necesítanse máis profesionais nos EVO e unha Rede de servizos públicos en materia de coidados e en materia de dependencia á altura das necesidades deste país. Hoxe o que temos é moitísima xente que ten recoñecida unha praza de residencia, unha praza de centro de día ou un servizo de axuda no fogar e que non pode acceder a eles porque non hai recursos nin servizos suficientes para darlle a atención, unha, que merece, dúas, que necesita e tres á que ten dereito.

Por iso lles pedimos, en primeiro lugar, máis persoal para os EVO; en segundo lugar, máis servizos públicos a través dun plan de ampliación do sistema de atención e axuda á dependencia en Galiza; e, en terceiro lugar, efectivamente, máis cartos. Pedimos, para empezar, que o Goberno da Xunta do Partido Popular non deixe, cada vez que o Estado mete un euro, de sacar un euro do investimento do Goberno galego; pedimos que se manteña nos orzamentos para 2025 o nivel de investimento da Xunta de Galiza por persoa declarada dependente de maneira efectiva, porque hoxe estamos á cola —estamos á cola—. Somos os terceiros, empezando por abaixo, en nivel de investimento por habitante en dependencia —por habitante en dependencia—. Estamos lonxe da media do Estado e moi —moi— afastados do País Vasco, de Extremadura, de Castela e León ou de Asturias, que están investindo o que corresponde, e que —insisto— non retiran un euro do seu Goberno autonómico cando a Administración xeral do Estado cumpre en materia de financiamento.

Por iso estamos de acordo, reclamemos. Púidolles vir a ansia antes, cando eran vostedes os que recortaban cartos e dereitos en materia de dependencia. Rectifiquen, acerten e teñan en conta as aportacións do BNG, porque hai que pedir a España, pero tamén hai que dar trigo aquí en Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.



Eu voume cinguir ao que pide a proposición non de lei porque, ante a proposta do Partido Popular, aquí saen a colación 50.000 cousas —pois si— que, posiblemente, garden algunha relación, pero que cumpren a función diso que se chama o «arenque vermello», ou sexa, despistar por todos os lados e mesturar, no tratamento da cuestión, outras cuestións, efectivamente importantes, pero que non son o centro da cuestión que se está proponendo no momento.

O que está pedindo a proposición do Partido Popular é reclamar ao Estado central os cartos que se deben a Galicia e, por tanto, aos concellos e, por tanto, aos dependentes, finais destinatarios destes servizos. E penso que, aínda que a portavoz do BNG, ao final, recoñeceu que, efectivamente, hai que apoiar a petición porque xa só faltaría que non se pedise que o Goberno central cumpra coa súa obrigaón de mandar os cartos, máxime cando é no cumprimento de normativas, pois eles mesmos fixeron decretos e —como se dicía tamén—, ás veces, decididos de xeito unilateral, sen dar opción á outra parte a escoitar.

A min faime moita gracia que, cando o Partido Popular fai referencia ao Goberno bipartito, do Partido do Partido Socialista e do Bloque, como a orixe do problema que se segue tratando, no Bloque e no Partido Socialista se alporicen. Cando din: «Non, é que isto vén do Bipartito». «¡Bah, o Bipartito foi no Paleolítico!» E, despois, agora eles sacan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ver, ao mellor con toda a... Eu non estou dicindo que estea mal, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero é que non se pode ter dúas varas de medir. Cando se esixen responsabilidades históricas (*Murmurios.*) dun Goberno do Bipartito, pois haberá que asumilas, do mesmo xeito que o Partido Popular tamén terá que asumir, na medida que lle corresponda, a súa responsabilidade na orixe dos problemas situados no pasado. Moitas veces é moi difícil: ¿ata que parte do pasado nos retrotraemos? ¡Porque, claro!, alguén pode dicir que eses recortes, así chamados «recortes do Partido Popular», teñen causa, ao mellor, nalgunha situación anterior que, como dicía Daniel Kahneman, entón: ¿onde poñemos a áncora?; ¿onde poñemos a orixe inicial do problema?

¡Bueno!, quero dicir que, loxicamente, hai moitos temas relacionados con este, pero a petición do Partido Popular é moi concreta; ou sexa, e voume cinguir sinxelamente a ela. A min tamén me fai moita gracia que todas as proposicións aquí sexan sistematicamente emendadas, tanto as duns como as dos outros; isto parece a lei de acción e reacción. Ante todo, toda proposta que fai calquera dos partidos aquí presentes nunca se pode tratar de xeito directo; sempre ten que haber algún tipo de emenda, que, moitas veces, non é máis que un colchón, unha especie de amortiguación do problema por parte dos outros, porque, moitas veces, as emendas son emendas, ou sexa, non son outras mocións que poderían traerse a colación. Quero dicir que por parte do partido do Goberno central é moi fácil disparar con pólvora das autonomías, con pólvora dos concellos e con pólvora dos destinatarios, que, ao final, son os que cargan co resultado de todos os problemas.

Dicía tamén, non sei que estadista do pasado, que nos problemas do Exército, ao final, era a Infantería que cargaba con todas as deficiencias. En toda a cadea de mando íanse superpoñendo os problemas e, ao final, a pobre Infantería cargaba con todo. Dicía, non sei se era Bismarck ou un deses, ¿non?; dicía que os de Cabalería aínda podían botar a culpa ao



cabalo, pero os de Infantería, ao final, tiñan que apandar con todo. E aquí pasa cos dependentes: ao final, os dependentes teñen que cargar con todas as cuestións.

Como digo, estando moi ben as reflexións que fan todos os grupos —tratando de botar cada un aos demais a parte de culpa abstracta que poidan ter—, a proposición do Partido Popular é moi clara: está pedindo que o Goberno central aporte os cartos que ten que aportar, moi necesarios... Ademais, é un Goberno que se supón que ten entre as súas prioridades esta clase de servizos, ¿non? Se fose un Goberno de Vox ou doutro partido, ao mellor, sería máis comprensible a desidia, pero no caso do Partido Socialista de España, que ten nas súas prioridades, como todos os partidos dese signo político, a atención aos máis débiles, a atención aos máis dependentes, non é de recibo a desidia nesta clase de cousas.

Ou sexa, pedimos que transfira eses cartos canto antes, que cumpra cos seus compromisos e, sobre todo, cando cargue novas responsabilidades ou novas competencias noutras administracións, que vaian acompañadas de cartos, desde logo e, sobre todo, tamén que se dea voz, antes de facer ese tipo de transferencias, á administración destinataria delas, polo menos, para escoitar o que teña que dicir.

Con isto, quero dicir que apoiaremos a moción do Partido Popular.

E nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Espinosa, vostede como ministra que foi sabe perfectamente que os niveis de alerta son determinados en base ás previsións da Axencia Estatal de Meteoroloxía, que é quen ten as competencias para iso. Pois axúdenos a que nos transfiran as competencias a MeteoGalicia. (*Aplausos.*)

E, o que vén a continuación vai para os dous, para os socialistas e para o Bloque Nacionalista Galego. Mire, señora Espinosa, chamarse «socialistas» non é, para nada, e moito menos nestes tempos, sinónimo de ser un Goberno social. Para nada.

E a señora Rodil está para falar de cara de formigón. —Si, si está—. Á señora Rodil o que lle pasa é que os dependentes galegos e as súas familias teñen que sentirse absolutamente estafados polo Bloque Nacionalista Galego; un Bloque Nacionalista Galego que, para facer o *tweet* social aquí, en Galicia, di que está a favor de que nos aporten o cincuenta por cento, pero logo, no ano 2019, asinou un convenio co Estado para darlle o Goberno a Sánchez, e incluíu ese cincuenta por cento e nunca llo pediu; no ano 2023, volveu asinalo e nunca llo pediu. Pero resulta que, ¡oh!, oímos estes días que, se o Goberno de Sánchez dá cartos a Altri, entón retirarán o apoio ao seu Goberno; ou



sexa, por Altri si, pero polos dependentes galegos non. (*Aplausos.*) ¡É o BNG máis radical, o BNG de toda a vida, coa ideoloxía como única bandeira! ¡Iso é o que teñen! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero estamos na Galicia real, na Galicia real, dun Goberno real, e non dese Goberno (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que din que ten na sombra o Bloque Nacionalista Galego. E neste Goberno real o que está pasando é que Rueda dedica neste ano 2024 un 12 por cento máis á dependencia que no ano anterior, e que onte mesmo dixo que se ía incrementar nos orzamentos do vindeiro ano, e que tamén se ía incrementar a axuda no fogar; a axuda no fogar é competencia municipal, á que a Xunta de Galicia dá 12 euros por hora e o Goberno do Estado, 2,5 euros. Esa é a realidade. E mire, o Informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais di que a aportación do Goberno foi, no ano 2023, do 29 por cento dos custos fronte ao 71 por cento das comunidades autónomas. Temos unha débeda de 2.500 millóns, e nós si que lle exixiamos tamén a Rajoy que nola pague. O feito é que no Goberno de Rajoy a débeda era de 1.000 millóns, e agora é de 2500 millóns. É fácil saber quen é o moroso de verdade; é fácil saber quen é o que ten a maior débeda.

E o último informe publicado pola Asociación Estatal de Directores e Xestores de Servizos Sociais o que di, señora Espinosa, é que a nosa comunidade se sitúa nove puntos por riba da media nacional no gasto en servizos sociais; e neste ano 2024 o investimento de Galicia acadou os 476 euros por habitante fronte aos 436 de España.

Respecto do conxunto do orzamento que temos (*A señora Arias Rodríguez mostra un documento.*) somos a cuarta comunidade que máis investimos en servizos sociais. E que vostede me diga que hai que ter en conta as persoas potencialmente dependentes para facer os cálculos, paréceme que non é realista porque o Goberno en ningún momento, en ningunha epígrafe, valora ese dato; ese dato que ten en conta o Informe, pero que non é real porque considerar que unha persoa de sesenta anos é potencialmente dependente na actualidade non é real, e así o recoñece o Goberno do Estado, que non dá ningunha aportación para estes dependentes.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: E claro que, neste caso, sempre Galicia vai saír prexudicada porque temos persoas maiores.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, sobre as emendas, simplemente, quero agradecerlle ao señor Ojea o seu apoio. Efectivamente, como el dicía, eu tamén digo que se trata de centrarnos na proposición e na proposta que traemos e non de intentalo derivar a outras cousas. ¿Queremos apoiar os dependentes, si ou non? E non só se trata, señora Rodil, de dicir aquí que si, exixan en Madrid. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro vitícola de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Bo día, señor presidente.

Señores deputados e señoras deputadas.

¿Saben que é o Rexistro vitícola? Pensen... *(Pausa.)* Digo isto porque igual están pensando, igual están cavilando: xa están estes do BNG, estes do Bloque, estes comunistas marxistas-leninistas, perdedores de eleccións e cómplices dun Goberno bolivariano de Madrid, estes controladores pedindo un rexistro; xa están os do BNG pedindo que nos teñamos que rexistrar para tomar un viño. Estes do Bloque comezaron coas galiñas e cos galiñeiros, e agora seguen co viño. Coñecendo a bancada seguro que están pensando nisto para me respostar. Como dicía o ensine «M. Rajoy»: *¡viva el vino! (Risos.)* Perdón, desculpen porque «M. Rajoy» non foi aínda identificado polos estupendos xuíces e investigadores do Estado español. ¿Por que digo isto? Porque para vostedes só conta o viño, a viña non existe.

Señorías, ¿que é o Rexistro vitícola? Pois o Rexistro vitícola creouse xa hai uns cantos anos, concretamente o 29 de maio de 1987; estamos, polo tanto, ante unha ferramenta que xa leva en marcha dende o pasado século e que foi creada por orde do Ministerio de Agricultura. A pesar de que se iniciou esta ferramenta hai preto de corenta anos, segue sen estar debidamente actualizada, segue sen funcionar. Mérito total e absoluto da Xunta de Galicia. O Rexistro vitícola trata de reflectir a realidade da superficie plantada de viñas, e neste senso recolle datos relativos á identificación e localización das plantacións das explotacións vitícolas, da titularidade, das persoas viticultores e propietarias, das parcelas de viñado con referencias catastrais e características agronómicas, das variedades de vinífera, do ano de plantación... En síntese, é un rexistro informático único de carácter público e de natureza técnico-administrativa no cal se recollen as informacións obrigatorias do sector vitícola cunha dobre finalidade: por un lado, xestión técnico-administrativa das plantacións e para o seguimento e o control e a evolución da superficie de viñado, e, por outro lado, a base de datos como fonte estatísticas oficiais do sector.

Este rexistro ten, polo tanto, unha importancia crucial para as explotacións vitícolas galegas. Por este motivo, deberase manter cunha información actualizada e fiable do potencial de produción vitícola e, polo tanto, estará permanentemente á disposición das persoas viticultoras para calquera actualización ou modificación dos seus datos. Estamos ante un instrumento técnico e administrativo esencial para o mellor coñecemento da situación real da viticultura galega.

¿E saben algo moi importante deste rexistro? Este instrumento é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, é da súa exclusiva responsabilidade dende a súa creación. A Xunta de Galicia



é responsable exclusiva e única do seu nefasto funcionamento. O sector vitícola —hai que recoñecelo— é moi importante para o noso país, pois contamos con cinco denominacións de orixe, cinco indicacións xeográficas protexidas de viño e unha de licores. No ámbito territorial de Ourense contamos con tres denominacións de orixe en exclusiva, que son Valdeorras, O Ribeiro e Monterrei, unha parte da denominación de orixe da Ribeira Sacra e a IXP Val do Miño-Ourense. Os datos preliminares para o 2024, falando soamente das denominacións de orixe, temos que é unha produción de 11 millóns de quilos de uva no Ribeiro, 7,7 millóns en Valdeorras e 5,5 millóns en Monterrei, cun total duns 25 millóns de quilos de uva. E se falamos da superficie, contando só as tres denominacións de orixe, superan amplamente as tres mil hectáreas e un número de viticultores que chega aos catro mil. Isto demostra a grande importancia que ten este sector na provincia de Ourense. Estamos ante un sector agrícola punteiro, que está a mellorar día a día e sendo hoxe un escaparate das comarcas; un sector que mantén unha grande actividade e que repercute nas comarcas creando unha importante riqueza económica e tamén unha fonte importante de traballo.

Esta situación privilexiada, que fai que as terras se manteñan e se traballen e que permite manter as nosas parroquias —hai que dicilo tamén—, tería que ser acompañada pola Administración galega, neste caso pola Xunta de Galicia. Nestas denominacións de orixe, a pesar do tempo que levan funcionando, existe un problema enquistado co Rexistro vitícola, como sabemos todos; multitude de propietarios vitícolas sofren e padecen os problemas que teñen en moitos dos datos que reflicte. Isto fai que os trámites burocráticos, laboriosos e lentos, desesperen os titulares, que tardan meses e meses en resolver os procedementos iniciados; se a isto lle unimos a obrigatoriedade da presentación telemática da documentación, que tamén impón a Xunta.

Señorías do Partido Popular —que vexo que están prestando moita atención ao que estou dicindo—, ¿saben que para tomar viño hai que producir uvas?, ¿saben que esta produción está controlada pola Política agraria común?, ¿saben que as viñas hai que telas rexistradas?, ¿saben que para calquera modificación ou actualización hai que comunicala, aprobalas e incorporala ao Rexistro vitícola?

Señorías, ¿saben que as persoas, as mulleres e homes, as viticultoras e viticultores, os que producen a uva, os que podan as viñas, os que dan o sulfato, os que as vendiman, son os que están a sufrir esta deplorable actuación da Xunta de Galicia?. ¿Saben que as viticultores e viticultores son os que teñen que tramitar os arrinques, os que tramitan as plantacións, os dereitos de viñado, as modificacións do viticultor, as modificacións da propiedade, tramitan as herdanzas, as compravendas, os expedientes de reconversión de viñado, en definitiva, calquera documentación relativa coa viña? ¿E saben que teñen que facer pola negligente actuación da Xunta do Partido Popular? Esperar e esperar; tardan máis dun ano en resolverlles os expedientes. Esa é a situación que hai en Ourense.

E, por se non fora pouco, vostedes, a Xunta do Partido Popular, obríganlles a dirixirse á administración de forma telemática. A tormenta perfecta, sobre todo para estas persoas maiores que están mantendo a súa viña, xa non por cuestións económicas, senón por orgullo, por tradición, e porque despois de toda unha vida con ela, con esa viña, téñenlle moito cariño e dóelles moito que se perda. Esa é a situación que hai en Ourense, señores do Partido Popular.



Para o BNG non é de recibo que a Xunta de Galicia sexa ese tapón para este sector agrícola. Hai corenta anos que se creou o rexistro e non se solucionaron os problemas, non se actualizou de oficio, non se actuou para que estas persoas tiveran as parcelas de viñedo ben definidas e axustadas á realidade sobre o terreo.

Señorías, no BNG non entendemos o porqué deste boicot continuo a este sector por parte do Goberno da Xunta. Non entendemos cal é o motivo polo que a Xunta non toma medidas necesarias para solucionar os graves problemas do Rexistro vitícola, por que non se dota de persoal suficiente os departamentos que o xestionan, que interese ten a Xunta por entorpecer e desesperar os viticultores e as viticultoras. Por certo, algo bo xa tivo esta iniciativa, pois, curiosamente, presentamos esta iniciativa e minimamente se poñen a solucionar problemas. Así, onte mesmo comezou a traballar unha persoa no Rexistro vitícola no Servizo de Explotacións Agrarias de Ourense.

Pero como non entendemos para nada a esta actuación, dende o BNG somos clariños e propoñémoslles tres cousas moi sinxelas, que son moi fáciles de facer pola administración e que xa tiñan que ter feito hai moito tempo. Son cousas que solucionarían estes problemas que teñen todos estes viticultores e viticultoras ourensáns: primeiro, dotar de persoal suficiente os departamentos que xestionen os rexistros vitícolas —iso é o tema fundamental, dotar de persoal, e non pode haber dúas persoas en Ourense traballando para todos estes viticultores, que non dan resolto estes problemas—;...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...resolver rapidamente os expedientes, por suposto, e actualización ou modificación instadas polas persoas viticultoras e solucionar de oficio os déficits que ten o Rexistro vitícola.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ola de novo.

Eu pensei que isto estaba solucionándose, porque, se non lembro mal, haberá —non sei— un ano ou así, o entón conselleiro de Medio Rural —que segue sendo conselleiro, aínda que cambiou de consellería— reuníase con representantes das denominacións de orixe para actualizar e para manter actualizado este Rexistro vitícola, non só de Valdeorras, ao que se refire a proposición, senón, en xeral, todos os da provincia de Ourense e imaxino que o resto. Entón, naquel momento falábase por parte do conselleiro da intención da Xunta de Galicia a través dunha axencia —non sei se se chamaba algo así como axencia tecnolóxica—, baseada tamén nas novas tecnoloxías, de actualizar ese rexistro, que é unha cuestión



realmente fundamental, coas parcelas reais, coas variedades de uva reais que se están cultivando, se é o caso de que estean dedicadas ao cultivo de vide, que tamén pode ser que estean dedicadas a outra clase de cousa, que estean perfectamente compatibilizados eses datos co Sixpac, que controla as parcelas agrarias, e tamén coordinado e compatibilizado co Catastro nacional. Entón, a idea naquel momento por parte da Xunta de Galicia —se non me falla a memoria— era precisamente actualizar ese rexistro no mínimo tempo posible, mantelo actualizado e dalo a información pública para que as persoas afectadas puideran contrastar se se correspondía coa realidade. Todo iso para solventar os problemas que puideran saír e, sobre todo, porque as axudas, moitas das axudas e moitas das subvencións que se conceden aos viticultores da zona de Valdeorras e doutras zonas, van en función de que se cumpran unhas determinadas características de variedade de uva cultivada, de superficie da parcela, de idoneidade da situación da parcela etcétera. E esas persoas poderían ver comprometidas as axudas non por culpa delas senón por culpa da administración de non ter actualizado eses datos, e que non reflicten a realidade do territorio.

Entón, loxicamente, hai que apoiar esa proposta, porque é unha proposta do máis lóxico e do máis razoable que ese rexistro estea e que se manteña actualizado, que se manteña en permanente información cara aos viticultores, para que fagan as súas aportacións ante calquera erro ou ante calquera variación que poida haber no territorio en relación con ese tema.

Eu xa contaba con que a Xunta de Galicia estaba intentándoo ou facéndoo xa directamente. Non sei se a razón é que non está, tal e como di o portavoz do BNG, se a razón é o número mínimo ou demasiado pequeno de persoal que se dedica a iso, se é falta de interese, se a Xunta de Galicia ten outras prioridades nese momento ou polo que é. Pero —xa digo— eu ese tema pensei que estaba en marcha. Desde logo, non estou tan posto no tema como pode estar o señor portavoz do Bloque, porque precisamente a súa profesión está relacionada con iso.

E sinxelamente recordar que, efectivamente, a comarca de Valdeorras é unha das comarcas de Ourense máis activa economicamente, polo viño e tamén por algúns recursos, como saben vostedes, como a pizarra etcétera, e non pode descoidarse ese motor económico dunha importantísima comarca e dunha importantísimo produto do mercado como é o viño de Valdeorras, que está posicionado a nivel mundial nos mercados do viño, sen deixar desde logo de lado as outras denominacións de orixe, para as que tamén é lóxico que estea actualizado ese rexistro.

E eu non teño máis que dicir. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bos días a todos e a todas.



O Rexistro vitivinícola pode non ser moi áxil, pero dende logo non é nin de lonxe o principal problema que está a sufrir o sector vitivinícola. Dámoslle a razón en que o Rexistro vitivinícola é mellorable, ten que ser mellorable, tense que dotar de máis recursos, de recursos humanos e de recursos técnicos, e por iso imos votar a favor desta iniciativa, pero os problemas reais do sector e o que lle reclamamos á Xunta de Galicia son outras cuestións.

Falamos e escoitamos moito falar no seu día o señor Feijóo de que ía ser a lexislatura pasada a lexislatura do rural, pero a realidade é que «do dito ao feito hai un bo treito», e onte escoitabamos falar o señor Rueda, onde falaba cando se refería ao rural, tamén escasos segundos que lle dedicou ao noso querido rural, en plan: avanzaremos, melloraremos, traballaremos, pero accións e cuestións concretas poucas.

Certamente, o Rexistro vitivinícola debe ser unha ferramenta útil para coñecer a realidade das explotacións vitivinícolas deste país, como xa se expuxo aquí, e sendo responsabilidade dos viticultores aportar ese dato e facerse responsables tamén da súa veracidade, parece razoable que a Xunta de Galicia responda facendo que o rexistro sexa áxil no seu funcionamento, dotándoo de medios materiais e humanos suficientes para iso, como o que se pide nesta iniciativa.

Pero, dende logo, nos tempos que corren o sector vitivinícola galego pasa por momentos cargados de incertidume, porque —como todos sabemos— non somos alleos aos problemas que sofren outras denominacións de orixe fóra de Galicia, incluso fóra de España, sobre todo cos viños tintos que se acumulan nas adegas, pero coa diferenza de que noutras comunidades os gobernos autonómicos si están actuando, si están poñendo solucións enriba da mesa, si están facendo aportacións económicas para solventar estes problemas, si tomaron medidas para intentar mitigar as consecuencias para o sector que tivo a imposibilidade de poder recoller unha parte da uva dalgunhas adegas. Neste caso, levándoo ao noso territorio, podemos exemplarizalo na Ribeira Sacra nesta campaña, como xa temos exposto noutras sesións plenarias, como falaremos esta mesma tarde tamén desta cuestión.

¿E que leva feito a Xunta de Galicia ata o de agora? Dúas cousas: nada de nada. Prometer, prometer, e a realidade é que nada de nada, e nada no *DOG*. Dícialle tamén recentemente ao Partido Popular que menos *powerpoint* e máis *DOG*, que é o que despois realmente fai efectivo as medidas. ¿E que fixo a Xunta de Galicia? Pois utilizou o método de «M. Rajoy», método de poñerse de perfil, método que consiste en non facer nada, esperando ou ben a que pase o tempo ou ben que chegue unha granizada ou ben que chegue o mildiu ou o oídio, que lles poida solucionar o problema, ou máis que solucionar o problema que teñan alguén a quen botarlle a culpa, reducindo pois a colleita e con outras consecuencias, e así xa terían forma de escudarse en que: fíxese en como as inclemencias climatolóxicas ou as pragas ou as enfermidades atacaron a situación.

Menos mal que non sucedeu tal cousa, pero sempre manifestamos que neste asunto tiñamos dous problemas principais: un problema a curto prazo, que era artellar as medidas necesarias para que non quedara nin unha soa uva sen recoller nas viñas ou, de ser así, implementar axudas —estas que non aparecen no *DOG*— ou mecanismos para compensar a perda de ingresos dos viticultores, para que non se visen abocados a abandonar as súas viñas.



Problema que de non recoller na Ribeira Sacra, que hoxe vimos aquí nesa pregunta que se lle facía ao conselleiro de Cultura neste caso, coa máxima expresión de autobombo, de que ben, que bos, canto traballamos e imos conseguir ese obxectivo, pero a realidade, incluso en palabras do propio conselleiro, falaba de que no último trimestre do ano 2025 se fará unha supervisión *in situ* para acadar esta declaración de patrimonio da humanidade, que se se chega *in situ* e se ve o estado de abandono polo que se ven abocados os viticultores e viticultoras do noso país, pola falta de medidas e de axudas e de compromiso da Xunta de Galicia, ata estamos podendo poñer en risco a consecución de patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra, que sería algo imperdoable. Porque si comparto que se fixo moito traballo para conseguir esa candidatura, empezando polo traballo feito polo noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, sendo presidente da Deputación de Lugo, que empezou xunto co presidente da Deputación de Ourense a traballar e iniciar esta candidatura.

E outro dos problemas a medio prazo, que xa case se converteu nun a curto prazo, é que hai que pensar na próxima vendima e no futuro das denominacións de orixe galegas creando mesas de traballo, onde estea todo o sector, onde se poida falar de rendementos, onde se poida falar de variedades, onde se poida falar de novas plantacións, de promoción no exterior, de busca de mercados, que xa temos dito que seguiremos reiterando, porque entendemos que esa ten que ser a vía e a forma de traballar para darlle solución e, en definitiva, para definir a folla de ruta que impida que se volva repetir o sucedido na Ribeira Sacra e que impida que o problema se estenda a outras denominacións de orixe que non están exentas.

E a Xunta segue sen afrontar ningún dos dous problemas cando a vendima xa vai rematada, e agora xa só é posible pensar en axudas directas aos viticultores, que aínda seguen esperando esas axudas directas das uvas que deixaron nas cepas ou das que venderon a perdas, que tamén se deu esta situación, por debaixo dos custos ou as que meteron nas súas casas para facer o viño, ao que tampouco lles van poder dar saída despois, segue sen ter respostas.

Nós, dende o PSdeG, temos moi claro cal é o problema e temos moi claro que teríamos feito no caso de que estiveramos no goberno. E non será porque non llo temos trasladado, porque dende a oposición entendemos que podemos ser propositivos e útiles, como dicía tamén no día de onte, e témosllo trasladado ao Goberno galego en múltiples ocasións, pero o Goberno galego *mutis* polo forro, nin escoita nin quere escoitar nin quere levar a cabo.

En fin, efectivamente, o Rexistro vitícola debe de ser unha ferramenta útil, áxil, e para iso debe estar actualizada e debe ser fiable no seu contido, e non pode estalo se a Xunta de Galicia non pon os medios precisos para iso. Pero, como lles dicía, o problema vai moito máis aló no sector, e aproveitamos unha vez máis para exixirlle ao Goberno de Rueda que exerza as súas competencias, que axude os viticultores a saíren do apuro e que pensemos entre todos en como afrontar o futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Casares.

O señor CASARES GÁNDARA: Señor presidente, bos días.

Señora Lara, dicir que a política dun goberno é agardar a que haxa sarabia ou mildiu demostra que hoxe vostede, síntoo e con todo o respecto, non ten un día moi afortunado.

Señor Ojea, unha cousa é predicar e outra dar trigo. Está ben que vostede fale aquí, pero eu pediríalle que falase co seu xefe de filas, o paladín da praza Maior, e que lle pedise dúas cousas: primeiro, presente orzamento; segundo, menos Panorama e máis Ourense. *(Aplausos.)*

Señor Fernández —díxenllo o outro día aos do seu grupo—, os únicos que durante estes anos nin estiveron nin se lles agardou foi a vostedes. Os únicos que non diferencian a viña e o viño son vostedes. Vostedes fan bo aquel dito galego de que «para beber viño sobra xente, o carallo é para dar sulfato», señor Fernández. *(Risos.) (Aplausos.)*

Sempre defendín que non convén perder a referencia do pasado porque, nunhas ocasións, esquecelo implica correr o risco de repetilo, como dicía George Santayana, noutras, porque nos permite comprender mellor o presente grazas a ese fío de continuidade que conduce á existencia histórica nunha sociedade.

Por iso, convidoos a facer un pinchacarneiro no tempo, facer un pequeno repaso histórico. O Catastro vitivinícola nacional de 1982 deu paso —como se dixo aquí— a unha orde comunicada do MAPA de maio de 1987, pola que se implantaba o Rexistro vitícola en todo o territorio español, en cumprimento dun regulamento comunitario. No que atinxe a Galicia, a súa implementación principiou no ano 1992 e rematou no 2001, sendo a última comunidade, coma sempre, que o recibía do ministerio. Máis tarde, a Lei 24/2003, da viña e o viño, e o Real decreto 1244/2008, de potencial vitícola, estableceron unha obriga das comunidades de mantelo actualizado e de comunicar as variacións producidas. Finalmente, o noso país, no ámbito das súas competencias, regulou tanto o seu potencial de produción como o seu rexistro en decembro de 2011.

Señorías, o Rexistro vitícola —como xa se dixo aquí— é un rexistro informático único, público e de natureza técnico-administrativa. É un instrumento fundamental para coñecermos a situación real do potencial vitivinícola do noso país. Porén, eu vou moito máis aló pola miña experiencia profesional e afirmo que é unha ferramenta esencial para o desenvolvemento das competencias dos consellos reguladores das nosas denominacións de orixe. Un rexistro oficial actualizado solidariamente co dos consellos permítelles a estes traballar cunha foto real, ¡re/al!, o que se traduce en coñecer o seu tamaño exacto tanto en superficie como en efectivos, facilitar o seu labor de control, garantir a orixe e calidade do produto e ser un aliado eficiente na loita e a prevención da fraude. Asemade, facilítalles a toma de decisións sobre as reformas estruturais para implementar, asegura o seu crecemento ordenado e afonda na mellora da súa competitividade.

Señorías, todo rexistro é un organismo vivo e, polo tanto, suxeito a cambios de forma permanente, a través das actualizacións e modificacións dos seus datos, cuxa



responsabilidade recae nos titulares. Na miña experiencia, en moitas ocasións, son procesos lentos, incluso farragosos e tortuosos, por mor da acumulación no tempo de determinados procedementos e mais polas eivas derivadas da falta de actualización desa catástrofe chamada oficialmente «catastro».

A Consellería do Medio Rural ten á disposición do Rexistro vitivinícola os efectivos que lle permite a relación de postos de traballo neste momento: no Servizo de Explotacións Agrarias de Ourense, unha administrativa, dous técnicos e outro que acaba de chegar; no caso da comarca de Valdeorras, son tres técnicos en Viloira e un técnico na oficina da Rúa. Este grupo humano xestionou no ano 2023 máis de 2.900 solicitudes; as que hoxe fican pendentes en Valdeorras corresponden a 2024, polo que consideramos que non é un mal ritmo de tramitación.

Asemade, lémbrolles, porque creo que aquí falta información, que dende o ano 2022 se está a acometer a actualización integral do Rexistro Vitícola de Galicia, a través de encomendas de xestión. Este proceso conectarao co Rexistro Xeral de Explotacións Agrarias de Galicia e implementará innovacións, como é o acceso gráfico do viticultor a todas e cada unha das súas parcelas.

Por tales motivos, señorías, non apoiaremos esta proposición non de lei.

Señorías da sinistra deste hemiciclo, dicía Jacques Maritain que as ferramentas políticas se comportan igual que as pontes feitas con ferro da mesma coada, xa que, pasado o intre do triunfo, desactívanse por mor do enferruxamento que sofren a un tempo. E penso que algo así sinceramente creo que é o que lles está a acontecer a vostedes, e o peor é que non o saben.

Señora Méndez, repasen as enquisas desta fin de semana e tomen unha determinación. Recuperen, por favor, nas súas siglas o G que perderon co señor Besteiro. Viaxen no tempo dende o momento Suresnes no que están instalados e instálense nunha socialdemocracia galega homologábel ao século XXI.

Señor Fernández, viven vostedes dramaticamente nunha Galicia sen dramas, e o peor é que esta actitude estase a converter na cerna da súa acción política. Porén, os galegos saben que son dramas imperfectos, como a Medea de Eurípides, porque precisan para a súa narración dun *Deus ex machina* artificial que lle dea unha saída digna a esa trama.

Porén, pola contra, eu teño que confesar unha cousa: vivo nun gran país, porque para min Galicia si é un gran país e unha nacionalidade feita a si mesma ao longo dos tempos, á que, por certo, ninguén nunca lle regalou nada. E hoxe é unha sociedade moderna e libre, non exenta de problemas, por suposto, pero que vive coa certeza de ter un goberno realista e comprometido con ela. Quizabes por esa razón as nosas pontes aínda seguen en pé, varudas e lanzais, mentres que as súas están en perigo de derrubamento pola ferruxe que acumulan.

Bos días, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.



Quenda do grupo parlamentario autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra o señor Secundino Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Deputados, deputadas.

Aquí veño falar do Rexistro Vitícola, non veño falar nin de leis nin doutro tipo de discursos e menos de investigacións xudiciais, que, ben, aquí o representante do Partido Popular igual coñece eses temas.

E, como ben dixen na miña primeira intervención, vostedes só pensan no viño, non pensan na viña, porque para vostedes só conta o viño, a viña non importa. ¿Que máis dan eses miles e miles de persoas? O exemplo pois témolo na Ribeira Sacra. Apróbase aquí no Parlamento a proposta do Bloque Nacionalista Galego para dar axudas ás viticultoras e viticultores da Ribeira Sacra, axudas para poder subsistir ante a negativa da compra da uva, e vai o Goberno galego, a Xunta do Partido Popular, e non aproba nin unha soa axuda para os viticultores que sofren o principal problema. A Xunta do PP, unha vez máis, incumpre o acordo do Parlamento galego.

Vostedes non pensan nas persoas que se dedican á viticultura. E digo isto porque contemplan este sector dun xeito a modo de pasarela e para saír na foto. Voulles mostrar aquí o sistema que teñen vostedes co viño —porque da viña, xa digo, non falan—, voulles mostrar esta faceta do Partido Popular e o sector vitícola e a produción agraria relativa ao viño. (*O señor Fernández Fernández mostra unha fotografía.*) Aquí temos *look* madrileño, imitación de Vox na vendima. A máxima responsable témola aquí, vémosla aquí tamén (*O señor Fernández Fernández mostra unha fotografía.*) no típico baile pasodobre en medio bocoí en palco de festa fixo; si no lo entienden, se lo digo en español, que es más de su cultura: pasodoble en medio tonel en palco de fiesta anclado. (*O señor Fernández Fernández mostra unha fotografía.*) ¿Lo ven? (*Risos.*) (*Aplausos.*) Esto es lo que entienden ustedes del vino.

E, por último, hai que brindar despois do tremendo esforzo, e xa estamos na adega dun amigo (*O señor Fernández Fernández mostra unha fotografía.*) —que, por certo, recibiu cuantiosas axudas da Xunta—, tampouco importa que non compre as uvas aos viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra. Seguro que están pensando —y lo vuelvo a decir en español, porque ustedes no piensan en clave gallega—: ¿qué problema hay en no comprarles la uva si hay vino tinto suficiente en La Rioja o en la Ribera del Duero, y para los menos exigentes tenemos La Mancha? Y eso es lo que piensan ustedes del vino y de los viticultores. (*Aplausos.*)

Señorías, este goberno da Xunta do PP é un cancro para o sector agrario. Dende o BNG preguntámonos: ¿cal é o seu modelo para o noso rural? ¿Que queren facer coas explotacións agrarias? ¿Que queren facer coas miles e miles de persoas que aínda manteñen a produción vitícola? ¿Por que lles poñen esas pegas? ¿Por que lles imponen tantas trabas? Señorías do PP, recapaciten. Polas mulleres e homes que traballan e viven no medio rural, polas persoas que manteñen as nosas parroquias, recapaciten. Polo noso medio ambiente, para evitar que as nosas aldeas se vexan rodeadas de mato e abandonadas; pola paisaxe, polas galegas e polos galegos, recapaciten. Polo noso país...,



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, Secundino.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...polas xeracións futuras, para non ser os responsables desta desfeita, recapaciten. Polos titulares do Rexistro Vitícola, que manteñen a tradición da viticultura, polas mulleres e homes que traballan de sol a sol para que a uva chegue en boas condicións ás adegas, que permiten manter un aproveitamento agrario en amplas comarcas, que crean postos de traballo e dan vida nos concellos, que crean riqueza e vida no medio rural, recapaciten. En definitiva, polo viño e pola viña, recapaciten.

Nada máis, moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que ten o número 12625, iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as seguintes actuacións:

1. Que para os supostos en que unha empresa beneficiaria de axudas públicas financiadas con cos orzamentos galegos, proceda á situación de peche empresarial, redución maioritaria da súa actividade en Galicia, ou cambie o seu domicilio fiscal a outra Comunidade Autónoma para beneficiarse do dumping fiscal, o departamento competente da Xunta de Galicia estude a viabilidade xurídica do reintegro das cantidades percibidas. De verificarse tal viabilidade, se proceda a aplicar o antedito reintegro, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Que nas bases reguladoras de cada convocatoria de subvencións, o departamento competente estableza obrigas e limitacións moi claras ás eventuais empresas beneficiarias das axudas públicas financiadas con cos orzamentos galegos, para evitar á situación de peche empresarial, a redución



maioritaria da súa actividade en Galicia, ou cambie o seu domicilio fiscal a outra Comunidade Autónoma para beneficiarse do dumping fiscal, así como se obrigue ao mantemento de emprego estable suxeito a condicións laborais dignas. É dicir; que as axudas se vinculen ao compromiso, por parte das empresas beneficiarias, de non incorrer en deslocalización, en cuxo caso, procederase ao seu reintegro, xunto cos intereses de demora devengados.

3. Que na maior brevidade se lexisle en Galicia no mesmo sentido que o Goberno de España no novo proxecto de lei de Industria e Autonomía estratéxica, que está dirixida, principalmente, ao mantemento de aqueles sectores empresariais estratéxicos da economía, susceptibles de ser beneficiarios de axudas públicas, así como evitar a súa deslocalización coa previsión de imposición de sancións en caso de incumprimento. En todo caso, a aprobación desta norma terá como finalidade conseguir que o diñeiro público investido en subvencións teña un retorno eficaz e efectivo para Galiza, coadxuvando ao seu desenvolvemento socioeconómico, real e necesario. Para tal fin, as anteditas subvencións quedarán sometidas ás obrigas e limitacións que foren precisas.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defendela, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Brais Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidenta.

Defender os intereses da nosa terra debería ser o maior acto de xenerosidade que pode ter a política coas persoas que habitan este país. Dende o Bloque Nacionalista Galego hoxe vimos falar precisamente disto, de defender a nosa terra; vimos falar dun problema, da deslocalización. Para uns é unha ferramenta que permite optimizar obxectivos económicos, amparándose na globalización, mais para outros é unha ameaza que deteriora o noso tecido produtivo. O que é certo é que dende hai anos a deslocalización véñse desenvolvendo no noso país sen unha Administración que a aborde de xeito serio.

Dende o noso grupo, dende o BNG, xa alertamos neste mesmo Parlamento sobre as grandes consecuencias que ten esta práctica; afecta sectores estratéxicos da nosa economía, como o naval, como o téxtil, como as telecomunicacións, a automoción, os servizos complementarios, o comercio; é que hoxe en día é difícil non atopar un sector económico no que non se apliquen mecanismos de deslocalización.

O BNG queremos traer hoxe unha iniciativa en positivo, propositiva, coa que pretendemos poñer enriba da mesa a necesidade de abordar esta problemática de xeito amplo, directo, serio.

Como xa dixemos en máis dunha ocasión, deslocalización non é trasladar unha unidade produtiva dun territorio a outro territorio. Deslocalización vai moito máis alá, é deixar de abastecerse de insumos a nivel local para facelo fóra; é diminuír a carga de traballo, os investimentos, os proxectos no noso territorio en beneficio doutros; é deixar de desenvolver estratexias de investigación para beneficio de terceiros.

Esta experiencia vivímola, por exemplo, na industria téxtil, que foi orgullo empresarial deste país e que, como norma, dun tempo a esta parte se deslocalizou en innumerábeis actividades,



chegando incluso na pasada década a cifras de vinte e cinco unidades produtivas por ano cara a Portugal, cara a Marrocos, cara a Tunisia.

Vímolo na nosa industria vencellada ao mar, esa cadea mar-industria, onde a deslocalización aquí se fixo patente a través da descapitalización galega das grandes empresas, o que supuxo, en resumo, a deslocalización dos centros de decisión fóra de Galiza.

Perdeuse capacidade no sector naval para manter o emprego a longo prazo e de xeito continuado —aínda que agora vivamos un momento doce—; a subcontratación no estranxeiro do sector de telecomunicacións, especializado en servizos e non en produtos; a compra de empresas galegas por foráneas no eido do comercio, da teleasistencia, da propia enerxía; o peche de centros de traballo en Galiza para abrilos noutras coordenadas.

A automoción, ¿como non falar da automoción, señorías? Xa trouxemos a este mesmo pleno a necesidade de paliar esta problemática na automoción; mais infelizmente tivemos en fronte un Partido Popular que fixo o único que sabe facer neste Parlamento: dicir que «non», votar por sistema que «non», instalarse como norma no «non» por blindar iniciativas que aposten porque o emprego se desenvolva no noso país e que as decisións se tomen no noso país.

Pero, volvendo á automoción, estamos ante un panorama no que se deslocalizan investimentos, producións, investigacións, proxectos, persoal, pedidos... E para mostra non hai que remontarse moito atrás, porque na actualidade temos casos moi concretos que clarifican esta situación. Voulles dar dous, só dous casos dos últimos meses.

En primeiro lugar, e escalada abusiva que está desenvolvendo Stellantis coa deslocalización dos pedidos en base a criterios puramente económicos, que está deixando nun fío centos de traballadoras, centos de empresas con aplicación de ERTE e de ERE. E isto non o critica o BNG ou esas minorías de pancarta das que falaban onte; é que isto é criticado incluso pola propia patronal do metal, a Asime; entón, están dicindo que algo está fallando neste país.

En segundo lugar, un dos casos máis sangrantes de todos: o caso da fabricación do novo modelo K9, un modelo cuxa plataforma se creou e se deseñou para Vigo, se concibiu para Vigo, que debería de xerar valor engadido e emprego en Vigo, mais que finalmente se vai fabricar en Turquía, creando emprego en Turquía, xerando valor en Turquía, iso si, a través dos cartos das galegas e dos galegos.

Porque aquí está a cuestión central de todo isto: as axudas públicas que reciben os sectores produtivos, efectivamente, como debe ser, pero que non poden seguir permitindo procesos de deslocalización. Neste caso concreto, no do sistema de fabricación da K9, o Goberno galego, a través do Igape, desembolsou preto de 2 millóns de euros, 2 millóns de euros para deseñar un sistema de fabricación que debería reverter no beneficio de Vigo e, por extensión, de Galiza enteira, mais que irá facelo a outro continente; unha subvención de 2 millóns de euros que dende o BNG, señorías, pedimos coñecer en que formato e baixo que bases se entregou, a través dese artigo 9. E o Goberno galego, sempre transparente, sempre disposto a facilitar o lexítimo traballo de fiscalización que temos dende os grupos da oposición, a día



de hoxe non facilitou nada; unha vergoña que por desgraza xa é a norma neste Parlamento, que, señorías do Partido Popular, confunden co seu cortello particular. (*Aplausos.*) 1 millón de euros en convenio co Clúster das TIC; 4 millóns de euros para o Cetal; 4 millóns de euros para o grupo Atunlo, que ten un ERE sobre 120 persoas traballadoras; máis de 80 millóns de euros entregados a Stellantis nos últimos dez anos. E así un longo etcétera de cartos públicos en forma de subvencións, que non están impedindo que se deslocalicen actividades nos nosos sectores produtivos.

A cantidade e a intensidade das axudas públicas é tal que haberá que garantir que cumpran escrupulosamente ese obxectivo de xerar benestar e riqueza no noso país.

Dende o BNG traemos hoxe esta proposición para dotarnos de ferramentas que impidan que as empresas que deslocalicen o fagan a través e grazas aos fondos que son de todas as galegas e de todos os galegos. E non estamos traendo aquí ningunha utopía nin ningunha proposta que non sexa realizábel, porque temos exemplos no noso contorno de ferramentas lexislativas que apostan precisamente nesta liña. Exemplos como Euskadi, onde a súa Lei reguladora do réxime de subvencións adica un título enteiro, o título V, a como impedir e a como facer que se devolvan as axudas públicas para empresas que deslocalicen; ou Navarra, que mediante a súa Lei foral de arraigo empresarial e contra a deslocalización desgrana e debulla como artellar ferramentas que garantan a devolución de axudas para empresas que deslocalicen. Hai proposicións de lei en marcha, incluso no propio Estado, que aínda non están aprobadas pero que tamén van na liña de abordar os efectos da deslocalización.

En definitiva —e vou rematando—, a proposta que no BNG traemos hoxe pivota sobre tres cuestións que nos parecen chave.

En primeiro lugar, que o Goberno galego revise aquelas subvencións concedidas a empresas que deslocalizaran actividades e estude a viabilidade de demandar a súa devolución. Que as bases reguladoras a futuro das convocatorias de axudas públicas contemplan apartados específicos contra a deslocalización, que impidan o acceso a empresas que deslocalizaran no pasado a esas axudas públicas e que demanden a súa devolución para empresas que deslocalicen no futuro. E, por último, a necesidade de avanzar nun marco legal que blinde que as axudas públicas sexan efectivas nos sectores económicos que se apliquen. Porque todos estes anos levan dicíndonos que a Lei de subvencións de Galiza, así como o seu regulamento, non están a ser efectivos para garantir que non se deslocalicen actividades no sector empresarial, comercial e de servizos.

En definitiva —e remato xa, presidenta—, o que pedimos o BNG é que os cartos que son das galegas, os cartos que son dos galegos, sirvan realmente, revertan na súa totalidade en mellorar a capacidade das empresas deste país, e, sobre todo, que os cartos das subvencións, que son de todos e de todas, avancen en mellorar as condicións de vida das persoas que habitan e traballan esta terra.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Quenda do grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos e a todas.

Os socialistas de Galicia sen dúbida apostamos de forma decidida pola industria e polo sector industrial que fiquen aquí en Galicia. A nosa oportunidade, evidentemente, é a nosa variedade. Galicia é enerxía, é vento, é auga, pero tamén é naval e tamén as súas industrias derivadas. Pensemos nos compoñentes da eólica mariña na zona de Ferrolterra e I+D+i como a AESIA. Ou tamén, como dicía esta mañá o noso voceiro, que hai que aproveitar en Galicia a oportunidade que se nos brinda coa chegada dos fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Por tanto, neste momento actual Galicia tamén é o PERTE dos chips en Vigo, o PERTE do automóbil en Stellantis e o PERTE do ciclo da auga, que está a favorecer moitos concellos ourensáns, pero tamén é o PERTE agroalimentario, o PERTE mar-industria e a nosa industria láctea, o noso sector téxtil e, sobre todo tamén, o noso sector forestal, esencial en España e en Europa.

Pero tamén somos conscientes os socialistas de Galicia de que nos últimos anos, que levan quince anos no Goberno da Xunta de Galicia, tamén se perdeu o selo da galegitude das empresas galegas. Pensamos en Fenosa, as caixas galegas, R, Cemex, Gamesa, Vestas, Alfacame, todas elas industrias que deslocalizaron e perderon ese selo de identidade galego.

Evidentemente, nós, os socialistas, apoiaremos esta proposición presentada polo BNG e apoiaremos tamén que os sectores industriais enraícen en Galicia, e que sobre todo tamén as empresas tractoras no sector da automoción, no sector do téxtil, evidentemente tamén contén coas empresas auxiliares, coas pemes, coas pequenas e medianas empresas, que ao final son o tecido produtivo máis importante do noso país. Evidentemente, non poden quedar atrás esas medianas e pequenas empresas nun camiño onde estamos a transitar e camiñar por unha transición enerxética e industrial sen parangón.

Evidentemente, tamén cremos que se debe potenciar de maneira moi importante o diálogo social, esa negociación colectiva tamén, e beneficiar o traballo digno e de calidade dos traballadores e traballadoras. Para nós tamén será un fito moi relevante.

Evidentemente, o desenvolvemento industrial, como dicía, precisa do apoio financeiro do Goberno galego, porque evidentemente poden complementar esas axudas que agora se están a achar polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia e potenciar con fondos propios e complementar esas axudas, sobre todo ás empresas auxiliares, ás pequenas e medianas empresas, por parte do Goberno galego. E non só esas medidas de financiamento, que non está a facer de maneira decidida o Goberno galego, senón que tamén son necesarias medidas normativas, lexislativas, valentes para evitar a deslocalización de empresas.

Evidentemente, da principal rama da actividade, que tamén o peche de centros de traballo ubicados en Galicia, e tamén incluímos na nosa emenda do Partido Socialista evitar tamén



que vaian tributar fóra, co cambio de sede social, empresas galegas que vaian a outras comunidades autónomas que realmente o que practican, como sabedes todos os aquí presentes, é un *dumping* fiscal; e son comunidades autónomas evidentemente amigas do Goberno galego do PP.

Por tanto, a nosa emenda pensamos que enriquece e mellora a proposición presentada polo BNG.

Mentres, os socialistas tamén, como dicía, observamos unha falta de pulo do Goberno galego, máis alá de slogans, ¿non?, coa política industrial e transición enerxética en Galicia. Están en *stand-by* os dez proxectos industriais e empresariais declarados polo Consello da Xunta, parados, en *stand-by*. Sesenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Se perdemos o tren, como dicía onte o señor Rueda, será por causa imputable á responsabilidade política do Goberno galego, que levan quince anos na Xunta de Galicia.

Benvinda a medida que anunciou o señor Rueda onte, que se vai facer un novo plan sectorial eólico de Galicia, xa hai vinte anos, do 1997. Iso si, rechazaron todas as nosas iniciativas que ían no sentido de exixir unha nova planificación eólica de Galicia, unha nova zonificación, catro medidas que se aportaron na Comisión 6ª, de Enerxía, votadas en contra polo Partido Popular de Galicia e coa abstención do Bloque Nacionalista Galego.

Pero falemos de apostas. Outro dato; non é soberbia, como tamén apuntaba o señor Rueda hoxe pola mañá. O Goberno de España acelerou a innovación e a modernización da industria en Galicia. A día de hoxe o noso país vive a maior transformación da súa historia, con máis de 4.000 millóns de euros que chegaron a Galicia para facer un futuro xusto, seguro e sostible, con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que, por certo, hai que executar en decembro de 2026, executar e pagar. Por tanto, oportunidade que ten que coller o Goberno galego, onde debe apostar pola colaboración e cooperación institucional e non pola confrontación, porque vai prexudicar a todos os galegos e as galegas.

Evidentemente, axudas que favoreceron xa máis de corenta mil empresas galegas, a cidadanía e tamén os concellos galegos. A estas cantidades temos que sumarlles 440 millóns de euros do fondo real.

E, mentres tanto, o Goberno da Xunta segue sen executar eses fondos de forma áxil; menos do 50 por cento en niveis de execución real; e refírome ao pago, é dicir, no peto das empresas, a liquidación definitiva de execución, non a resolución de adxudicación de subvencións ou de contratos, porque iso non entra nos petos das empresas.

Evidentemente, respecto da participación de Galicia dos PERTE industriais, de 12 PERTE actualmente aprobados, participa en 8 destes PERTE, cun total de 54 proxectos, 253 millóns de euros en axudas e 74 empresas beneficiadas e moitos concellos galegos.

Por tanto, exiximos colaboración e cooperación neste sector industrial.



En definitiva, a aposta pola industria galega para os socialistas vai ser un obxectivo primordial desta lexislatura e tratarémolo de explicar á cidadanía como parte dunha oposición útil e realista.

Respecto ás medidas que se aportan na proposición por parte do Bloque Nacionalista Galego para evitar a deslocalización da empresa, estamos, evidentemente, en esencia, de acordo con todo o seu contido, aínda que, como dixen, presentamos unha emenda que cremos de mellora, sobre todo para focalizar e evitar o peche de centros de traballo en Galicia, a deslocalización de toda actividade fóra do noso país e evitar ese cambio de sede social das empresas galegas a unha comunidade autónoma correndo detrás dese *dumping* fiscal, propio dun neoliberalismo sen escrúpulos.

Medidas lexislativas adoptadas, como tamén dicía o meu compañeiro do BNG, como xa fixo Navarra, Euskadi, que tamén se están tramitando polo Goberno de España sobre a industria de sectores estratéxicos, medidas que van na liña do que xa está adoptando a Unión Europea para facer —digamos— unha Europa forte, evidentemente nun momento xeopolítico mundial moi complicado, onde os mercados asiáticos se están a impoñer neste mercado, nesta xeopolítica complicada.

Por tanto, xa se regulan medidas sobre as axudas públicas; realmente, se recibes axudas, non podes deslocalizar e, se deslocalizas, tes que devolver esas axudas nos últimos oito anos de axudas recibidas.

Señorías, os socialistas consideramos que o Goberno galego debería anticiparse e debería poñer a venda antes que a ferida e debería adoptar esas medidas lexislativas valentes como as que se están tramitando na Lei de industria estatal.

Evidentemente, non esperamos que o PP de Madrid vaia apoiar esta tramitación da lei. E dígoos con toda a amplitude da retranca galega, ¿non? Porque evidentemente sabemos que é o mesmo PP de Madrid que votou, co seu líder galego, por certo, en contra da subida do salario mínimo interprofesional, da subida das pensións para os nosos maiores, da baixada do IVE dos alimentos —¡que curioso!, ¿non?—, da subida das bolsas para os estudantes, da insumisión na aplicación da Lei da vivenda, da falta de humanización cos menores migrantes que chegan ao noso territorio; votou en contra tres veces da senda de estabilidade orzamentaria, que supón a perda en Galicia no ano que vén, 2025, de 400 millóns de euros no vindeiro ano, que tamén...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...veñen dos impostos dos galegos e das galegas.

En definitiva, esperemos que o BNG acepte a nosa emenda de mellora e que o Goberno galego do PP tome nota e adopte as disposicións necesarias a favor do arraigamento empresarial e contra a deslocalización de empresas no noso país.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia a usar o seu turno de palabra.

E quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra o señor Rubén Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Bo día a todos e a todas.

Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, cada vez que sae aquí queda constatado que vostede ten o argumentario de Ferraz ben memorizado. Doulle os meus parabéns.

Señor Ruanova, sempre, de verdade, agradezo o seu ton respectuoso, pero esa alusión ao cortello creo que, para ser vostede, creo que lle quedou un pouquiño mal, sobre todo porque logo vostedes están insultando unha e outra vez e logo vostedes, cando soben aquí, vitimízanse e teñen a pel moi fina porque escoitan cousas que non lles gustan. *(Aplausos.)*

En canto ao portavoz do seu grupo que precede, creo que non merece a pena perder nin un segundo con el, porque é unha falta de respecto flagrante a esta Cámara e a moitas persoas que o están pasando moi mal con certos asuntos que se poñen aquí enriba deste estrado, que están totalmente fóra de lugar.

Miren, esta iniciativa que presenta o BNG deixa en evidencia o nivel de hipocrisía ao que son quen de chegar vostedes, os nacionalistas galegos. Non sei se chegan vostedes ao nivel da ministra portavoz do Goberno de España, pero a súa hipocrisía está polo menos á par da señora Alegría. Vostedes, que rexeitan unha e outra vez os proxectos industriais que pretenden localizarse no noso territorio, proxectos que xerarían emprego estable e de calidade aquí na nosa comunidade, presentan unha PNL para evitar a deslocalización de empresas en Galicia. Insisto, señorías: a súa hipocrisía non ten límites.

Vostedes seguen aí instalados no «canto peor, mellor», e despois teñen o cinismo de dicir aquí, en sede parlamentaria, que teñen a man tendida para o diálogo. Pero, miren, para a Xunta de Galicia o fortalecemento de todos os sectores económicos que configuran o noso tecido produtivo é e seguirá sendo un obxectivo fundamental que guía as políticas de promoción económica e emprego na comunidade. Neste marco, o Goberno galego traballa para poñer ao dispor das empresas instrumentos e medidas de apoio que contribúen á creación e mantemento do emprego e á mellora da competitividade das empresas, na procura de que manteñan e potencien a súa actividade aquí, na nosa terra. E tamén avanza nunha estratexia de política industrial baseada nos plans directores dos distintos sectores, o que permitirá fomentar esas sinerxías.

Este esforzo compartido busca tamén facilitar a implantación e consolidación das iniciativas empresariais en Galicia, apostando pola redución da burocracia e, lonxe do que vostedes queren facer ver, mantendo as garantías técnicas, xurídicas e tamén as medioambientais. O Goberno galego tamén reducirá ata un cincuenta por cento os tempos de tramitación dos



expedientes administrativos e tamén dos pagamentos, coa entrada en funcionamento desa Oficina económica de Galicia.

Dito isto, habería que definir moi ben en que consiste a deslocalización, o tipo de axudas e a contía concedida, entre outras cousas; expresións ás que fai referencia o Grupo Parlamentario do Bloque na súa iniciativa. Por exemplo, se eu teño unha empresa en Carballo e abro un novo centro en Asturias, ¿deslocalizo si ou non? Se cambio a sede da empresa a Madrid, pero deixo en Carballo o centro de traballo, ¿estou deslocalizando? Se levo todo a outra cidade de España, pero deixo a sede en Carballo, ¿estou deslocalizando?

Baixo o noso punto de vista, nas bases das convocatorias aínda o máis lóxico sería exixir, máis que a deslocalización, primar o mantemento do emprego, o que significa que o centro de traballo siga desenvolvendo a súa actividade aquí en Galicia. Se entendemos a deslocalización de empresas como un fenómeno no que unha compañía traslada parte ou totalidade das súas operacións a outros países —xeralmente en busca de menores custos laborais, de vantaxes fiscais ou de normativas máis laxas— podemos dicir que este proceso foi unha tendencia significativa nas últimas décadas, afectando de maneira especial a Europa. Nese sentido, a Unión Europea xa está a traballar en distintas medidas.

Neste contexto, Galicia puxo en marcha unha nova política industrial baseada no binomio enerxía-industria, co obxectivo de impulsar a atracción de empresas e industrias, así como o crecemento e consolidación de empresas xa instaladas aquí no noso territorio. Polo tanto, xa se están a implementar unha serie de medidas para fomentar a competitividade e sustentabilidade do tecido industrial e así evitar esa deslocalización. Estas medidas están centradas en crear unha contorna favorable para o investimento, apoiar a reindustrialización e fomentar a colaboración público-privada. Medidas como a de poñer á disposición solo industrial gratis para as empresas durante oito anos. Dende hai dous días, desde este mesmo luns, as empresas xa poden solicitar solo industrial en réxime de dereito de superficie a custo cero durante os oito primeiros anos. Polo tanto, a Xunta está a cumprir un compromiso de facilitar solo empresarial gratuíto durante os primeiros oito anos, con máis de medio millón de metros cadrados á disposición do tecido empresarial e os que virán co desenvolvemento dos próximos parques. Isto si que é un proxecto político, señora Iglesias.

E moitas máis medidas do Goberno galego: a Oficina Económica de Galicia, con incentivos e instrumentos que impulsan a atracción de empresa cos plans directores, co Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais. Impulsando tamén a colaboración público-privada en todas as medidas, incluída a posta en marcha de RDG, esa empresa pública-privada que tanto lles proe e que a través da súa comercializadora venderá o cen por cento da enerxía aos consumidores galegos, tanto particulares como empresas e industriais, con descontos —como dicía a conselleira— de ata o cincuenta por cento para consumidores das zonas próximas aos proxectos renovables.

Porque, mentres vostedes enredan, enlaman e manipulan coa súa hipocrisía e cinismo nivel alegría, temos un Goberno do Partido Popular que traballa para axudar as nosas empresas e cara a unha reindustrialización verde en Galicia. Porque o obxectivo céntrase en aproveitar



un momento chave que, se se fan as cousas con sentidiño, traerá emprego e oportunidades aos galegos. Pero vostedes sigan ao seu.

No que respecta á parte resolutiva, ao punto 1, parece de sentido común respectar as bases das convocatorias con base nas que se obtiveron as axudas e, se non establecen ningún condicionamento sobre isto, entón non se poderían aplicar. No que respecta ao punto 2, non estaría mal, sempre que se aplicase en axudas de certa envergadura. Non parece moi lóxico para as axudas de, por exemplo, 20.000 euros. Ademais, segue sen estar claro o que é «deslocalizar» para vostedes. En canto ao punto 3, elaborar unha lei só para isto non tería sentido. En todo caso, poderíase introducir nalgunha das normas xa existentes, basicamente en medidas de apoio e fomento. Ademais, chama a atención que reclamen isto á Xunta cando vostedes tamén forman parte do poder lexislativo. Vostedes teñen un grupo parlamentario con capacidade de elaborar unha proposición de lei.

En canto á emenda do PSdeG, cada vez o seu discurso converxe máis co do Bloque, señora Iglesias. Quizais debería preocuparse. Volvo ao mesmo: segue sen quedar claro que é a deslocalización, pero non teño moito máis que dicir desa emenda, porque quen se ten que posicionar, entre outras cousas, é o grupo propoñente.

E xa vou rematando. Miren, sorprendentemente o Grupo Socialista ten medo a que haxa *dumping* fiscal e as empresas se vaian fóra. Precisamente os socialistas sanchistas e os seus socios de goberno son os que propoñen a diario que se suban máis os impostos ás empresas e agora falan de que temen que as empresas se vaian fóra. Esa é a coherencia que pregoan. Ou sexa, subímoslles a carga fiscal ás empresas e obrigámolos a que queden. Esa é unha boa fórmula.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Si, xa remato, presidenta. Como comprenderán, señorías, o Grupo Parlamentario Popular non vai participar da hipocrísia de socialistas e nacionalistas. Vostedes sigan así e todos contentos e con alegría.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición. Tres minutos, don Brais.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidenta.

Señor Lorenzo, podía evitar subir aquí e derivarnos simplemente ao Portal de Novas da Xunta de Galiza, porque o que dixo podemos velo no Portal de novas de todos os consellos de goberno que se dan os luns. (*Aplausos.*)

A verdade, se non queren que utilicemos palabras como «cortello», díganlle ao Goberno galego que cumpra o regulamento desta Cámara; que nos dean a información que solicitamos polo artigo 9; que, cando responden as preguntas, que respondan as preguntas. (*Aplausos.*)



Di que somos uns hipócritas, que non defendemos a industria, que estamos en contra de proxectos industriais... Eu non sei de que proxectos falan, pero vénme á cabeza unha bomba ambiental que queren regar con 250 millóns de euros para instalar no corazón deste país, que non vai xerar riqueza e que, por certo, vai encher os petos de cartos a señoritos sentados a quilómetros da nosa terra. (*Aplausos.*)

Falou vostede duns plans directores que son o gran prato forte da Consellería de Industria. Agora mesmo están elaborando o plan director de automoción e o plan director do naval. Eu non sei se leu os borradores, pero eu si, e hai un problema moi grave cando se fai un plan director específico de automoción e un plan director específico do naval e son un copia e pega, porque non teñen ningunha diferenza. Iso é o que lles importan a vostedes os plans directores.

Dende o BNG reafirmámonos na necesidade de avanzar, de prestar atención ás dinámicas de deslocalización e incidir alí onde a administración ten capacidade, que é na prestación de axudas e de subvencións. Vemos os últimos datos, que falaban de que preto de cincocentas empresas deslocalizaron a actividade fóra do noso país, mantendo a matriz aquí e, polo tanto, sendo susceptibles de recibir financiamento autonómico. Aquí non criticamos que se financien proxectos empresariais, o que criticamos é que esas axudas realmente revertan na mellora da calidade de vida de quen vivimos aquí. Que se priorice que os fondos públicos financien iniciativas autocentradas. Negan que haxa un problema, pero vemos casos de deslocalización de Bosch, de Naturgy, de Stellantis, empresas asociadas ao Ceaga, Inditex, Coremain, Pescanova... Aquí non pasa nada; innumerables empresas están deslocalizando actividades e aquí vai todo ben.

Sobre a emenda do Partido Socialista, cremos que o primeiro e o segundo punto son positivos. Abordar, debullar un pouco máis o que son os procesos de deslocalización parécenos correcto. Aceptámolle eses dous puntos. Non lle imos aceptar o terceiro, porque realmente cremos que a iniciativa do BNG non é o lugar no que meter propaganda do Estado español. Polo tanto, ese punto si que non llelo aceptaríamos. Fariamos unha transacción cos dous primeiros puntos.

E remato xa, señorías. Aquí hai dous xeitos de ver os nosos sectores produtivos: a do Partido Popular e a do Bloque Nacionalista Galego; a do pasotismo absoluto e a política de brazos caídos e beneficios das grandes empresas e, por outra banda, a posición de avanzarmos en blindar que os fondos públicos blinden proxectos pensados en Galiza, implantados en Galiza e que revertan en Galiza. Porque, volvendo ao tema de Siniestro Total, hai aquí unha bancada que prefire bailar o «menos mal que nos queda Portugal», pero o BNG estaremos sempre do lado da «Miña terra galega».

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Entendo que nos informarán despois de se chegan a unha transacción.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa substanciación dunha alteración da orde do día.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda. Para a súa defensa ten oito minutos a señora María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.

Imos falar de emprego. A política que está a realizar a Xunta de Galicia en materia de emprego é totalmente deslavazada, sen análises nin diagnose das necesidades de quen demanda emprego e, segundo un estudo, das propias necesidades das empresas. Por iso, nin as empresas confían no Servizo Público de Emprego de Galicia para atopar traballadores cualificados nin os demandantes de emprego atopan no servizo público solución á súa demanda.

Para a execución desta política pública, a Consellería de Emprego deberíase dotar de instrumentos, como fixeron outras autonomías —mencionamos Euskadi ou Baleares—, cun plan de emprego, co fin de elaborar unha planificación estratéxica, o deseño e directrices en materia de políticas activas de emprego e de intermediación laboral. Presentaremos iniciativas ao respecto.

Hoxe a proposta é un pouco menos ambiciosa, pero, non obstante, toca dous puntos moi importantes: a inserción laboral e a execución dos orzamentos que deben resolver, se teñen vontade política. O Goberno galego vive alleo ao desafío de conseguir que a poboación activa adquira as competencias acordes cos novos perfís profesionais. Leva moito tempo o Grupo Parlamentario Socialista insistindo co fin de que o Goberno galego desenvolva un proceso de mellora destas políticas, así como de construción dun sistema galego de emprego eficiente, inclusivo e eficaz, co fin de que dea resposta aos requirimentos do mercado laboral e ás necesidades que as persoas traballadoras, tanto ocupadas como paradas, presentan para manter ou acceder a un emprego de calidade, como manifesta a propia Axenda 2030 de Nacións Unidas e tamén a Estratexia europea de emprego.

Miren, a Consellería de Emprego ata o de agora non foi quen de elaborar esa diagnose da situación do emprego na nosa comunidade autónoma, da perda da poboación ocupada e as causas que a provocan, da baixa calidade do emprego. Un estudo sobre os niveis formativos da poboación ocupada e parada e as perspectivas de emprego con que contan, entre outras variables. Estanse producindo cambios importantes no mercado laboral e estes plans de emprego deben ter en conta estas variables; como dicía, plans que outras comunidades autónomas si que analizan e teñen en conta no mercado laboral actual.

Señorías, as habilidades que se necesitan están a cambiar, o que implica, en consecuencia, novas necesidades formativas, tanto para que as persoas ocupadas se adapten aos novos requirimentos duns postos de traballo en transformación como tamén para que as persoas



desempregadas contén coas cualificacións e destrezas necesarias para acceder aos novos empregos.

Así mesmo, e do mesmo xeito que coa transición dixital, deberá prever a Xunta de Galicia a recolocación das persoas ocupadas en empregos que vaian desaparecer por efecto das transformacións produtivas, garantindo oportunidades de traballo decente no seu ámbito laboral.

Por iso, a situación actual do emprego en Galicia é dun mercado pouco dinámico; afirmación na que coinciden todas as organizacións sindicais. Galicia presenta peor evolución que o resto do Estado, como queda patente segundo os datos que reflicte a última enquisa de poboación activa. É a quinta comunidade onde menos emprego se crea, a taxa de actividade é de tan só un 53 por cento. Polo tanto, é unha taxa de actividade seis puntos por debaixo da estatal. O número de ocupados crece en Galicia, si é certo, pero a un ritmo oito veces inferior que o do Estado. Hai 7.800 ocupados máis, si, pero o desemprego redúcese en 11.800 persoas, o que quere dicir que a poboación activa —falamos de poboación activa— cae en 3.900 persoas, mentres segue medrando no Estado. A última enquisa de poboación activa que estamos a analizar demostra máis sombras que luces, debido ao encollemento do mercado laboral, manifestado en forma de perda de poboación activa que afecta especialmente as mulleres, que son expulsadas do mercado galego, e tamén debido á diverxencia co Estado.

É necesario resaltar, ademais, certas situacións que reflicte a EPA, que constitúen ou deben constituír un reto para o Goberno galego. O paro de longa duración segue sendo moi elevado: concretamente, están nesta situación 40.400 desempregados e desempregadas. Isto implica que acadar un emprego para as persoas que levan máis de un ano desempregadas está a ser unha tarefa realmente complicada. Tamén, o 42,9 por cento das persoas que traballan a tempo parcial fano de maneira involuntaria. A taxa de paro para os mozos e mozas é dun 20,8 por cento. A ocupación segue a baixar na agricultura, nada máis e nada menos que, na última EPA, un 4,5 por cento. Cada trimestre vemos unha caída neste sector. Hai 43.400 fogares con polo menos unha persoa activa nos mesmos en que todos están no desemprego.

De aí a presentación desta proposta de resolución que hoxe debatemos. Solicita, en primeiro lugar, elaborar e pór en marcha para o ano 2024-2025 un programa de inserción laboral para desempregados que mellore a súa empregabilidade, que aumente a súa cualificación; minimizando así a falla de persoal traballador para executar o investimento industrial presentado en Galicia e que estableza como liña de actuación a formación en competencias clave das persoas desempregadas en situación laboral precaria que non poden acceder á formación de nivel dous.

Falar de políticas de emprego implica tamén falar de execución orzamentaria. Somos conscientes de que é un tema que non lles gusta aos deputados e ás deputadas do Partido Popular. Prefiren ocultar a realidade nesos grandes anuncios que facía o presidente Rueda. Aínda que onte moitos anuncios en materia de emprego non fixo; máis ben só o tema da mocidade, exclusivamente, e que se implementará. Pois estaremos atentos á implementación dese programa para a mocidade, que tanto o precisa.



Ben, dende 2009 a 2023, quedaron 2.184 euros sen executar en políticas de emprego. E nos últimos dous anos, que é a época do presidente Rueda, o 55,4 por cento dos fondos destinados a formación non foron gastados por este Goberno. Estamos escoitando que faltan traballadores en moitos sectores e dende 2011 vimos dicindo que formen desempregados para estas profesións, sen que vostedes fixesen caso. Na pasada Comisión 5ª tamén advertiamos ao secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, don Pablo Fernández, da baixa execución que xa presentaba —e que presenta— esta consellería cos datos que temos a xuño deste ano. Pedíámoslle xa que se puxese as pilas para mellorar a execución, porque no programa 323, Formación profesional para desempregados, falamos de soamente nese momento, en xuño, dun 21,8 por cento; e no programa 322A, Fomento da empregabilidade, un 26,5 por cento. Entón, que se poñan as pilas na Consellería de Emprego para executar estes fondos tan precisos para desempregados de longa duración, para as mulleres, os mozos etc.

Por iso, remato pedindo que aproben a segunda parte da resolutiva, que di analizar as causas desa falta de execución orzamentaria para pórllle remedio. Para que falen coas organizacións sindicais e tamén empresariais e que permita con ese estudo que analicen eses erros, que aumente a ocupación ao ritmo de crecemento estatal, do que dará conta ao Parlamento de Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: —si, xa remato, presidenta— ...no prazo de dous meses.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Era a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia a usar o seu turno de palabra. Por conseguinte, toca que interveña o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Ramón Tomás Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi bo día a todos e a todas.

Debatenos unha iniciativa sobre a creación de emprego, así que permitan que, antes de máis, faga desde aquí unha defensa do emprego con dereitos. Nomeadamente, unha defensa do emprego e dos dereitos do persoal do transporte urbano de Ferrol, que leva 86 días en folga reclamando que se lles aplique o Convenio colectivo do sector, mentres a Xunta e o alcalde de Ferrol, en lugar de facer cumprir a legalidade, dedícanse a protexer a empresa incumpridora. (Aplausos.) Oitenta e seis días de complicidade entre a Xunta do PP e, ¡oh sorpresa!, unha das grandes empresas do sector do transporte, neste caso Alsa. Nin como licitadores do servizo nin como autoridade laboral a Xunta está a facer nada, e o alcalde igual. Outro exemplo de cal é a política do Partido Popular, sempre ao servizo das grandes empresas, caía quen caía. Así que desde aquí quero enviar un saúdo fraternal ao persoal en folga. Todo o noso apoio e moito ánimo, porque, co Partido Popular no Goberno, é claro que a unidade, a solidariedade e a determinación dos traballadores e traballadoras son a única defensa que teñen.



En canto á iniciativa, ¿que quere que lle diga, señora Rodríguez Dacosta? Todos e todas puidemos ver onte a comparecencia do presidente Rueda na que explicou as liñas xerais do próximo orzamento. Falou case dúas horas e dedicou trinta segundos ao emprego.

Certamente a creación de emprego é unha cuestión transversal, que depende máis da política económica xeral, da política enerxética e industrial, do fomento da innovación, da ampliación e mellora dos servizos públicos, da ordenación territorial ou da protección dos nosos sectores produtivos tradicionais que dun programa específico de formación para a mocidade.

Por exemplo, vostede achega unha serie de datos na súa iniciativa, datos de organismos oficiais, que evidencian que efectivamente a tendencia da creación de emprego na Galiza é peor que no conxunto do Estado. Eu engadiría aínda algún outro dato neste sentido, por exemplo: que a taxa de actividade feminina na Galiza é a segunda pola cola de todas as comunidades autónomas; que a taxa de actividade das persoas con discapacidade é a terceira pola cola; que a ocupación dos menores de 35 anos está por baixo da media do Estado; ou que o salario medio na Galiza, que está tamén no furgón de cola, aumentou o ano pasado menos que no conxunto do Estado, aumentando polo tanto a fenda salarial co Estado español.

Neste escenario, cabería agardar da comparecencia de onte algo máis de trinta segundos a falar de emprego e unha explicación de como, en que medida, o vindeiro orzamento da Xunta debería favorecer a creación de emprego. Sempre e cando, claro, a creación de emprego fose unha das prioridades da Xunta; e coido que, se algo quedou claro onte, é que esa non é unha das prioridades do Partido Popular. Non o foi durante os gobernos de Feixóo, nos que a destrución de emprego foi brutal —por exemplo, no sector industrial— e non o vai ser neste Goberno Rueda, herdeiro desa cultura do pelotazo tan propia do Partido Popular e tan virado de costas para os intereses do país e, nomeadamente, do emprego.

Aquel pelotazo urbanístico, que despois foi pelotazo financeiro co agasallo das caixas, agora é pelotazo enerxético, coa alfombra vermella ás grandes eléctricas para que exploten os nosos recursos sen deixar retorno económico no territorio, nin sequera en forma de emprego. Tamén pelotazos sanitarios, coa promoción salvaxe da sanidade privada, á custa de desmantelar a pública. No transporte, saltando por riba de calquera cautela para favorecer o monopolio de Monbus. Ou o escándalo de poñer a Xunta toda a facer de comercial dunha gran empresa que quere instalar unha bomba ambiental no corazón de Galicia, que vai provocar perda neta de postos de traballo.

Por suposto, tamén as políticas activas de emprego e a formación —non podían ser unha excepción— tamén son para o Partido Popular susceptibles de dar un bo negocio para algunhas empresas amigas. Con este obxectivo, durante estes anos a norma foi substituír a participación das organizacións sociais no deseño e na execución da formación por informes de consultoras e empresas de formación. O resultado non só non conseguiu mellorar o nivel de execución das partidas orzamentarias destinadas á formación, senón que empeorou sensiblemente a calidade da formación impartida e a opinión e o grao de satisfacción de todas as persoas envolvidas dalgún xeito no sector. Polos anuncios que fai a Consellería, e



coa coartada precisamente de mellorar eses índices de execución, parecen estar decididos a duplicar a aposta por este sistema de deixar en mans dalgunhas empresas do sector a formación para o emprego. Ten toda a pinta dun novo pelotazo, neste caso á conta dos fondos para a formación, que en boa medida se nutren das cotizacións sociais de todos os traballadores e traballadoras.

A formación para o emprego é unha necesidade e un dereito dos traballadores e traballadoras. Un dereito que debe ser atendido con criterios de eficacia e que debe ser sometido a control posterior, con luz e taquígrafos, do destino dos fondos e dos resultados conseguidos, partida por partida. E nos últimos anos son recorrentes as queixas por parte das organizacións sociais, tanto pola falta de participación neste ámbito como pola falta de información sobre os resultados das partidas económicas destinadas á formación.

Desde o BNG entendemos que, efectivamente, cómpre facer unha reflexión de calado sobre a formación para o emprego. As dificultades para executar esas partidas, que non chegan nunca ao cincuenta por cento, deberían ser argumento abondo para convencer o Partido Popular da necesidade de facer esta reflexión. Consideramos tamén que a colaboración dos axentes sociais non só é fundamental, senón tamén obrigada nas dúas vertentes: no deseño do catálogo, mais tamén no desempeño das accións formativas.

Remato xa anunciando, polo tanto, o noso voto favorable a esta iniciativa e voltando sobre o que dicía de inicio: que o emprego debe ser emprego con dereitos; emprego de calidade; emprego ben remunerado, que ten que ir máis aló daquela concepción decimonónica do salario como garantía da reprodución da forza de traballo. O salario ten que satisfacer non só as súas necesidades básicas, senón tamén as expectativas que a sociedade actual crea en todas as persoas. E hoxe isto está moi lonxe de ser unha realidade, con moitos empregos en situación do que se denomina «pobreza laboral». Cómpre unha política claramente decidida a crear emprego de calidade, con salarios dignos e tempo para a familia e para o lecer. Hai que reducir a xornada laboral e sobre isto os gobernos poden facer moito.

Cómpre tamén emprego con garantías, por exemplo, fronte á enfermidade. Nada de baixas flexíbeis, señoras e señores do PSOE. No contexto laboral actual —no que son normais as altas por melloría, as altas con limitacións, no que son moitos os traballadores e traballadoras que non queren a baixa por non faltar ao traballo e non poñer en risco o seu emprego ou que piden a alta voluntaria para se incorporar antes do recomendábel polo mesmo motivo—, ¿cal é a finalidade do absurdo debate que veñen de provocar?

Os problemas de saúde dos traballadores e traballadoras e a redución dos tempos dos procesos de incapacidade temporal resólvense reforzando a sanidade pública. Resólvense con médicos, señorías, non reducindo a protección do contrato de traballo. E desde logo non se resolven, nin moito menos, aumentando as derivacións á sanidade privada, como veñen de pactar na mesa de diálogo social madrileña.

Emprego con garantías. O dereito á saúde, señores e señoras do Partido Popular, o dereito á indemnidade e, en última instancia, o dereito á vida, é o dereito máis importante de calquera traballador ou traballadora. A semana pasada, dúas novas mortes no traballo, esta vez en



Arteixo e no estaleiro da Graña en Ferrol. Quero enviar o meu máis sentido pésame ás familias, amigos e amigas, compañeiros e compañeiras dos finados. Debemos seguir reivindicando todos os días a seguridade no traballo, o control das condicións de traballo e o cumprimento da normativa de prevención, que en moitos casos non se cumpre, señorías. Nisto a Xunta ten unha gran responsabilidade que tamén debería reflectirse nos orzamentos; mais sobre isto o presidente Rueda non dixo nada.

Obrigado e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Escándalo, señor Alfonso, foi o que acaba de facer vostede aquí neste estrado con esa radiografía que fixo de Galicia. Miren, o que acabamos de escoitar nestes momentos é a versión interesada do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Un guión digno dunha política de ciencia ficción e un pobre intento —un máis— de manipular as galegas e os galegos. Pero os cidadáns, que non son parvos —miren como votaron o día 18 de febreiro—, saben perfectamente que ese discurso manipulado non é inocente.

Con esta iniciativa de hoxe están convencidos de que vostedes tampouco buscan mellorar a vida dos galegos. Buscan exclusivamente xerar desconfianza cara ao Goberno do Partido Popular. Comprobámolo onte coa comparencia do presidente Rueda. Debe ser a consigna dos seus partidos, despois de que esta fin de semana as galegas e os galegos volvesen dicir unha vez máis que nin o Partido Socialista nin Bloque Nacionalista Galego; que non son cribles, señorías. O presidente Alfonso Rueda é o líder mellor valorado en Galicia. O único que aproban os cidadáns e o único que transmite confianza. *(Aplausos.)* E iso, señorías, déixaos quedar a vostedes en moi mal lugar. Quizais por iso onte a señora Pontón —por certo, que agora non está— de novo volveu rescatar e desenterrar a Franco, volveu falar de amiguismos... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Rescatouno ela, señora Rodil. Volveu falar de amiguismos que non existen —fíxoo agora o señor Alfonso, falou de pelotazos— e dedicouse a facer mentira da política ou política da mentira. É o que lles queda, desprestixiar. Quédalles desprestixiar porque non teñen ningunha proposta real para mellorar o noso mercado laboral e porque, ademais, teñen que esconder a súa propia responsabilidade nas taxas de desemprego a nivel estatal.

Miren, ¿de quen é responsabilidade, señora Dacosta, que España sexa o país con máis desempregados de toda a Unión Europea? *(A señora Pérez López amosa un gráfico.)* Mentres que a media de desemprego na Unión Europea é do seis por cento, o noso país está en máis dun once por cento. Dígame de quen é responsabilidade, porque hoxe falaba o señor Besteiro do paro xuvenil. *(A señora Pérez López amosa un documento.)* Dígame de quen é responsabilidade que teñamos a taxa de desemprego xuvenil máis alta tamén de toda Europa



e o dobre que a media nacional. ¿É do Partido Popular? Non, non o é. Nós estamos a traballar dentro das nosas competencias. É a súa responsabilidade, dos socialistas galegos, por deixar facer, e da bancada dos independentistas galegos por apoiar a cambio de nada para Galicia o señor Sánchez. Miren, estes datos que lles acabo de amosar son consecuencia das súas políticas erráticas, das súas políticas curtopracistas e electoralistas en materia laboral.

Está claro que as receitas do Partido Socialista non funcionan, e hoxe non traen con esta iniciativa ningunha receita nova. En todo caso, é paradoxal que, quen lidera o país coa maior taxa de desemprego de Europa e que leva seis anos machacando as empresas a impostos e que leva seis anos subindo as cotizacións sociais con máis custos de produción que nunca e con máis burocracia que nunca, queira vir hoxe dar leccións ao Goberno galego. ¿Queren falar de emprego? Falemos de emprego, señorías; pero cando teñan a valentía, señor Alfonso, de poñer en valor as empresas e as pemes do noso país, que foi o que fixo onte o presidente Rueda na súa comparecencia. Vostedes o único que fan é demonizalas. Que digo eu, se queren falar de emprego, haberá que falar de empresas, porque a ver se se enteran dunha vez que sen empresas non hai emprego, nin en Galicia nin en ningunha outra comunidade. *(Aplausos.)* Vostedes, señorías, están dispostos a facer —acabámolo de volver ver hai un momento— todo o que faga falta por botalas fóra de Galicia.

Se queren falar de emprego, tamén podemos falar cando sexan capaces de pedirlle e de esixirle ao señor Sánchez que solte os fondos que ten de Europa e que empecen a chegar ás empresas galegas. É que é moi fácil vir aquí dar leccións, pero non facer absolutamente nada onde teñen vostedes competencias.

En todo caso, hoxe cometeron dous erros de vulto, señora Dacosta. O primeiro, falsear e manipular os datos. Mire, manipulan os datos porque se teñen en conta a poboación activa para facer as comparacións tamén teñen que ter en conta as estruturas da poboación, por exemplo, o envellecemento poboacional; e non o teñen en conta nos datos que vostedes dan. E menten cando din que a ocupación desde o 2008 medrou un cinco por cento en España baixou un cinco por cento en Galicia. É falso e están mentindo. Mire, se comparamos o ano 2008 —que só o comparan cando vostedes queren— con este ano, con este segundo trimestre da EPA, a taxa de ocupación en Galicia incrementouse nun 1,42 por cento; no Estado fíxoo un 1,20 por cento. Polo tanto, en Galicia temos maior ocupación que no resto do Estado.

Falaban vostedes dos datos das mulleres ocupadas. ¿Como que están a ser expulsadas do mercado laboral galego? Iso é falso. ¿Como que somos os segundos pola cola en datos de ocupación das mulleres? É falso tamén. Mire, proporcionalmente —si, señor Alfonso, si— hai máis mulleres ocupadas en Galicia que na media do Estado español: dous puntos por enriba da media estatal. É que eu de verdade que non sei como len vostedes as cifras.

Pero miren, o segundo erro que cometeron hoxe é non ser capaces de recoñecer que en Galicia as políticas que está a implementar o Goberno galego están a funcionar. Miren, aquí teñen os resultados. *(A señora Pérez López amosa un gráfico.)* Comproben vostedes mesmos a evolución do desemprego en Galicia. Eu, á vista destes datos, preguntolles: ¿Temos unha realidade preocupante no mercado laboral galego? Non, señorías, non a temos. ¿Están a



funcionar as medidas que está a implantar a Xunta de Galicia? Rotundamente, dígolles que si. Están a funcionar os incentivos á contratación, o apoio ao autoemprego e ao emprendemento, os programas de integración de persoas con discapacidade ou con dificultades de inserción e tamén os programas de apoio ao emprego feminino etcétera. ¿Queda traballo por facer? Por suposto que si. Queda traballo por facer mentres haxa unha soa persoa que estea en situación de desemprego; e porque, ademais, temos a responsabilidade de darlle apoio e de darlle resposta ás necesidades do noso tecido produtivo.

Miren, respecto á execución orzamentaria, levan anos retorcendo os datos e dándolles aos galegos cifras erróneas. E levan anos intentando torpedear a quen si de verdade está intentando buscar solucións á empregabilidade das galegas e dos galegos e buscando solucións ao mercado laboral e ás nosas empresas adaptadas á realidade galega.

Piden máis formación pero, miren, antonte aínda no Consello da Xunta aprobouse que máis de quíntas persoas en diferentes concellos de Galicia poderán formarse no sector servizos, da construción ou no sector loxístico, colectivos que teñen demanda nestes momentos de persoal. Ou aprobáronse 200 accións formativas no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, ou microformacións, por proposta do tecido produtivo, para recualificar e cualificar a nosa poboación activa.

Miren, eu creo que hoxe, señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, perderon unha vez máis unha oportunidade para mellorar a vida de todas as galegas e dos galegos e unha oportunidade de axudar a construír a Galicia do futuro desde este Parlamento e desde este estrado. Rebaixar o paro e crear máis e mellores empregos en Galicia é o camiño que quere seguir e que vai seguir o Goberno galego e, desde logo, é o camiño que vai apoiar a bancada do Grupo Parlamentario Popular para axudarlle ao Goberno a conseguilo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Ben, para dicir que non ían apoiar a proposta do Partido Socialista de Galicia sobrábanlle todas as falsidades que agora imos desmontar. Por outra parte, quero agradecerlle ao Bloque Nacionalista Galego o seu apoio e tamén compartir a súa visión sobre o emprego de calidade e con dereitos, obviamente.

Falsidades; como dicía onte a miña compañeira Paloma Castro en relación coa conselleira de Medio Ambiente: «trolas». ¿Teñen vostedes unha diagnose do mercado laboral? Xa llelo digo eu: non a teñen, señora Pérez. ¿Coñecen vostedes, por exemplo, os niveis formativos da poboación ocupada e parada? Non. Refírome ao Goberno galego, non a vostede, obviamente. ¿Analizaron as causas da perda de poboación ocupada dende que gobernan ata o de agora —porque eses datos son así—? Non. ¿Saben que causas provocaron que aínda



hoxe a nosa comunidade non recupérase o volume de horas —e falo de horas— habituais do ano 2008? Non. ¿Pode dicirnos o grao de inserción laboral que lograron os cursos de formación para parados que imparte a Consellería de Emprego ou que lle dá a esas empresas —ás veces amigas— tamén? Non. E se os empresarios se queixan de que falta man de obra cualificada, ¿non cre que á Consellería de Emprego lle faltou planificación? Pregunto. ¿Coñece vostede o saldo migratorio que se está a producir en Galicia? Datos do propio Instituto de Cualificacións da Consellería de Emprego. *(A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero mire os datos, señora Pérez. Pois emigraron 7.600 titulados o ano pasado e chegaron 3.500. Faga a resta: 4.100. *(A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero non emigran porque queren, señora Pérez. Porque en Galicia expulsan os mozos e mozas do mercado laboral. Si, somos exportadores de titulados universitarios. Si, señora Pérez.

Despois di que o que nós dicimos non son as cifras, que retorremos as cifras. Eu quero xa deixar este tema bastante claro, porque tamén cando o director xeral contesta por escrito que a execución no ano anterior é do 89,7 por cento na área de emprego... Bueno, pois hai que ter un pouco de valor, porque están aquí os cadros. *(A señora Rodríguez Dacosta amosa un gráfico.)* Datos que presentan vostedes ao Parlamento de Galicia. Imos ao ano 2023: 323A, Formación Profesional para desempregados, executan un 46 por cento; mellora da cualificación no emprego, só executaron un 37,8 por cento na mellora da cualificación no emprego. Entón, o director xeral debería dar estes datos, que son os datos; se non, que o director xeral interpele o conselleiro de Facenda a ver se lle discute estes datos. Isto non pode ser así.

Falaba antes vostede dos mozos e eu falaba de que os expulsan do mercado laboral; que hai unha fuga de talento clara na nosa comunidade. Vostede facía así coa cabeza. *(A señora Rodríguez Dacosta fai xestos de negación.)* Pois mire, ¿sabe o que facía o seu partido para que os mozos e as mozas tivesen emprego? É un exemplo moi gráfico: Feijóo dáballes unha maleta e dicíalles: «toma, unha maleta cando...» *(A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si, foi o 27 de xuño, concretamente: Alberto Núñez Feijóo dáballes unha maleta aos sesenta expedientes máis brillantes das universidades galegas. De feito, dicía unha nai nunha entrevista: «será una indirecta».

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa remato. E despois a ministra Báñez no ano 2012 subvencionaba as viaxes para que os mozos e mozas universitarios fosen facer entrevistas no estranxeiro. Iso é o que fai o Goberno galego co emprego mozo. Falaremos do emprego mozo noutras iniciativas.

Nada máis e grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Lamento que non aproben unha iniciativa en positivo que era ben pouca cousa. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa última proposición non de lei antes das votacións.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que leva o número 12645, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir, ao final da parte resolutiva, o seguinte texto: «Ademais, o Parlamento insta a Xunta a dirixirse ao Goberno central para que:

- 1) Dea prioridade á liña de tren de alta velocidade Vigo-Porto sobre a liña Lisboa-Madrid.*
- 2) Negocie co goberno portugués a implantación a partir de 2025 das seguintes medidas de mellora da actual conexión ferroviaria entre Vigo e Porto (tren Celta):*
 - Entrada en funcionamento de trens eléctricos, que permitirían reducir sensiblemente o tempo da viaxe e ademais son moito máis modernos e sustentábeis.*
 - Recuperación dos servizos suprimidos durante a pandemia da COVID 19 na conexión Vigo-Valença*
 - Ampliación progresiva dos dous servizos actuais entre Vigo e Porto, combinando a conexión directa co servizo de proximidade.*
 - Promoción de prezos reducidos na liña Vigo-Porto, realización de campañas promocionais a prezos superreducidos, e oferta de abonos semanais/mensuais para persoas usuarias habituais que permitan abaratar o prezo do billete.»)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para facer a defensa, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Julio García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer o cambio de hora na defensa desta PNL; cousa que —insisto— quero agradecer.



O pasado domingo, 29 de setembro, hai escasamente unha semana, o *Faro de Vigo* publicaba unha interesante entrevista ao secretario de Estado de Infraestruturas do Goberno portugués, o señor Hugo Espírito Santo. O titular dese entrevista era que «O AVE a Vigo ten moito sentido». E daba un ano, o 2032, como data para que fose efectivo. Pero —e aí está o importante— facía saltar as alarmas cando dicía que había unha gran preocupación coa saída sur e que eles —el, este secretario de Estado— pedía certezas. Ademais, pedía expresamente, precisaba, unha declaración específica de cara á «Cimeira hispano-lusa sobre a alta velocidade» que se vai producir o vindeiro 23 de outubro. Recoñecía o señor Espírito Santo que as demoras e a falta de información de España coa saída sur de Vigo eran un tema que o inquieta bastante. Detallaba que eles xa teñen licitado, neste caso, un dos tramos, o tramo que vai de Porto a Lisboa, que o ían adxudicar en breve e que tiñan xa lista, para lanzar, a segunda licitación dese tramo. O secretario de Estado daba prazos e falaba de facer unha primeira fase de obras sobre o ano 2026-2027, e que, como dicía, se completaría ese percorrido sobre mediados de 2032; acadando así Vigo-Porto nunha hora de tempo.

Esas declaracións non foron respondidas por ninguén do Goberno español —tampouco o esperabamos— nin ese día nin os seguintes; é máis, o mércores, 2 de outubro, o mesmo periódico, o mesmo xornal, falaba de que Portugal iniciara dous anos antes o AVE entre Vigo e Porto. E puidemos ver incluso un gráfico (*O señor García Comesaña mostra un gráfico.*) onde detallaba para cada un dos tramos na parte portuguesa cales eran os compromisos económicos e os compromisos temporais.

O que tamén se pode ver neste gráfico é que a saída sur acumula no día de hoxe seis meses de retraso soamente no estudo informativo. Ese estudo informativo foi adxudicado en xuño do ano pasado —no 2023— por 880.000 euros para definir o trazado ata O Porriño; 15 quilómetros que probablemente teñan que ser en túnel. E debera estar rematado este verán que pasou —no 2024—, pero está adiado para someterse despois a exposición pública ata o primeiro trimestre de 2025.

Por outra banda, do tramo que vai do Porriño a Tui —8 quilómetros—, que inclúe, ademais, a estación no ámbito da fronteira, e que tiña que licitarse en xuño de 2024, no día de hoxe non se sabe absolutamente nada. De novo, ningunha declaración do Goberno español ante esta información. Igual entendeu que xa o dixera o secretario de Estado de Transportes español no verán pasado, cando falaba de que os prazos que manexaban, xunto coa DIA (a Declaración de impacto ambiental), nos levaban probablemente a que as obras non comezarán ata polo menos o 2029, só tres anos antes do que ten que estar concluída esa obra para, como digo, cumprir os prazos aos que os compañeiros portugueses se comprometeron.

Curiosamente, ao día seguinte, xoves, día 3 de outubro, no mesmo periódico, lemos que o Goberno español prioriza o País Vasco e que lle adxudica 181 millóns de euros para o impulso do corredor Atlántico; unha encomenda de xestión aprobada no Consello de Ministros dese mesmo luns, o pasado 30 de setembro, para que o Executivo vasco asuma a construción dun nodo ferroviario clave para este proxecto.

Seguindo con este cronograma periodístico destes últimos días, *La Voz de Galicia* publicaba o mesmo mércores, día 2 de outubro, a semana pasada, unha noticia titulada *El tren A Coruña-*



Lisboa, que va a operar Iryo con apoio de la Unión Europea, se topa con múltiples obstáculos. E detallando o informe que fai a comunidade de empresas de infraestruturas e ferrocarrís europeos, fala de total inacción nese eixo.

Para rematar este relato periodístico, vou facer referencia a unha noticia dun pouco máis atrás, nomeadamente do *Faro de Vigo*, que fala de que no mes de xullo de 2024 Portugal capta 815 millóns de euros para iniciar o AVE entre Vigo e Lisboa, e explica que os 140 quilómetros que separan Porto de Coímbra logran o 93 por cento do financiamento que estaba solicitado.

Ben, España non conseguiu para este proxecto ningún financiamento, si para algún outro dos 22 proxectos que presentou, pero —insisto— ningún proxecto presentado para a liña A Coruña-Lisboa. Todo isto, no marco de agravios, retrasos na execución de obras e incidencias nos servizos que se están a rexistrar nos últimos meses, que se teñen comentado aquí neste Parlamento e que, reiteradamente, son trasladados por parte do Goberno galego ao Goberno central.

Non hai dúbida de que o Goberno galego aposta pola consolidación do transporte público e, por descontado, hai que apostar pola alta velocidade, pero tamén sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, que teñen unha importancia capital para garantir esa mobilidade dos cidadáns e para revitalizar e vertebrar o interior de Galicia; aspectos todos eles que se abordaron no Pleno do pasado 10 de setembro nesta Cámara, no que se aprobou —coa abstención do PSOE— unha PNL neste senso.

Aquel día o señor Font, a pesar de absterse, manifestaba que el viña falar en positivo de infraestruturas. E o señor Ríos Santomé dicía que non se podía facer política-ficción coa conexión Galicia-Norte de Portugal. Incluso o señor Ojea falaba de pedirlle ao Goberno de España que tome en serio o tren. Ben, pois, imos ver se esas declaracións dese pleno hoxe se cumpren e, efectivamente, os deputados deste Parlamento apoian esta iniciativa.

No que atinxe á conexión con Portugal, hai que insistir en dúas ideas fundamentais. Por unha banda, en que a conexión de alta velocidade entre Galicia e Portugal é unha infraestrutura estratéxica para os intereses de Galicia. Non creo que ninguén neste Parlamento o dubide, empezando porque podería conectar Vigo e Porto —insisto— nun tempo dunha hora, fronte ás dúas horas e vinte que temos agora. Por esta razón xa no ano 2020 o Goberno galego puxo en marcha un grupo de traballo para abordar esta infraestrutura.

E, por outra banda, a outra idea é contraponer o compromiso do Goberno luso —planificación, compromiso orzamentario, horizonte temporal, compromiso de datas, que recolle, insisto, a prensa galega destes días— á desidia, precisamente, do Goberno central, que dilata os estudos —os poucos que tiña que ter feito—, non hai unha programación clara, e, polo tanto, tampouco hai ningunha estimación de prazos.

Hai que lembrar que o pasado 2 de xullo se asinou un manifesto en Valença do Miño a favor do impulso desta conexión ferroviaria entre Galicia e Portugal. E tamén hai que ter moi



presente que se está a perder a posibilidade de acceder a eses fondos europeos, que, como acabo de explicar, o Goberno portugués xa ten collido.

Quixera tamén facer mención especial á Confederación de Empresarios de Pontevedra, que leva dende o ano 2017 pelexando polas infraestruturas ferroviarias, polo AVE, polo corredor Noroeste, pola saída sur e tamén pola conexión co porto de Vigo.

Polo tanto, cremos que é de recibo traer esta iniciativa aquí, pedirilles, neste caso, a todos os parlamentarios que insistan nesta falta de impulso á conexión internacional sobre o Miño e que estas sospeitas, esta información que manexamos, que nos levaría a pensar que non ía estar esa conexión feita antes do 2034, non sexa certa e poidamos ter, polo menos, o mesmo ritmo que teñen os nosos compañeiros portugueses.

Polo tanto, os parlamentarios do Grupo Popular que asinamos esta iniciativa trasladámola ao Parlamento de Galicia para que inste a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal; para o que é imprescindible, por suposto, e urxente ter un calendario coas actuacións e investimentos precisos para facelo realidade no prazo máis breve de tempo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señor Comesaña, co cisma e a desfeita que ten o Partido Popular en Vigo non sei se se acaba vostede de postular como futuro líder. En todo caso, se é así, pois quédalle un traballo... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que pasou? Estou celebrando este novo papel do señor Comesaña.

Miren, eu o que levo notando todo este tempo, estes últimos meses —xa antes, pero agora creo que máis acentuado—, é que vostedes teñen un problema de memoria, de memoria selectiva. A vostedes só lles acorda aquilo que lles interesa; o demais bórrano, como fixeron hoxe tamén no debate sobre a AP-9.

Entón, eu quería refrescarlles un pouco a memoria porque vostede tamén fixo aquí mención ao ano 2017, á Confederación de Empresarios de Pontevedra, pero, claro, a historia non empeza en 2017, señor Comesaña. A exclusión, o agravio, a discriminación deste tren Vigo-Porto e de Galiza comeza no ano 2013 cando a Unión Europea aproba a Rede básica de transportes de Europa e esta liña queda excluída, como queda excluída Galiza do corredor de mercadorías. ¿E sabe quen aprobou esta medida? Esta medida aprobouna o Parlamento



Europeo e a Comisión Europea, co apoio do Partido Popular e do Partido Socialista, e co voto en contra do BNG. Esa foi a realidade da discriminación desta liña. Porque ese acordo supoñía priorizar os investimentos para esta infraestrutura ou non para o ano 2030 ou pasala, como se fixo, ao 2050. E así estamos.

Falou vostede de que o estudo que se está facendo da saída sur leva seis meses de retraso. Non, non, non leva seis meses de retraso, leva vinte e cinco anos de retraso, *(Aplausos.)* porque no ano 1999 se fixo o primeiro estudo, que custou un millón de euros, gobernando o señor Fraga Iribarne. Levamos vinte e cinco anos agardando. Agora fíxose un novo estudo informativo cando caducaron os que se fixeran en 2009 e 2012, gobernando en 2009 o Partido Socialista e en 2012 o Partido Popular. Polo tanto, hai que ter un pouco máis de memoria.

E miren, o cambio histórico que se produciu no debate sobre esta liña foi nos anos 2020 e 2021, cando o Goberno portugués —o Goberno daquela socialista portugués— se plantou diante do Goberno español e priorizou a liña entre Lisboa, Porto e Vigo, fronte á liña entre Lisboa e Madrid. Ese foi un cambio histórico e transcendental que se aliñaba cos intereses de Galiza. Foi unha grande oportunidade, porque os portugueses viron claro o que se ve neste mapa do satélite, *(O señor Bará Torres mostra un mapa de satélite.)* e é que hai unha continuidade urbana que se transforma tamén nun gran dinamismo económico, de mobilidade, cultural, social e de todo tipo e moitísimas oportunidades nesa conexión desde o golfo Ártabro até Lisboa. Esta ten que ser a gran prioridade de Galiza, a prioridade atlántica estratéxica de Galiza, porque nos vai todo nisto. Porque nós neste momento para Portugal fomos vistos como un aliado, mentres que para Madrid sempre nos seguen vendo como subordinados.

Pero ¿que pasou con ese deseño estratéxico? Que cambiou o Goberno portugués e que no ano 2024 a señora Ayuso fixo unha foto co alcalde de Lisboa. Vostedes daquela non dixeron nada —xaneiro do ano 2024— e deixaron claro que a prioridade non era a liña Lisboa-Vigo; en todo caso, para Portugal, con este goberno, é Lisboa-Porto. Pero a prioridade, a nova prioridade, é a liña entre Lisboa e Madrid. E hai un acordo explícito e público tamén entre o Goberno portugués e o Goberno español neste sentido e tamén un acordo do Partido Social Demócrata portugués e do Partido Popular español para priorizar a liña Lisboa-Madrid sobre a liña Porto-Vigo. Esta é unha realidade como a copa dun pino; non o poden negar. Porque, ademais, por se fose pouco, se deixou claro cando se aprobou a nova rede básica para 2030 e para 2040. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* ¿Sabe onde está a liña Lisboa-Madrid? No 2030. ¿Sabe onde está o acordo público —xa é oficial— da Comisión Europea, a liña Vigo-Porto? No 2040. E vostedes calaron, vostedes achantaron e vostedes non dixeron nada, porque non lle poden dicir que non ao que lles manda o Partido Popular desde Madrid e a señora Ayuso, que priorizou outras cousas. *(Aplausos.)*

Por iso lle presentamos unha emenda para que deixen claro se vostedes están ao servizo de Galiza ou se están ao servizo do Partido Popular. E a emenda é que se priorice a liña Vigo-Porto sobre a liña Madrid-Lisboa. Retrátense vostedes votando esta emenda.

Pero, ademais desta cuestión, que é absolutamente estratéxica para Galiza, porque por iso tamén a Universidade de Cambridge no seu día fixo un estudo que situaba toda esta área



urbana que vai de Lisboa ao norte de Galiza como unha das corenta megarrexións mundiais, en termos de poboación, de PIB e tamén de patentes —fíxense que xogamos na mesma liga que Madrid e na mesma liga que o eixo que vai de Barcelona a Lyon e fíxense que significa todo iso), a realidade é que xa agora se poden tomar moitas medidas para mellorar esta liña, que é unha liña absolutamente obsoleta, a do tren Celta, e pódense mellorar moitas cuestións: pódese mellorar en servizos, en horarios, pódese mellorar tamén en prezos e en material rodante.

Fíxese, señor Comesaña. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) Esta foto fíxena eu na estación de Guixar cando fun facer esta viaxe entre Vigo e Porto para saber como funcionaba este tren. Pois, mire, na foto vese claramente a diferenza: o tren que vai de Vigo á Coruña, que ten 16 servizos diarios, tarda hora e media, e o tren que vai de Vigo a Porto —o famoso «Camello»— tarda dúas horas e media e ten dous servizos diarios. Esta é a realidade, esta é a triste realidade que vostedes tamén consentiron, permitiron e aplaudiron cando gobernaban no Goberno central. (*Aplausos.*) Porque este tren, que se ía suprimir, despois mantivérono vostedes nestas condicións e segue nestas condicións. Por iso lles formulamos propostas concretas e viables como as emendas que queremos tamén que voten vostedes e coas que queremos que se retraten aquí; emendas que deberían facer vostedes se cumprisen o Estatuto, aprobasen as competencias que ten Galiza —recoñecidas no Estatuto— e creasen o Ente Ferroviario Galego, que ademais se aprobou —a súa creación— neste Pleno e que vostedes gardaron nun caixón pola súa falta de compromiso.

O que queremos para a mellora desta liña é que se poñan trens eléctricos para reducir os tempos e que haxa menos contaminación; que se incrementen as frecuencias desas dúas liñas que hai agora; que se creen tamén servizos directos e de proximidade en toda a contorna pola que se move este tren e que agora non hai; que se recupere o tren entre Vigo-Valençá, que foi suprimido pola pandemia; e tamén que se implanten medidas de fomento do uso con redución de prezos. O Goberno portugués acaba de anunciar un bono mensual de 20 euros, con tarifa plana para usar todos os trens, que, se establecese para esta liña, aumentaría moitísimo o seu uso.

E remato xa presidenta, pedíndolles, señor Comesaña, que apoiem estas medidas, que demostren que poñen por diante de verdade os intereses de Galicia sobre o que lles mandan dende Madrid e que demostren que queren traballar xa e agora —non en 2032, 2034 ou 2040, senón xa e agora— por un tren verdadeiramente moderno, como merecemos, entre Vigo e Porto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Renuncia á súa intervención.

Quenda, entón, do Grupo Parlamentario do Partido Socialista.



Ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Estamos ante outro fascículo máis da demagogia do PP. No pleno anterior tocaba a AP-9, e quedou claro que Galicia está castigada polas decisións do PP, único responsable de que sigamos pagando hoxe peaxes coa decisión de Aznar de privatizar e ampliar a concesión. Hoxe Rueda mostrou un absoluto desprezo por Aznar. É sorprendente, pero segue sen pedir perdón, porque Aznar representa —je de que maneira!— o PP. Aznar é tan do PP como Rueda, ou máis.

Aproveito para darlle a benvida ao presidente Rueda á proposta dos socialistas de avanzar nas bonificacións. Custoulle moito ao presidente admitir que esta é a vía idónea. Espero que os seus portavoces neste Parlamento tomasen nota e sigan na liña do presidente, manifestada no pleno de onte...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor LÓPEZ FONT: ...e coincidente cos socialistas. Hoxe toca novo fascículo, falar de infraestruturas e, en concreto, da saída sur de Vigo. Pensei que interviría o señor Trenor, pero resulta sorprendente que interveña vostede, señor Comesaña, porque o PP de Vigo nunca falou nin apoiou a saída sur de Vigo. É unha vergoña que vostede defenda a saída sur de Vigo aquí.

Sempre me gusta contextualizar o tema concreto e facer memoria de onde vivimos. E falando de infraestruturas ferroviarias que afectan directamente a cidade de Vigo e a súa área metropolitana, debería darlle vergoña ao PP propoñer deberes aos demais. Vigo —repetino aquí en ocasións— foi castigada polos gobernos do PP sen ter AVE directo a Madrid. Pero hoxe que o PP quere falar da saída sur de Vigo, ligado coa actual entrada ferroviaria a Vigo da estación Vialia, eu vou lembrar que o PP, co Goberno de Aznar, castigara a Vigo cunha entrada de ferrocarril ao descuberto, o que supoñía abrir en canle o barrio de Teis, con todo o que significaba.

Señor Comesaña, vostede coñece ben o barrio de Teis e o que significaba o que pretendía o seu partido. Queda lonxe no tempo, pero é un exemplo das batallas que tivo a cidade de Vigo; pero xa co alcalde da cidade, Abel Caballero, consegue endereitar o rumbo e coa colaboración do Goberno de Zapatero, cambiar a entrada ao descuberto por unha entrada subterránea de 8,2 quilómetros —o máis longo no seu momento de Galicia—, que supuxo un cambio ambiental absoluto. Nesas demandas de Vigo, coma sempre, o PP estivo en contra. «Memoria selectiva» sinalaba alguén, señor Comesaña.

Este logro significou que ese atropelo da entrada aberta do tren por medio da cidade fose substituído por unha senda verde de 4,3 quilómetros, que permite gozar dun espazo que une Vigo con Redondela, espazo único utilizado a diario por centos de veciños ¿Verdade, señor Comesaña que é un espazo único?



Aproveito para convidar os seus compañeiros, deputados e deputadas, e contarlles a verdade. Este é outro dos motivos polos que o PP debería pedir perdón ao conxunto da área metropolitana de Vigo. A saída sur de Vigo será posible por esa entrada por túnel da que se rían os concelleiros do PP. E o PP non ten autoridade moral para reclamar esta saída nin para poñer deberes de prazos inmediatos. Porque, señor Comesaña, sería bo que nos contestase aquí que fixo o Goberno de Rajoy pola saída sur de Vigo. Respóndolle eu: absolutamente nada; o mesmo que en todo o relacionado co ámbito de Vigo: archivar en caixóns os proxectos e deixar caducar os prazos dos informes preceptivos. Rajoy ignorou a saída sur de Vigo. Agora o PP de Galicia vólvese o máis reivindicativo, cando ante os gobernos do PP en Madrid se mantivo en silencio e foi cómplice dos atrasos que, como sempre, deben resolver os gobernos socialistas.

Quero recordar que foi Pedro Sánchez quen retomou o proxecto da saída sur de Vigo e que foron, precisamente, gobernos socialistas en Portugal e en España os que impulsaron de forma decisiva esta saída sur de Vigo desde o convencemento de que é unha infraestrutura de futuro. Iso concretouse —e hai que recordalo— nos cumios hispano-portugueses da Guarda, en 2020, e de Viana, en 2023. Ese é o punto de partida, por moito que lle moleste ao PP. Esa senda necesariamente obriga a unha programación dentro da legalidade, que debe cumprir prazos, que serían moito máis curtos se o Goberno do PP apostase de forma decidida. E, ante a impaciencia do PP, débese facer aquí o recordatorio dos compromisos do Goberno de España que ninguén pode acelerar. O calendario e os prazos marcados polo Goberno de Pedro Sánchez son moi concretos. Estou seguro de que o señor Comesaña os coñece, e é unha pena que a súa falta de rigor lle faga omitir o que é un proxecto concreto e caia en vaguidades e vulgaridades con tal de querer colocar o Goberno de Pedro Sánchez como responsable.

Non funcionan os cronogramas periodísticos, señor Comesaña; vou lembrar os compromisos concretos e os seus prazos: estudo de alternativas, xa realizado; estudo informativo, adjudicado a mediados de 2023, e que conclúe a principios de 2025, con catas concretas, que esa é a fecha real, non a que dixo vostede. O contrato inclúe a tramitación ambiental, que leva a declaración de impacto ambiental, e posteriormente virá a licitación do proxecto —seis meses— e a redacción —preto de dous anos— e a licitación da obra, que permitirá empezar a construír en 2029. O compromiso do Goberno de España segue firme na liña Lisboa-Vigo. Estas obras a maiores poderanse financiar con fondos europeos; aqueles aos que o PP se opoñía, sen importarlle esa España á que tanto queren.

Señor Comesaña, o próximo cumio hispano-portugués celebrarase o próximo día 23 de outubro.

Falando de apoio concreto ao proxecto, dicía que o PP non ten autoridade moral para esta petición porque desde as súas filas, en concreto a presidenta de Madrid, apostou pola conexión directa de Lisboa-Madrid, en detrimento expresamente da de Lisboa-Vigo. Aquí sería onde o PP debería de posicionarse ante esa proposta, desautorizando a señora Ayuso, que é quen realmente manda no PP de España. Todo segue igual, o PP de Galicia, como nos tempos de Aznar e Rajoy: a confraría de silencio ante a señora Ayuso.

Para finalizar, proba do compromiso do Goberno de España é o investimento do Adif, de 49 millóns de euros, na denominada liña do Miño, para reforzar a conexión con Portugal no marco do corredor Atlántico, que lles recordo que prevé un investimento total de 265 millóns.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Bará, se defender o tren A Coruña–Porto ou Vigo–Porto significa ser candidato de algo, doulle a noraboa. (*Aplausos.*)

Míre, en Vigo, non hai ningún cisma, hai un proxecto sólido que desaloxou ao Partido Socialista e ao Bloque da Deputación de Pontevedra. Ese é o proxecto que hai en Vigo. (*Aplausos.*)

¿Algunha corrección? A liña Vigo–Porto está contemplada para 2030; o que hai para 2040 é unha mellora da velocidade. Como vostedes saben, o Goberno portugués utiliza a infraestrutura actual para poñer a alta velocidade, e hai unha primeira data, que é 2030, para facer unha primeira mellora e reducir os tempos, e unha segunda data, 2040, para facelo completo.

E, mire, se vostede realmente ten esa conexión co Goberno central, teno moi fácil: fale vostede co Goberno central e busque máis compromiso, que é do que se trata con esta PNL, de buscar máis compromiso do Goberno central. Creo que dei datos..., non eu, xa lle contestou o señor Font. Fagan vostedes unha declaración e saian dicíndolle ao secretario de Estado do Goberno portugués que non ten razón. ¡Se eu o que trouxen aquí foron as denuncias, as reclamacións nos periódicos españois e galegos da inquietude do Goberno portugués!, pero nin sequera a inquietude do Partido Popular, á que nos sumamos, por suposto, pero non somos sospeitosos de manexar información distinta do Goberno portugués.

Respecto do tren Celta, señor Bará, faga unha PNL para trasladarlle ao Goberno portugués que mellore o tren Celta e nós secundarémola. O que non imos secundar é unha PNL para que a Xunta de Galicia lle diga ao Goberno español que o Goberno portugués non priorice a liña Lisboa–Madrid. Isto non vai de: ou eles ou nós. Nós o que queremos é que o tren da Coruña a Lisboa se desenvolva co normalidade. Iso non significa que non se desenvolva outra. ¡Pero, vostedes ¿en que país viven?! Vai ter razón o señor Ojea de que vostedes cren que Galicia é un país dominado por unha potencia estranxeira e, claro, a potencia estranxeira non pode potenciar o eixe Lisboa–Madrid. (*Aplausos.*) ¡Home, a estas alturas!

Señor Font, que Aznar e Rueda son do PP é unha obviedade. É verdade que vostede non pode dicir o mesmo de Felipe González e de Sánchez; enténdoo, pero nós si, si que o podemos dicir. (*Aplausos.*)

E, mire, xa me explicará por que é unha vergoña que eu defenda a saída sur. ¡Xa me explicará por que é unha vergoña! Eu, como calquera galego ou calquera portugués, non podemos defender a saída sur.



Logo vén vostede aquí... Mire, eu levo en Vigo bastantes máis anos ca vostede, incluso antes de que vostede chegara eu xa estaba en Vigo, (*Murmurios.*) e sempre se falou en Vigo de que a estación pasante, a estación actual, ía ser así para poder dar á saída sur. Eu levo anos mirando o muro da estación, por aí ía saír o tren para Portugal. ¿Vostede non se enterou diso cando chegou a Vigo? (*Aplausos.*) ¿Por que a estación quedou onde quedou? Sempre se falou diso.

No 2008, os deputados e senadores de Vigo en Madrid xa lle preguntaban a Zapatero pola saída sur. O que fixo o señor Caballero cando chegou foi, en lugar de facela por onde ía e soterrala, metela nun túnel; túnel que, por certo, ¿quen pagou? ¿Quen pagou ese túnel? ¿Que goberno pagou o túnel que sae en Redondela? ¿Ou que goberno fixo a estación do tren que está actualmente alí, pasante, para poder...? Non, ¿quen fixo a estación? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O centro comercial fixérono votedes. (*Protestas.*) ¿Que pasaría se en Vigo fixeramos nós o centro comercial? Pero a estación fíxoo Ana Pastor como ministra de Fomento. (*Aplausos.*) ¡Que cousa me vén contar aquí!

En todo caso, respecto da emenda, nós non imos aprobar unha emenda que lle diga ao Goberno portugués que non priorice o que eles consideren priorizar. Nós queremos que o Goberno español —e a PNL vai diso— priorice a saída sur, neste caso, de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos ás votacións das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa da señora Elena Espinosa.

Non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica.

O señor PRESIDENTE: Presentes na sala, 71 votan afirmativamente, 34; votan en contra... Perdón, presentes, 70; votan afirmativamente, 34. Non, porque... (*Murmurios.*) Estou contando o voto do señor Secundino. Porque, ¿votou? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, está incluído. A ver, aclaramos este asunto.

Vamos ver, é que eu preguntei antes. Debido ás inclemencias do tempo, aí chove. (*O señor presidente do Parlamento, Santalices Vieira, sinala co dedo un lugar do hemiciclo.*) (*Risos.*) Entón,



non era normal que estivese sentado aí. Eu díxenlle ao letrado... *(Murmurios.)* Non, escoiten porque isto é importante, porque ese voto imputa... Non sei en que asento está sentado vostede. *(O señor presidente do Parlamento, Santalices Vieira, diríxese a un deputado.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿No de Montse Prado? Bueno, claro, entón, isto hai que aclaralo. Non vota Montse Prado dúas veces. Entón, ou pode volver aí e votar desde aí... *(Murmurios.)* Creo que é mellor. Se fai o favor... É mellor que vote desde o seu sitio.

Imos repetir a votación. Si, si, claro, claro. ¿Agora non chove tanto, non? *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero non ten asento? *(Un señor deputado: Non.)* ¿E como non ten asento? ¡Pero lévenlle un asento, por favor, alí e que vote sentado! *(Murmurios.)* ¡Home!, aínda hai unhas cantas votacións.

Repetimos a votación. Repetimos a votación de antes.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que retome con carácter permanente a Tarxeta Básica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.*

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista e do Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios de cofinanciamento do sistema galego de dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández.*



Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co fin de mellorar a xestión do Rexistro Vitícola de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Brais Ruanova.*

Hai unha transacción entre o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que consiste en que se aceptan os puntos 1 e 2 da emenda do Grupo Parlamentario Socialista, e o punto 3 é a propia proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de evitar a deslocalización de empresas beneficiarias de axudas provenientes da propia Administración autonómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor García Comesaña.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (*Murmurios.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, é que esa é a última. É que houbo unha alteración na orde do día. Está ben.

Votamos a do señor García Comesaña, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. **Votamos.**



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira con Portugal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe poñer en marcha na política de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto quinto, é dicir, coas interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora conselleira.



Señorías.

Non podemos comezar esta interpelación doutra maneira que reiterando a frustración e a rabia que nos produce o asasinato machista de Fadoua Akkar; asasinato que —quero recordar— deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos; polo tanto, en nome do BNG, quixera reiterar toda a nosa solidariedade cos seus seres queridos.

Este é o terceiro feminicidio oficial —como vostede sabe— deste 2024 no noso país. Antes deste feminicidio, o feminismo galego saíu xa ás rúas en agosto para condenar o asasinato de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos; e tamén antes, en marzo, ante o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza, vítima da violencia vicaria. Tres asasinatos recoñecidos pola estatística oficial —que sabemos que é sempre incompleta— incompleta, e á espera daqueles casos que están pendentes de estudo e de investigación; e incompleta tamén porque, malia ao que temos avanzado na última década, somos conscientes de que aínda hai prexuízos e limitacións na aplicación da lexislación e das definicións de violencia machista, e que, polo tanto, iso fai que, en moitos casos, especialmente nos que atinxen a mulleres en situación de prostitución ou especial vulnerabilidade, moitos deles queden na invisibilidade. Tres asasinatos que fan que, a comezos de outubro, xa academos as cifras finais de 2023, canto a feminicidios. Tres asasinatos que son a punta do iceberg, a consecuencia máis extrema dunha violencia machista que o ano pasado deixou en Galiza máis de 1.400 ordes de afastamento, 7.795 casos activos en VioXén —3.231 deles con protección oficial— ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, é dicir, a cifra máis alta da nosa historia e un aumento porcentual tamén maior de toda a serie histórica.

Está claro que os números son incuestionables; e detrás dos números hai vidas. Aínda que no contexto político de hoxe se banalice e se negue, a violencia machista existe e é o principal problema da vida das mulleres. E detrás de cada feminicidio —que, insisto, é a punta do iceberg dunha violencia profunda e estrutural— hai un fracaso da sociedade e das institucións porque hai unha responsabilidade institucional, que é a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres; hai unha responsabilidade —insisto— social e tamén institucional, e cada vez que se consuma un feminicidio temos que preguntarnos en que fallamos e que podemos mellorar. Un dos problemas, precisamente, do avance das posicións banalizadoras e negacionistas —que buscan moitas veces homologar a violencia machista a calquera outro tipo de violencia— é que hai, ás veces, unha individualización do problema, e iso é moi perigoso; é perigoso porque sitúa, moitas veces, a responsabilidade única en quen comete o feminicidio ou, peor aínda, incluso, ás veces, na propia vítima, rebaixando así a responsabilidade que tamén hai a nivel colectivo.

E nós, no BNG, insistimos sempre en que, como país, construímos unha lexislación ambiciosa, nun sistema, ademais, de protección e intervención moi importante, que axuda moitos días, cada vez máis, miles de mulleres, e iso debemos poñelo en valor e facémolo. Pero tamén insistimos en que sempre temos que cuestionarnos e sempre temos que preguntarnos que podemos facer para mellorar. Por iso tiñamos prevista na orde do día, señora conselleira, esta interpelación, e queremos preguntarlle —agora que, por fin, tiveron a ben, no Goberno galego, despois dun importante atraso, remitirnos os informes de



violencia machista, e agora que podemos contrastar os datos—: ¿que valoración fai o Goberno galego da evolución destes datos? Queremos profundar nas claves que podemos analizar en chave galega e tamén no *feedback* que podemos obter das mesas de violencia ou doutros instrumentos de participación; por iso preguntámoslle, señora conselleira, se desenvolveu a Xunta unha avaliación pormenorizada dos feminicidios en Galiza.

As tres mulleres que foron asasinadas no noso país no que vai de ano non estaban, por exemplo, en VioXén, pero tivemos, nalgunha ocasión, casos en que si, e incluso o propio Observatorio do Poder Xudicial analiza cada un dos feminicidios para ver que puido fallar no que atinxe ao ámbito da cadea xudicial, cando é así; cando hai unha persoa incluída na cadea de VioXén. Pensamos que a Xunta —salvando as distancias— na súa escala, é dicir, na escala dos seus instrumentos e do seu ámbito de actuación, debe facer algo parecido e preguntarnos sempre que puidemos ter feito mellor; polo tanto, preguntámoslle: ¿que aspectos considera vostede máis urxentes para mellorar o sistema de protección e que ámbitos de mellora detectaron no Goberno galego? No Bloque Nacionalista Galego facemos a nosa propia lectura e pensamos que, máis alá de todas aquelas medidas que vaian máis destinadas a todo o que ten que ver coa cadea xudicial e coa intervención urxente e que se poden activar cando hai unha denuncia, hai outras cuestións en que temos que mellorar e que son tamén importantes e estratéxicas. Eu hoxe quixera sinalar, de forma concreta, tres ámbitos que nos parecen estratéxicos para frear os feminicidios e para atender todas aquelas mulleres que están en situación de violencia; tres ámbitos en que —entendemos— hai moita marxe de mellora: un deles é a sensibilización; outro, o reforzo dos recursos de proximidade, especialmente os centros de información á muller; e, finalmente, tamén farei unha mención á atención psicolóxica.

No ámbito da sensibilización —empregando os propios datos da Xunta, é dicir, as súas propias cifras—, para nós é clara a conclusión de que non están chegando a sociedade como deberan e que vostedes están tamén, como Goberno, a rebaixar o seu esforzo. E poño dous exemplos. Por exemplo, unha das campañas que centraron máis os esforzos da Xunta de Galiza nos últimos anos; unha campaña interesante, Agresións Off, que, no 2023, vemos que reduciu os eventos á metade, que distribuíu só o sete por cento do material que distribuíra o ano anterior e que chegou a menos de dúas mil persoas; outro exemplo foi no ámbito do ensino —absolutamente estratéxico e fundamental para promover un cambio social—, onde non só seguen sen corrixir as medidas restritivas —como a eliminación da materia de igualdade—, senón que os programas apenas chegan a cubrir a comunidade educativa. Voume centrar só nunha parte da comunidade educativa, é dicir, no profesorado. Vostedes están presumindo, neste —nada conflitivo— inicio de curso escolar, de ter máis de trinta e un mil docentes en activo ao servizo do noso sistema educativo. Ben, pois entre o programa Iguálate e o plan Proxecta non chegan a cubrir, nin sequera, dez mil participantes, nin un terzo do total; polo tanto, entendemos que aí hai marxe de mellora.

O mesmo —insisto— a respecto desa segunda cuestión en que me quería centrar, é dicir, en todo o que ten que ver cos recursos de proximidade. O máis importante son os centros de información á muller e —pensamos— non están facendo esforzos en reforzalos. O apoio económico está conxelado e segue sen acordarse cos municipios e coa Fegamp un novo marco, tanto de financiamento como de funcionamento, para ampliar as categorías



profesionais e para garantir que o maior número posible do persoal estea estable e a xornada completa.

E, finalmente, quería facer unha mención a todo o que ten que ver coa atención psicolóxica, que, para o BNG, é a gran tarefa pendente no noso ecosistema de atención e protección ás vítimas de violencia machista porque é absolutamente fundamental a atención psicolóxica para dúas cuestións: para romper a espiral de violencia e para garantir a recuperación, de tal maneira que as vítimas pasen de ser vítimas a ser superviventes xa recuperadas. E segue sendo a gran tarefa pendente porque, na estimación que nós facemos, a atención psicolóxica que brinda a Xunta de Galiza só chega ao vinte por cento das vítimas, se comparamos as usuarias dos programas e os datos das que temos, por exemplo, en activo en VioXén.

Mañá é o Día da Saúde Mental e leva o Goberno galego facendo un intenso esforzo en publicidade e en propaganda nestes días, que vería calquera persoa que abrise un xornal. Iso está moi ben, pero nós preguntámonos: ¿para cando cumprir e desenvolver ese artigo 25 da Lei galega de violencia machista que hai dezasete anos comprometeu que ía ser a Atención Primaria, do Sistema público galego de saúde, a porta de entrada para a atención psicolóxica das vítimas? Hoxe hai grandes programas en colaboración coa Fundación Meniños ou co Colexio de Psicología, pero non é suficiente.

Estes son tres ámbitos que entendemos que son estratéxicos e, fronte a quen habitualmente —vímolo neste pleno— fai deste hemiciclo unha lameira, nós traemos propostas en positivo porque é a nosa forma de facer política; de facer política construtiva e feminista.

E remato xa cunha última reflexión, señora conselleira. Eu non sei se vostede ten tempo para ir ao cinema; eu tiven a ocasión de ir ver nestes días o último filme de Icíar Bollaín, que conta a historia de Nevenka Fernández, a primeira muller do Estado que conseguiu, hai vinte anos, unha condena —a primeira— por acoso sexual a un poderoso político; unha muller que foi sinalada, xulgada, criminalizada e repudiada ata o punto —de ser ela, non o seu agresor— de ter que cruzar un océano para refacer a súa vida. Un filme magnífico, no cal Bollaín consegue transmitir algo que paira no ambiente e que a propia Nevenka Fernández recollía nunha entrevista: que é que o acoso ocorre porque hai unha contorna que o permite; é así, o machismo actúa porque hai un ecosistema, unha contorna que o tolera e que permite que avance. Defíneo á perfección a letra das Fillas de Cassandra, que pon música ao filme: «Todos miran, pero ninguén ve».

E nós pensamos que, tendo en conta o avance da violencia machista, unha violencia machista que, desde que hai estatísticas, furtou a vida de máis de setenta mulleres no noso país, debemos preguntarnos se estamos mirando como debemos, se estamos poñendo as lentes lilas para reforzar os nosos recursos, e se vemos a onde non chegamos, ¿por que non estamos actuando con máis intensidade e con máis acerto? Esa é a nosa vontade con esta interpelación, é dicir, sinalar ámbitos de mellora e actuar en consecuencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para dar resposta ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Deputadas e deputados.

Señora Presas.

Moi boas tardes.

Antes de comezar, quero amosar toda a miña solidariedade e afecto coa familia e cos amigos de Fadoua Akkar, a veciña pontevedresa, de Salcedo, que esta fin de semana foi asasinada a mans da súa parella, (*Aplausos.*) e que se converteu na terceira muller vítima mortal en Galicia neste ano 2024. Especialmente, quero trasladar o noso apoio ao seu fillo, un rapaz de 13 anos que perdeu a súa nai polo sen sentido da violencia machista. E quero, ademais, amosar, nesta Cámara, a miña condena e o meu total rexeitamento a un acto tan brutal que nos conmociona como sociedade, que nos demostra que aínda queda moito camiño e moito traballo por facer e que nos debe facer redobrar os esforzos e os recursos que están postos á disposición das mulleres.

Polo tanto, señora Presas —créame—, coincido plenamente con vostede cando di que a loita contra a violencia de xénero e a violencia sexual debe ser unha prioridade e estar no centro da atención política, e debe tratarse como o que realmente é: unha agresión contra os dereitos humanos e contra a liberdade da muller. Precisamente por iso a loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para a Xunta de Galicia; unha Xunta de Galicia que traballa, dende hai anos, para tentar previr este tipo de violencia, para sensibilizar e para informar a poboación —especialmente a poboación máis nova— e para, se é necesario, actuar con dilixencia, ofrecendo esa abordaxe integral e personalizada en cada caso.

Pídeme vostede hoxe unha valoración dos datos de violencia de xénero. Coido que está moi clara cal é esa valoración: nunca poderá ser positiva cando exista en Galicia un só caso e cando mulleres, como Fadoua, morran nas mans das súas parellas. É evidente que mentres haxa unha soa muller que sufra as consecuencias da violencia non poderemos darnos nunca por satisfeitos, xa que, nesa loita, toda cifra superior a cero é negativa, e tennos que facer actuar e tamén reflexionar. Coido tamén que debemos evitar caer na autocompracencia ou nos usos partidistas que non nos deixen ver a realidade e debemos unir esforzos nunha loita común que afecta toda a sociedade galega, algo co cal —supoño— o BNG tamén coincidirá.

Pero —como digo—, fuxindo de valoracións e da autocompracencia —creo—, tamén é de xustiza poñer en valor todo o traballo feito ata este momento; un traballo de anos, grazas ao cal a Xunta mantén un apoio incondicional a todas as mulleres que sofren violencia de xénero, e que pon ao seu alcance todos os recursos que poidan axudalas a saír adiante coas súas vidas. E facémolo ao redor de dous eixos fundamentais: en primeiro lugar, apostando pola prevención e apostando pola sensibilización, con programas que buscan abordar as



raíces da desigualdade e promover relacións de respecto e de equidade. Facémolo con iniciativas que buscan mudar os estereotipos sexistas e promover o rexeitamento de calquera forma de violencia contra as mulleres. Apostamos por actuacións que inciden no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e na igualdade. En segundo lugar, ofrecemos unha atención integral ás vítimas, para o cal contamos cun dos servizos de tratamento psicolóxico ás vítimas máis completo de toda España. Ofrecémoslles atención xurídica gratuíta e poñemos á disposición de todas as vítimas unha axuda económica mensual ininterrompida, sendo a primeira comunidade en facelo.

Polo tanto, señora Presas, a aposta da Xunta de Galicia é incuestionable. E proba disto é que contamos coa Lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero e que, o pasado ano, aprobamos unha nova Lei de igualdade en Galicia que, pese a abstención do seu grupo, é a primeira lei que actualiza o marco normativo e que permitirá a posta en marcha de importantes medidas en Galicia; *(Aplausos.)* medidas como a creación de espazos urbanos libres de violencia de xénero, a aprobación do protocolo contra as agresións sexuais no lecer nocturno ou o reforzo da igualdade e da prevención en situacións de violencia no ámbito dixital. Este mesmo ano creamos unha Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero que permite atender mellor todas as vítimas, pero que, sobre todo, permite traballar na prevención de episodios machistas. Tamén neste mesmo ano 2024 multiplicamos por catro o orzamento destinado á área de Igualdade, en comparación co que vostedes destinaban no ano 2009; pasamos de 13,8 millóns de euros aos máis de 55 millóns de euros que se están investindo nestes momentos. *(Aplausos.)* E tamén xa lle avanzo, señora Presas, que neste ano 2025 seguiremos incrementando esta aposta. Farémolo cuns orzamentos que nos servirán non soamente para manter todos os recursos, os servizos e as prestacións —que xa temos nestes momentos á disposición de todas as vítimas en Galicia—, senón que tamén os imos reforzar e os imos ampliar.

Por iso é que, grazas a este traballo, conseguimos que Galicia sexa unha comunidade referente a nivel nacional. Fomos os primeiros en ter un Decreto de formación en igualdade, de prevención e de loita contra a violencia de xénero para todo o persoal da Administración pública; fomos tamén os primeiros en poñer en marcha o Servizo de quenda de garda para mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén para os seus fillos menores; fomos os primeiros en ofrecer asistencia integral aos nenos orfos por violencia machista; fomos os primeiros en ofrecer vivendas tuteladas para vítimas de violencia e que, ademais, padecen enfermidade mental; e fomos un dos primeiros en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero.

Fixo vostede referencia na súa interpelación aos últimos datos do Ministerio do Interior sobre violencia sexual; datos que poñen de relevo, aínda máis se cabe, a importancia nesta loita; datos que poñen de manifesto un aumento destes delitos non soamente en Galicia, senón tamén en todo o conxunto de España. Uns delitos que se incrementaron, entre outras razóns, porque cada vez máis mulleres denuncian e porque as políticas de concienciación social están provocando unha maior disposición das vítimas a denunciar. Poñen os seus casos en mans das forzas e corpos de seguridade do Estado, reducindo, desta forma, os posibles niveis de infradenuncia que puidese haber ata o momento. Unha circunstancia na cal teñen moito que ver medidas como a asistencia legal gratuíta e o asesoramento, como o



que ofrece a Xunta de Galicia; o que demostra que cada vez hai máis mulleres en Galicia que cren no sistema; que cada vez hai máis mulleres que están informadas; que cada vez hai máis mulleres que coñecen os seus dereitos; e que, por fortuna, hai máis mulleres que denuncian aquelas situacións machistas que viven no seu día a día. Hai outras cousas tamén que poñen de manifesto isto —ese mesmo informe a que vostede hoxe non fixo referencia— e que son unha imaxe do que pasa na nosa comunidade. Mire, en Galicia tamén se esclareceron máis delitos: resolvéronse 799, que é un 30,8 por cento máis que no ano anterior; en Galicia aumentou o número de detencións e tamén dos investigados, ata chegar aos 560, un 30,2 por cento máis; e que Galicia, nestes momentos, está no quinto posto en sufrir menos delitos sexuais.

Polo tanto, señora Presas, e en conclusión, hai máis mulleres galegas que denuncian nestes momentos; hai máis delitos resoltos e hai máis detidos, pero tamén queda moitísimo traballo por facer. Por iso na Xunta imos seguir analizando con detemento todos estes datos e tamén todos os datos que nos chegan doutras estatísticas, como é a do Consello Xeral do Poder Xudicial, que sitúa Galicia como a segunda comunidade coa taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España, quedando case trinta puntos por debaixo da media estatal. Pero tamén avaliamos outros dous informes elaborados pola Xunta: o último, correspondente ao ano 2023, que se presentou nesta mesma Cámara no mes de setembro; unha memoria que, entre outras cifras, nos achega que o ano pasado se presentaron máis denuncias por violencia de xénero, cunha tendencia claramente ascendente.

En definitiva, os datos dinnos, ás claras, que queda moito camiño por percorrer, pero o bo é que Galicia ten un Goberno comprometido coa erradicación da violencia de xénero contra as mulleres. Por iso imos seguir traballando nese completo marco normativo; imos seguir contando con programas de sensibilización, de prevención e tamén de concienciación; imos seguir dando atención, cada vez máis personalizada, a todas as vítimas, e proximamente tamén a atención se verá reforzada cos cinco centros de atención especializada 24 horas, en que todas as vítimas poderán recibir a atención psicolóxica, xurídica e social, porque a nós o que nos importa son elas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, vostede dixo aquí literalmente, nesta tribuna, que ían «redobrar os esforzos e os recursos». Eu, sobre o papel, cómprome esa afirmación. Boa parte do seu discurso, eu compraríallo, se non fose polo que omite e por algunha cousa que dixo tamén.

Mire, eu creo que, a estas alturas, o mínimo que debe facer o Goberno é dar este tipo de debates sobre o ecosistema que artellamos de loita contra a violencia machista cun mínimo de honestidade —cun mínimo de honestidade—.



Eu creo que fun medida e construtiva na miña intervención, que sinalei datos obxectivos sobre a realidade da violencia machista e sobre os seus programas e que fixen incluso propostas de mellora en ámbitos concretos de actuación. Polo tanto, o que pedimos, no BNG, é un mínimo de honestidade para dar estes debates porque non é honesto que, por riba, veñan vostedes aquí, despois de suprimir a Secretaría Xeral de Igualdade, vender a moto de que crearon a Dirección Xeral contra a Violencia Machista. ¡Home!, é que había xa unha Subdirección Xeral, e o mínimo era elevar o rango de Subdirección Xeral a Dirección Xeral, pero iso non omite que vostedes eliminaron a Secretaría Xeral de Igualdade. *(A señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, representa o número dous cos dedos da man.)* Pero, ¡vamos ver!, ¿vaime negar vostede que xa había unha Subdirección Xeral de Violencia e unha Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade, e o mínimo que podía facer era, de «sub-», elevar a Dirección Xeral? ¡Iso non é crear un instrumento novo!; en fin, iso é facer filibusterismo para dar a volta ao maior retroceso no rango institucional na loita contra a violencia machista que había no noso país. Esa é a cuestión.

Claro, veñen aquí presumir de cousas polo mal que o fan os demais; entón, como no resto do Estado hai autonomías gobernadas polo Partido Popular, que suprimiron axudas periódicas ou equivalentes que había contra a violencia machista, vostedes veñen aquí presumir de que agora son os únicos que as manteñen. ¡Claro!, é que, miren, se esperamos polo Estado español para avanzar en materia de igualdade, mal nos irá, pero sabemos que se vostedes non dan pasos atrás nesas axudas é porque hai un feminismo que as contestaría. En todo caso queda pendente, e volverémolo ver no debate orzamentario porque volveremos propoñer que aumente a contía desas axudas, pois cada vez que se aumentou foi porque o Bloque Nacionalista Galego o trouxo a este Parlamento e porque — sabe vostede —, coa crise de prezos, iso está quedando atrás.

E falou do orzamento crecente. Evidentemente, o orzamento terá que crecer toda vez que hai máis rexistro de violencia machista e, polo tanto, hai máis uso dos recursos. Agora ben, eu quería facer mención precisamente a unha cuestión que introducía vostede no seu final. En parte, o orzamento da Xunta en materia de violencia aumenta porque hai uns fondos europeos con destino finalista para a loita contra a violencia sexual. O que non compartimos con vostede é que vaia empregar eses recursos, en lugar de para fortalecer o sistema público de atención, para fortalecer os beneficios dunha empresa multiservizos que os vai xestionar de forma privatizada; polo tanto, ten hoxe a oportunidade de rectificar e de fortalecer o noso sistema de loita contra a violencia machista, en vez de avanzar na privatización intolerable dos futuros centros de atención 24 horas. Quedan dous meses de ano. Pedímoslle, unha vez máis, señora Fabiola, que rectifique nesta decisión. *(Aplausos.)*

E eu quería volver insistir nalgunha das cuestións que puxemos enriba da mesa, porque eu era a primeira en insistir en que temos recursos importantes, en que temos un marco legal moi importante, e temos que poñelo en valor. E nós poñémolo en valor, pero a forma de poñelo en valor non é quedar conxelados no tempo e conformarse co que hai, senón que é ver que podemos mellorar e en que podemos avanzar.

E falou vostede da sensibilización. ¿Que van facer para intensificar a sensibilización? Porque, efectivamente, avanzamos en delitos que son resoltos e procesados, pero tamén hai



indicadores preocupantes: houbo un aumento das violacións múltiples neste país, por exemplo. ¿Que imos facer no ámbito da mocidade e no ámbito do ensino para fortalecer aí a sensibilización? ¿Van dar máis pasos atrás, como ese recorte da optativa de igualdade, ou como ter unha formación para o profesorado que só chega a un terzo do profesorado en activo? Desde logo, iso é absolutamente insuficiente, como é insuficiente tamén o esforzo que están facendo nos centros de información á muller e que traeremos de novo a este Parlamento; e tamén, como é insuficiente todo o que ten que ver coa atención psicolóxica. Vostede falou de que é a máis completa do Estado. Mire, seguramente vostede coñece máis pormenorizadamente cada unha das dezasete autonomías e cales son os seus índices de traballo en materia de atención psicolóxica, pero a cuestión non é o que teñen os demais, senón o que temos nós; e temos unha lei que leva dezasete anos incumpríndose e que non garante a atención psicolóxica na atención primaria.

Onte houbo aquí unha interpelación ao conselleiro de Sanidade, na cal quedaron, negro sobre branco, as grandes eivas que hai na atención á saúde mental, pero, é que, no caso da protección ás vítimas de violencia machista —sabe vostede perfectamente—, os convenios, que son programas moi importantes e moi pioneiros...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e que nós valoramos positivamente, só chegan ao vinte por cento das vítimas que están activas, comparando a cifra, que é a máis restritiva, coa cifra activa que podemos comparar en VioXén. ¡Non chega! É que o convenio de atención co Colexio de Psicólogos, que fai un traballo magnífico, son ¡dez sesións!; ¡dez sesións! para recuperar a violencia machista, ampliables, como moito, ao dobre. Iso é absolutamente insuficiente e só chegou a menos de mil quingentas persoas, o ano pasado, do total de vítimas de violencia machista que houbo. Non chega, e nós queremos que se avance para que iso deixe de ser un artigo incumplido e pase a ser, realmente, un punto que nos faga ser a envexa doutras comunidades.

Polo tanto, señora conselleira, nós, no BNG, o que lle pedimos é que, diante deste 25 de novembro, en lugar de volvernos traer algún pastiche refrito de lexislación xa existente, como esa Lei de igualdade —na cal nos abstivemos porque, entre outras cuestións, non ofrecía un só avance concreto deses centros de información á muller; e sábeo perfectamente —...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e de traer promesas incumplidas ou discursos baleiros de contido; en lugar de traernos privatizacións cos recursos públicos de todos os galegos e as galegas... tráíannos propostas concretas de avance para dar saltos cualitativos a favor da loita contra a violencia machista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Presas, en materia de violencia de xénero ningún dato —repito—, ningún dato poderá nin deberá ser utilizado nunca para presumir ou para congratularse, senón que o camiño que temos por diante, como sociedade, é aínda moi superior ao cal avanzamos.

Un golpe de realidade que supoñen casos, como o desta mesma fin de semana, pero tampouco se deben usar todos os casos como arma política porque, con todo, non sería xusto obviar todos os recursos, todas as medidas e todos os esforzos postos en marcha polo Goberno galego ao longo de todos estes anos, e que non soamente permitiron consolidar a rede que creamos durante os últimos anos, é dicir, ese sistema de atención e de prevención da violencia de xénero, que imos seguir ampliando e que imos seguir reforzando. (*Aplausos.*) Imos potenciar as casas de acollida; imos poñer en marcha os cinco primeiros centros de crise 24 horas —gústelles ou non lles guste—; imos reforzar a atención psicolóxica ás mulleres nos núcleos rurais, que é algo moi importante; e imos ampliar a coordinación con todos os organismos e con todos os corpos e forzas de seguridade do Estado

Mire, señora Presas, eu non sei que é o que lle molesta de crear dúas (*A señora García Martínez representa o número dous cos dedos da man.*) direccións xerais, pero, mire, mentres vostedes se dedican a falar, esas direccións xerais xa comezaron a traballar para facer de Galicia un lugar máis xusto e máis seguro en que vivir. Por iso esa nova Dirección Xeral —que a vostede non lle gusta— de Loita contra a Violencia de Xénero xa iniciou, nestes momentos, os traballos para implantar a atención psicolóxica en todos os xulgados que atenden máis de cen vítimas de violencia de xénero cada ano; unha Dirección Xeral que ten propostas de mellora —como lles dicía— na atención nos núcleos rurais, e que tamén ten distintas medidas de sensibilización e de prevención da violencia entre a poboación máis xuvenil.

Mire, a vostede que lle gusta moito falar e dar datos, o único balance, señora Presas, que a vostede parece non interesarlle é o das vítimas revitimizadas por culpa da lei do só si é si; esa lei que nos levou a 1.200 rebaixas de condena e a máis de 126 excarceracións en toda España. (*Murmurios.*) Unha situación que se podería frear se se escoitase un pouquiño máis as recomendacións de todos os expertos xurídicos e de todas as persoas que traballan nesa materia. Unha lei do só si é si, para a cal o Bloque Nacionalista Galego premeu «si»; polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego é cómplice do Goberno, é cómplice tamén de todas esas excarceracións e de todas esas rebaixas de condena. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, señora Presas, o compromiso deste Goberno coas vítimas vai moitísimo máis alá de darlles ese respaldo económico que necesitan para poder romper co círculo de violencia que sufriron durante tanto tempo. Imos aumentar todas esas medidas e os recursos dirixidos a proporcionar un tratamento integral e un tratamento personalizado a todas as vítimas; polo tanto, estamos e imos estar sempre ao lado das vítimas. Por iso imos seguir poñendo á súa disposición esa axuda mensual única en España, que é financiada, ademais, co cen por cento dos fondos propios da Xunta de Galicia. Esas vítimas van contar



con ese apoio económico para que poidan saír adiante e para que poidan refacer as súas vidas; imos seguir ampliando e reforzando os centros de acollida e os centros de información á muller para que nunca ningunha vítima se sinta soa; e, por suposto, imos ofrecerlles cada vez máis apoio psicolóxico para que poidan reparar un pouco de todo ese dano que lles fixeron, tanto a elas como á súa contorna; imos seguir actuando en absolutamente todos os ámbitos da nosa sociedade para que iso nos permita previr, frear e tamén erradicar calquera tipo de violencia.

Un avance para o cal precisamos do compromiso e da colaboración de todas as administracións públicas; un compromiso que contribuirá, sen dúbida ningunha, para facer de Galicia un lugar libre de violencia, un lugar máis feminista e un lugar máis seguro para todas as persoas que aquí vivimos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten vostede dez minutos.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Para poñer un pouquiño en antecedentes o tema da interpelación, sinxelamente, vou lembrar que, ao final do ano 2023, nun encontro entre o alcalde de Ourense e o señor Rueda, entre outras cuestións que lle plantexou o alcalde, estaba a axuda da Xunta para plantar —naquel momento dixo— 10.000 árbores para paliar os efectos do cambio climático e da climatoloxía particular que ten Ourense —como todos vostedes saben—, especialmente no verán, cando se alcanzan, moitas veces, as máximas de España.

Naquel momento, o señor Rueda dixo que lle parecía boa idea, pero que o Concello a concretase nunha especie de proxecto, sobre o cal, ademais, dixo daquela o señor Rueda que podería converterse nunha experiencia piloto para, despois, traspasar a idea a outras partes de Galicia. O señor Rueda tamén noutro momento xa prometera para Galicia, en xeral, 250.000 árbores que substituirían especies invasoras e pirófitas.

O Concello de Ourense fixo os deberes, encargando a unha consultora un proxecto —que teñen todos vostedes e que tamén ten a Xunta—, no cal xa se fala, en termos cuantitativos máis estudados, do número de árbores necesarios, das especies e do custo económico, do cronograma de actuacións etcétera, etcétera. Un pouquiño contando con esa boa disposición do presidente Rueda, xa unha vez que obtivemos representación nesta Cámara e o noso



partido, Democracia Ourensana —formando parte agora do Grupo Mixto do Parlamento—, rexistrou esta interpelación, que vou agora tratar nos termos en que foi rexistrada.

O Grupo Mixto, configurado por Democracia Ourensana, toma consciencia de que o crecemento urbano en Galicia está ligado á perda de zonas verdes e ao aumento de temperatura polo efecto illa de calor, que son factores que repercuten negativamente na calidade de vida dos cidadáns galegos —como se falou moitas veces xa neste foro—.

Sen dúbida, a preocupación medioambiental foi aumentando nos últimos anos nunha cidadanía cada vez máis consciente dos problemas que supón non ter suficientes zonas verdes para a saúde, tanto física como psicolóxica —vostedes saben que a Organización Mundial da Saúde define a saúde neses termos: física, psíquica e social, é dicir, a saúde nas súas tres vertentes—, e tamén para a calidade de vida das cidades, onde se concentran os maiores grupos de poboación. Estes problemas acentúanse, se é posible, no interior de Galicia, onde a ausencia do mar contribúe para o aumento das temperaturas e para os seus valores máis extremos. E sábese que en Ourense é habitual que se alcancen as temperaturas máximas de toda España; unha situación insostible que xa ten provocado perda de vidas humanas por golpes de calor, polo que é urxente que se aborden medidas. Nese sentido, o presidente da Xunta de Galicia prometeu publicamente antes das eleccións —está recollido nos medios de comunicación, e hoxe en día, grazas aos buscadores, pódese atopar en calquera momento— 260.000 árbores para Galicia, das cales, polo menos, 10.000 serían para a cidade de Ourense, que é con diferenza a cidade máis castigada da nosa autonomía pola calor.

Segundo o Plan de infraestruturas verdes para a mellora da calidade de vida no concello de Ourense —que é o proxecto que todos vostedes teñen no seu poder e que foi rexistrado, xunto con esta interpelación—, presentado polo Concello de Ourense —do cal teñen coñecemento—, a renaturalización non só contribúe para o embelecemento estético da cidade, senón que tamén ten un impacto directo na mitigación do cambio climático, na mellora da saúde pública e na biodiversidade.

No marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e en liña coas liñas políticas de panca que promoven as infraestruturas verdes e a restauración dos ecosistemas, a plantación de árbores é unha das solucións máis eficaces para reducir o impacto das temperaturas extremas, para mellorar a calidade do aire —algo importantísimo tamén; as árbores, como todos vostedes saben, mediante a súa actividade fotosintética, depuran o aire contaminado das nosas cidades— e para aumentar a biodiversidade e a resiliencia climática. No citado documento técnico —repito, que todos vostedes teñen no seu poder; estou seguro de que xa lle deron, polo menos, un vistazo— destaca a proposta de plantar máis de quince mil árbores na cidade de Ourense, distribuídas en actuacións como corredores verdes, árbores de rúa ou recuperación de espazos degradados. Estas actuacións están claramente aliñadas cos obxectivos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que promove o ecoloxismo urbano e o fomento da biodiversidade.

Por todo isto, e ante a urxencia de implantar medidas eficaces contra a deterioración ambiental nos contornos urbanos, no Grupo Mixto solicitamos á Xunta de Galicia a seguinte



información. Son cinco preguntas que están na interpelación: ¿en que momento se atopa a implantación das 260.000 árbores que o presidente da Xunta prometeu aos galegos? ¿Ten prevista a Xunta a plantación de, polo menos, 15.000 árbores na cidade de Ourense, no marco das actuacións de renaturalización do municipio? ¿Que medidas concretas está a adoptar a Xunta para facilitar o financiamento das infraestruturas verdes urbanas a través dos programas de subvencións, como o impulsado pola Fundación Biodiversidade, tal e como se recolle nese plan de acción que presenta o Concello de Ourense? ¿Que mecanismos de cooperación interinstitucional están previstos entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para o desenvolvemento deste tipo de proxectos que impliquen a participación de universidades, asociacións veciñais etcétera, para conseguir un Ourense máis verde e saudable? E, ¿que actuacións concretas, por último, ten en marcha a Xunta para apoiar a creación de novos corredores verdes e para a mellora da conectividade dos espazos verdes nos núcleos urbanos de Galicia, seguindo o exemplo do Proxecto en Ourense?

Lembremos que o señor Rueda dixo que este proxecto para a cidade das Burgas podería ser unha estupenda experiencia piloto para logo implantar no resto das cidades de Galicia, especialmente as que compartan algún tipo de característica común, neste sentido, coa cidade de Ourense.

Nada máis e moitas grazas.

Esperamos a resposta do Goberno nesta cuestión.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ojea.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Señor Ojea, sabe vostede e, se non, xa lle comento que este luns o Consello da Xunta tomou razón de que Galicia se converteu na primeira comunidade autónoma en aprobar a súa infraestrutura verde.

É certo que era unha infraestrutura moi traballada, con moita participación, e é certo que levamos un tempo agardando porque o Goberno central non sacaba a súa, e entendiamos que primeiro tiña que ser a infraestrutura a nivel nacional e, a partir de aí, as comunidades autónomas. Fíxoo o Goberno central e, despois de supervisar que iamos na mesma liña, a Xunta de Galicia aprobou a primeira infraestrutura verde. Ningunha outra rexión ten preparada esa infraestrutura verde, e abrangue todo o territorio. Faise un estudo, tanto do eido rural como tamén das cidades, e centrámonos e poñemos o foco nas cidades porque



son as que emiten entre un corenta e un setenta por cento de gases de efecto invernadoiro; é dicir, as cidades emiten a gran maioría dos gases contaminantes.

É unha estratexia coa cal aspiramos a crear unha rede de espazos e tamén de elementos que melloren a resiliencia e o cambio climático, e que contribúan para a conservación da biodiversidade e que beneficien, por suposto, as poboacións da súa contorna —coincido con vostede en que unha cidade renaturalizada supón dar mellor calidade de vida aos seus cidadáns—, e, ao mesmo tempo, que contribúan para reforzar a posición da nosa comunidade como ese refuxio climático e destino turístico verde, non só a nivel nacional senón tamén a nivel europeo.

Esta estratexia —xa lle anuncio aquí— vai servir de modelo para a creación deses cintos verdes nas urbes galegas para renaturalizar as nosas cidades, con máis espazos verdes e con menos infraestrutura gris; pero para iso ten que haber unha planificación, e, efectivamente, esa planificación parte do que foi aprobado, e esa aprobación foi unha contribución de moitos entes, entre outros, tamén das universidades. Polo tanto, é un documento serio, un documento elaborado coa colaboración das universidades galegas que representará un cambio de paradigma na ordenación do territorio. Eu invítooo dende esta tribuna a coñecela e a participar desta estratexia, coa que pretendemos, ademais, fortalecer a coordinación entre as distintas administracións públicas para garantir o éxito da súa implantación.

Pero non é a única ferramenta que temos agora mesmo enriba da mesa, e iso era unha das preguntas que vostede formulaba nesa interpelación. Agora mesmo, en proxectos europeos, a Xunta de Galicia está xestionando 4 millóns de euros. Galicia é cosocia, xunto con Portugal, do Proxecto europeo Green Gap; aí participa a Deputación de Ourense e tamén participan cidades, como é o caso de Pontevedra, e eu ánimoo a que Ourense participe neste tipo de proxectos. Conta cun orzamento de 2,1 millóns de euros, e, precisamente, é para dar pulo ás infraestruturas verdes locais, á restauración da biodiversidade, á renaturalización e tamén ao deseño dunha paisaxe resiliente ante o cambio climático, tanto de zonas urbanas como de zonas rurais. Este plan ten como obxectivo contribuír para que as administracións locais xoguen un papel máis relevante na promoción das infraestruturas verdes en áreas e, neste caso, é a área transfronteriza, onde está Ourense; e en Ourense estanse levando a cabo xa proxectos deste tipo, en concreto, no Concello de Muíños que tamén coparticipa, e podía ter sido, polo tanto, na cidade de Ourense.

Preténdese, dende a escala local, protexer, conservar e poñer en valor a natureza, é dicir, eses elementos que conforman a infraestrutura verde; para iso —como lle dicía— ten que haber unha planificación. Non se trata tanto de falar de 10.000 árbores ou de 15.000 árbores. E —non sei— dixo vostede que todo o mundo coñece ese proxecto; eu non coñezo o Proxecto. É certo que se reuniu o alcalde de Ourense co presidente da Xunta de Galicia, e díxolle que ía sacar adiante un proxecto, pero nós non estudamos ese proxecto porque non o temos enriba da mesa. Ben é certo que onte anunciaba o presidente da Xunta de Galicia que si quitará unha liña de 3 millóns de euros que vai dirixida aos concellos e, sobre todo, ás cidades, cunha estratexia para renaturalizar, para plantar árbores, sempre cun estudo en profundidade, que si xa o fixeron vostedes, pois, benvido sexa.



Iniciativas como esta ou iniciativas como outro proxecto. Antes faláballo do Green Gap e agora fállolle do GIFT, do cal, neste caso temos que presumir; e temos que presumir porque a Xunta de Galicia foi proposta pola Comisión Europea para coordinar un proxecto que ten unha misión, que é establecer medidas e políticas sectoriais efectivas no eido da infraestrutura verde, e diso vaise alimentar tamén Europa para, despois, distribuílo no resto das rexións. Neste caso, concedéronnos unha axuda de 1,9 millóns de euros, e ímonos centrar, xunto con outros nove países da Unión Europea, nos bosques, nas árbores, nas paisaxes que albergan os territorios asociados, e, unha vez máis, volvemos ás cidades. Estes proxectos, xunto coa infraestrutura verde, xunto coa Estratexia que acabamos de aprobar, son unha boa mostra da sensibilidade que ten o Goberno galego cos nosos espazos e, sobre todo, coa sensibilidade que ten coas persoas.

Como pode ver, ademais, o traballo que estamos a desempeñar no Goberno galego está sendo ben visto pola Comisión Europea, e por iso nos está seleccionando. Con este traballo, señor Ojea, o único que buscamos é contribuír para o bo estado dos ecosistemas que propician unha serie de beneficios; beneficios que, ao final, son de todos os que residen no noso territorio, e, onde máis reside a xente, por suposto, é nas cidades. Por iso temos que seguir afondando, e estamos afondando na calidade das nosas augas, por suposto, na calidade do noso aire, e hai que seguir traballando na redución desas illas de calor.

E, efectivamente, en Ourense hai traballo por facer. E eu aí convido o Concello de Ourense non só a dicir que quere plantar 15.000 árbores, senón que hai que facelo máis en profundidade. Se analizamos as temperaturas de Ourense, podemos ver que a media deste verán, no mes de xullo e no mes de agosto, estivo en 30 graos; se analizamos A Coruña, porque ten mar, por suposto, e outras cousas, a temperatura estivo nos 22 graos; e Lugo, nos 24 graos. Iso quere dicir que na infraestrutura verde, por suposto, se fará un maior fincapé en Ourense. E temos que traballar xuntos neste camiño; e traballar xuntos significa coñecer, de primeira man, o que vostedes fixeron e, se xa o poden adaptar á infraestrutura verde de Ourense, pois dende aquí brindaremos por que sexa Ourense a primeira cidade que teña a súa infraestrutura verde. Tena Galicia, e agora tócalles ás distintas cidades e ás distintas vilas. *(Aplausos.)*

A promoción da infraestrutura verde é eses espazos verdes que deben estar interconectados, pero eses espazos verdes son árbores, e, á parte de árbores, temos que pensar no coidado desas zonas, deses espazos verdes; non podemos abandonalos para que despois veñan os xabarís e o levanten todo. E aí eu tamén lle tendo a man para contribuír co Concello de Ourense, aínda que non sexa competencia da Xunta de Galicia porque facemos o traballo onde temos que facelo, que é no eido rural. Ourense ten un problema e ese problema hai que abordalo. E sabe vostede que nos puxemos en contacto, en varias ocasións, para a instalación de gaiolas, ao igual que fixemos noutras cidades. E —eu creo— non deben perder máis o tempo, porque, se o que hai agora mesmo o abandonamos, de nada serve dicir «é que queremos plantar árbores, e se son froiteiras...», pois imaxine se seguimos nesta situación.

Polo tanto, tamén o convido a que, ao igual que fan outras vilas, como pode ser Sada; e digo Sada porque foron 36 xabarís capturados polas gaiolas, e dígoo por aquilo de que, ás veces, hai certos alcaldes ou en certas cidades que cren que «pero menuda tontería é esa». Dixen



Sada, como podo dicir Oleiros ou como podería dicir Arteixo, onde tiñan un problema que era moi acuciante, e solicitaron a colaboración da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia fíxose cargo de todos os gastos e da instalación das gaiolas e o Concello puxo á disposición os espazos para poder atrapalos.

E eu vexo que aquí hai xente que bota as mans á cabeza e a verdade é que é ben pouco serio todo isto, pois ao único a que se dedican é á crítica. E non é o seu caso, señor Ojea, pois non botou as mans á cabeza, pero como miran para todos, pois esa é a realidade.

Bueno, vou pechando a miña primeira intervención. Estamos en moi boa posición, señor Ojea, e digo, señoras es señores deputados, somos a primeira comunidade autónoma que acabamos de aprobar a Estratexia da infraestrutura verde. Facémolo tan só un mes despois de que a aprobase o Goberno central; tiñámola redactada, pero agardamos por se tiñamos que facer adaptación. Estamos en moi boa posición para captar fondos europeos; xa temos captados dous fondos europeos nesa liña. Nesa liña están contribuindo cidades, como é o caso de Pontevedra e ben podería facelo tamén Ourense.

Polo tanto, poñámonos a traballar, fagámolo de xeito planificado e saiba vostede que disporán de 3 millóns de euros para facer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...a renaturalización de espazos en cidades, como pode ser o caso de Ourense.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, eu as mans á cabeza botábaas hai moitos anos para apartar o flequillo, pero agora xa non me fai falta. (*Risos.*)

Mire, imos ver, vostede dixo que... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

(*O señor Ojea Bouzo vírase cara ao señor presidente.*) Fíxolle graza ao presidente. ¡Claro!, el presume, como ten todo o pelo... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Vou empezar polo final. Dixo que, en canto ao problema dos xabarís, vostedes se ocupaban fundamentalmente deste problema no ámbito rural e non nas cidades. Si, pero é que os xabarís cando chegan ás cidades é porque non foron controlados no ámbito rural porque os xabarís nas cidades non nacen, ¿non? Eles prefiren antes as carballeiras, cheas de belotas e de landras, que as prazas asfaltadas. Cando chegan á cidade é porque non foron controlados



no rural, e acaba de recoñecer vostede que é competencia da Xunta o feito de mantelos en poboacións controladas, segundo un equilibrio ecolóxico lóxico.

Imos ver, a min sorpréndeme que me diga que non ten o Proxecto porque foi rexistrado xunto coa interpelación. Aquí teño o número de rexistro: 11.904 para a interpelación e 11.905 para o Proxecto, que é bastante máis profundo que falar de 15.000 árbores. Aquí está. (*O señor Ojea Bouzo mostra un documento e le diferentes epígrafes deste.*) Mire: proposta de actualización, metodoloxía, intervencións urbanísticas, resumo das cifras das dotacións, estimación económica, cronograma... Aquí están as rúas, unha por unha, cos tipos... Mire, rúa Monte Medo, rúa Monteseixo, rúa Murillo, e están aquí especificadas as especies. ¡Bueno!, quere dicir que é un traballo feito por unha consultora, PUAX Green Urban Data, en xuño do ano 2024 —non pasa nada, pois, ao acabar a interpelación, fágolle chegar esta copia; achégome aí ao escano e doulla—. Quere dicir que este programa que lle prestamos foi pagado polo Concello de Ourense, está feito por profesionais e tampouco é para desbotalo así, sen máis.

A cuestión está en que non me respondeu practicamente ás preguntas que lle fixen; respondeu con abstraccións —digamos—, coas intencionalidades, en abstracto, que pensou facer a Xunta a nivel de Galicia, pero en termos moi abstractos, cando eu lle estaba preguntando, moi concretamente, polas intencións a respecto da provincia de Ourense, e, ademais, nuns termos moi concretos, expresados nas preguntas que fixen. E non sei se volverllas a repetir: ¿en que momento está a implantación das 260.000 árbores que o presidente da Xunta prometeu aos galegos?; ¿en que situación se encontra a execución desa promesa? Se pensou en plantar esas 15.000 árbores, segundo un plan de acción, que está aquí, (*O señor Ojea Bouzo mostra o referido documento.*) na provincia de Ourense etcétera, etcétera.

¡Bueno!, estamos de acordo en todo o que dixos de que a renaturalización das cidades é fundamental, desde logo, pola contaminación do aire, por unha contaminación —moi interesante— que se nos pasou nomeala, que é a contaminación acústica. Vostede sabe que unha das maiores fontes de estrés e de perda de saúde nos cidadáns porque —xa sabe vostede— o ruído incrementa o nivel de cortisol e iso produce unha serie de enfermidades cando se cronifica a influencia do ruído. Vostede tamén sabe que o ruído é a causa fundamental de abandono das vivendas —no sei; non recordo a cifra—; o 95 por cento das veces que as persoas venden a súa casa, ou marchan da súa casa, ou marchan para vivir para outra cidade, ás veces, incluso tendo que cambiar de traballo..., é porque hai algunhas fontes de ruído nas proximidades das súas vivendas que lles fan imposible as súas vidas neses sitios. Fálase, desde logo, de ruído crónico. Un ruído puntual, por motivo dunha festa ou dunha obra, calquera o pode soportar, pero cando é un ruído crónico, iso é insoportable. E unha das cuestións que minimiza os efectos son as árbores; as árbores e as plantas, en xeral, son absorbentes do ruído —como vostede sabe—, son das mellores estruturas que absorben as ondas acústicas.

¡Bueno!, entón a min gustaríame que na segunda intervención —eu se quere, non sei; se quere vouto levar ata aí—, (*O señor Ojea Bouzo mostra o mencionado documento.*) se lle dá unha visual e lle ve visos de —aínda que sexa agora a *vuelo de pluma* ou a *uña de caballo* como se



acostuma dicir—, que lle parece ben este proxecto, e, se non, xa o mirará despois con calma, para que a Xunta de Galicia poida axudar a cidade de Ourense a minimizar os efectos da climatoloxía extrema que ten, especialmente non verán, que afecta á calidade de vida e á saúde.

Tamén está a cuestión dos incendios. A provincia de Ourense foi das máis castigadas polos incendios. Hai que repoboar con árbores, aínda que só sexa pola perda que se tivo nos últimos anos no contorno rural da cidade e no resto da provincia.

Entón, se na segunda intervención me responde cun pouco máis de concreción ás cuestións que se lle plantexaron na interpelación, moi ben, e, se non, seguiremos insistindo, dentro dos recursos que se nos faciliten, encima do Goberno para que esta e outras cuestións relacionadas coa provincia de Ourense se poidan ir levando a cabo.

E agora, segundo vou acercándome ao escano, voulle deixar un exemplar dese proxecto que vostede dixo que non ten.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Ojea, dúas cousas: primeiro, debe rexistralo na consellería; dígoo por aquilo de que está moi ben que o rexistre para os deputados, pero a consellería debe telo rexistrado para facer os estudos pertinentes. En segundo lugar, eu preguntáballes aos meus compañeiros cando rexistrara vostede esta iniciativa, e dixéronme que o 25 de setembro; pois dende o 25 desde setembro ata hoxe uns quince mil árbores imposible, é que non vai. Se me di vostede: ¿e que fixo? Pois é que sen documento é imposible facer absolutamente nada. Co cal eu creo que é bo que cando calquera alcalde, calquera representante vén para pedir algo e ten razón, que traia o seu proxecto, e a partir de aí vemos se é viable ou non é viable.

Tamén me pregunta vostede: ¿e eses cento e pico mil árbores que prometeu no seu día o presidente da Xunta de Galicia? Sabe que temos as nosas infraestruturas. E cando falamos de infraestruturas, temos uns ríos onde se fai plantación de árbores porque hai rexeneración e, á parte, temos unhas estradas onde tamén se fai a rexeneración correspondente. É dicir, son árbores que se plantan ao longo de todo o territorio, e saben que unha das formas, entre outras moitas boas, para que non haxa inundacións pois é tamén a plantación de árbores nos ríos. Co cal xa lle adianto que vai ben a plantación desas cento vinte e cinco mil árbores.

Unha cousa son esas árbores, outra cousa é a infraestrutura verde e como debemos de implantala no territorio e, polo tanto, como debemos de implantala nas cidades. E eu dígo lle: temos a base, e se nese documento se cumpren as expectativas do que é a infraestrutura



verde, ¡benvido sexa!, porque converteríanse vostedes cambiándolle o título na primeira cidade que ten unha infraestrutura verde, e ¡olé por Ourense! E se non é así, deberíamos de encauzalo sobre todo para a obtención de fondos e velar por que a cidadanía de Ourense, ao final, poida loitar xunto coas administracións para que esa illa de calor que ten sobre todo no verán a poidamos ir amortecendo.

Dicíame vostede que os xabarís chegaban ás cidades porque antes non paraban no rural. Pois eu voulle dicir que foron 18.500 xabarís capturados dende xullo do ano pasado ata xullo deste ano, máis de oitocentos na provincia de Ourense. Pero, claro, é que nas cidades os cazadores non van, e como non van porque non poden ir, pois é que non queda máis que poñer gaiolas, e a vostedes non lles queda outra máis que sacar os encames que teñen os xabarís. E eu dígolle: había cidades onde os tiñan empadroados, era o caso da Coruña, e digo «empadroados» porque xa nacían alí, sabíase perfectamente onde estaban. Pero á alcaldesa déuselle por dicir en véspera de eleccións que non quería saber nada da Xunta. Cando a alcaldesa decidiu colaborar coa Xunta de Galicia —¡fíxense!— xa non hai problemas cos xabarís na Coruña. Mañá poderán aparecer outros, ¿vale?, pero de momento non, xa non hai problema. Tomen nota e, polo tanto, faga vostede o mesmo dende Ourense; se non é polo ben da consellería, é polo ben da cidadanía, da xente que vive en Ourense.

Entón, é bo que non fagamos esas cousiñas de: *es que a mí no me toca, y a mí me toca*. Tócalle ao concello, pero tocándolle ao concello porque é parte urbana, a Xunta de Galicia vai estar ao carón do concello. Ao igual que imos estar tamén coa infraestrutura verde. Ao igual que se vostedes queren colaborar en proxectos europeos, igual que outras cidades, iremos da man e executaremos todas as accións necesarias na cidade en si.

Ao final, do que se trata é de ter cidades de calidade, zonas de calidade, lugares axeitados para poder vivir e para poder desfrutar; especies arbóreas, as idóneas, sacando moitas veces que nos xardíns, por erro ou por descoñecemento, se plantan especies das que o resultado non é o mellor para as cidades, e incluso acaban converténdose en invasoras. E isto, ademais, vainos levar tamén a que cando haxa enchentes de auga pois a absorba mellor a terra e deixemos un pouquiño atrás as infraestruturas grises, un pouquiño menos de cemento para poñer un pouquiño máis de verde.

Polo tanto, á súa enteira disposición, ao igual que do resto de Galicia, pero o que si lle pediría é que cando vostede teña un proxecto —e independentemente de que queira que o coñezan todos os deputados e deputadas— a canle que vostede ten que seguir é o rexistro na consellería correspondente, e se queren ir directamente ao presidente, pois tamén. Pero o rexistro tense que facer na Xunta de Galicia polo ben de todos. É como se fan as cousas e, ao final, non perdemos tempo.

E dito isto, eu creo que é unha moi boa noticia que Galicia sexa a primeira comunidade autónoma que ten aprobada a infraestrutura verde.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pasamos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento en Galicia da proposta de gratuidade da matrícula universitaria

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Cecilia Vázquez Suárez, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Benvido, señor conselleiro de Educación.

O Sistema universitario público de España sitúase entre os máis caros da Unión Europea. Segundo un informe da central sindical Comisións Obreiras-Ensino tan só o 29 por cento dos estudantes universitarios reciben unha axuda do Goberno do Estado. Este é un dato demoledor que reflicte o pésimo apoio de Pedro Sánchez e os seus socios ao presente e ao futuro do país, que colocan a nosa xuventude na cola de Europa en materia de igualdade, accesibilidade e progreso, e que, por riba, deixan fóra das principais axudas a familias que están por debaixo do limiar da pobreza. Por outra banda, están as axudas das comunidades autónomas, entre as que existen acusadas diferenzas; están o resto das comunidades autónomas e despois está Galicia.

Señor conselleiro, coa máxima humildade, dígolle: en Galicia si podemos falar de universidades, e ademais temos moito que contar. A universidade pública galega viviu unha auténtica transformación na última década da man de políticas públicas que apostaron pola calidade docente, a excelencia investigadora, a transferencia do coñecemento e a especialización.

As principais políticas públicas en materia universitaria da Xunta de Galicia nestes anos estiveron marcadas por verdadeiras políticas de apoio ás familias que garanten o acceso de todas as persoas aos estudos universitarios. De feito, a Xunta do Partido Popular foi pioneira en propostas como a conxelación dos prezos da universidade durante catorce anos consecutivos, unha medida que permite un grande aforro anual ás familias. Para seguir avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia desenvolveu en tempo récord a bonificación dos prezos da matrícula universitaria, tanto para o alumnado que inicia estudos como para o que continúa e supere un número de créditos. Galicia xa é a primeira comunidade que permite cursar un grao de xeito gratuíto dende o primeiro ao último curso. E esta proposta únese a todas as impulsadas estes anos para asegurar a excelencia, facilitar o acceso a todas as persoas, fomentándose o esforzo e o rendemento académico.

E por todo o exposto, señor conselleiro, gustaríanos que nos dera resposta á seguinte pregunta: ¿como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da proposta de gratuidade da matrícula universitaria respecto do número de beneficiarios e beneficiarias?, ¿e en que se traduce esta medida de forma inmediata?



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Obviamente, a nosa percepción desta medida é tremendamente positiva. É tremendamente positiva porque somos absolutamente defensores do papel que ten a educación, que ten un sistema educativo no seu poder transformador e na capacidade de xeración en igualdade de oportunidades para todos os cidadáns, e, sobre todo, tamén para que as persoas poidan dende a súa xuventude, dende a súa mocidade, prepararse para desenvolverse no futuro. Tomamos moi en serio as políticas educativas e, obviamente, traballamos para posibilitar e facilitar un sistema educativo que ensine en calidade, que teña calidade, que teña excedencia, pero que tamén que sexa equitativo, que teña unha gran dose de equidade e que eduque en igualdade de oportunidades e tamén en valores.

No ámbito concreto da ensinanza superior, das ensinanzas universitarias, para nós é moi importante, ten sido moi importante ao longo dos últimos anos, favorecer o acceso a elas; é dicir, que ningún estudante quede fóra do sistema universitario por cuestións económicas. Así o fixemos dende hai quince anos cunha conxelación pioneira no seu momento das taxas universitarias, que posteriormente mesmo un ministro, que non ten nada que ver dende a perspectiva ideolóxica co Partido Popular, como foi o ministro Castells, no seu momento puxo de exemplo para o conxunto de España e foi estendida ao resto das comunidades autónomas do conxunto de España. Isto posibilitou que durante moitísimos anos o acceso á universidade galega fose o máis accesibles do conxunto de España e tivese os prezos públicos máis baixos, para favorecer —como estou dicindo— a igualdade de oportunidades, para favorecer que ningún estudante quede fóra do sistema universitario por cuestións económicas. E iso posibilitou ao longo dos últimos anos un aforro medio de aproximadamente dezaseis millóns de euros para as familias, que fan un montante aproximado de douscentos millóns de euros, douscentos millóns de euros que quedaron nas familias.

Con esta medida —unha medida que foi unha promesa electoral no seu momento e que cumprimos no ámbito dos cen primeiros días— estendemos e demos un paso máis a favorecer o acceso á universidade. E favorecémolo cunha medida pioneira e única en Galicia, que posibilita que un alumno dende que entra nunha escola infantil poida saír da universidade dentro dun sistema educativo público absolutamente gratuíto e accesible. Somos —como xa digo— a primeira comunidade e polo de agora a única —aínda que estou seguro de que esta medida será copiada— que posibilita que moitos alumnos galegos, aproximadamente vinte mil, poidan ter un acceso á matrícula gratuíta tanto na carreira universitaria como nos estudos superiores no ámbito da formación profesional. Neste momento xa temos validadas sobre dez mil matrículas, 9.600, e en breve variarán o resto. Isto vai supoñer un aforro medio para cada familia en particular de 3.000 a 4.000 euros.



En definitiva, unha medida que permite, por unha parte, a igualdade de oportunidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e tamén manter a cultura do esforzo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, pola claridade na súa resposta e pola súa xa habitual transparencia nesta cámara.

Por certo, a proposta da que estamos a falar —como ben dicía— está incluída no programa electoral do Partido Popular de Galicia; programa que se pode consultar na web ppdegalicia.com/programa, concretamente nas páxinas 23, 24 e 25. E digo isto porque onte algunha deputada facía algunha pregunta de sobre onde estaba o programa do Partido Popular; pode acceder aí e consultar todo o que queira.

Acúsannos de facer anuncios, propaganda e acordos de vergoña, pero o certo e verdade é que no Partido Popular de Galicia os anuncios que facemos cumprímolos, e este é un exemplo de moitos. Comprometémonos a que a perspectiva demográfica se incorporase a todas as políticas públicas, especialmente, nos ámbitos familiar e educativo, entre outros; tamén a considerar políticas prioritarias para o impulso demográfico, as que faciliten a emancipación da xuventude, con programas específicos que promovan o seu acceso a empregos estables e de calidade, para o que resulta fundamental, entre outras medidas, facilitar o acceso universal aos estudos universitarios.

Despois están as promesas, as promesas que tamén foron nalgún programa electoral, por exemplo, no programa electoral do Partido Socialista, no programa electoral do actual presidente do Goberno, que nos recordan á canción do grupo galego *Los piratas*, *Promesas que no valen nada*. Por unha banda, promesas que no valen nada e, por outra, cumprir coa palabra. Eses son dous modelos ben diferentes, o modelo da mentira e o modelo da verdade. Pero imos falar do realmente importante...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: ...señor conselleiro. ¿Cales son as medidas das políticas de aforro...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. (*A señora Vázquez Suárez pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas. (*A señora Vázquez Suárez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)



Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señora deputada.

Con esta medida o que fai a Xunta de Galicia é garantir que o acceso ao ensino universitario galego sexa o máis accesible de España. Xa o era, xa o era con anterioridade, e con esta medida moito máis.

Tamén se cumpre coa palabra dada, tamén se cumpre cun anuncio electoral, cunha proposta electoral que foi creo que un dos eixos centrais na campaña electoral, e que fomos capaces de cumprir nos cen días. Creo que iso é moi positivo: dicir o que se fai e facer o que se di. É básico para que os cidadáns recuperen en certa medida a confianza na súa clase política.

E tamén en certa medida nos adiantamos. Creo que somos os primeiros que universalizaremos esta medida, sen renunciar, por outra parte, á cultura do esforzo, xa que así como en primeiro é universal para todos os alumnos que teñan feito a proba da ABAU en Galicia, no segundo e seguintes anos imos ter que ter unha porcentaxe mínima de créditos aprobados para poder beneficiarnos desta medida. Isto é combinar, por unha parte, o fomento da igualdade de oportunidades coa promoción da cultura do esforzo.

É certo que unha administración seria e responsable ten a responsabilidade de facilitar que as familias poidan desenvolverse no sistema educativo dentro do maior marco posible de igualdade de oportunidades. Levamos anos, xa moitos anos, facendo políticas que precisamente están orientadas a favorecer a igualdade de oportunidades e tamén a apoiar aquelas familias, aqueles alumnos, que máis o precisan.

Aproximadamente, sen contar transporte escolar, a Xunta de Galicia, coas súas medidas, supón un aforro duns 100 millóns de euros para as familias galegas. Facémolo en moitos ámbitos, por exemplo, nos libros de texto, onde o 70 por cento das familias se benefician destes proxectos. Repartimos tamén, nos fondos de libros dos centros educativos, 400.000 libros co cambio da lei. Reforzamos as axudas a material escorar; facilitamos e aseguramos a adquisición de competencias dixitais; mantivemos conxelados nos últimos anos os prezos dos comedores escolares; e este ano, como digo, damos un paso máis, facilitando que uns vinte mil alumnos teñan o servizo educativo universitario absolutamente gratuíto; repito, facilitando ou posibilitando manter un equilibrio entre a cultura do esforzo e, por outra parte, a igualdade de oportunidades.

En definitiva, isto faise tamén en colaboración coas universidades, para que estas non perdan nin un só euro, para que todos aqueles recursos que deixan de ingresar polas taxas, polos prezos públicos, os aporte a Comunidade Autónoma. Xa se transferiu unha parte significativa dos recursos, uns seis millóns, para as universidades, para facilitar a tesouraría. Estamos a falar de 20.000, dos cales 10.000 xa están depositados.



En definitiva, con esta medida tamén se dá unha resposta a unha medida dun programa electoral que tamén pensa na xeración de igualdade entre as persoas, dicindo o que se fai e facendo o que se di.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Daniel Castro García e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante os acordos adoptados relativos aos agrupamentos de alumnado de diferentes ciclos educativos no CEIP Castro de Ouro, de Alfoz

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Parece que hoxe vai ser unha tarde destas de moitos casos illados e de «trompetas de Jericó», como di vostede, porque só botando unha ollada rápida á orde do día xa vemos que hai catro preguntas que falan sobre eivas de docentes e problemas de infraestruturas; melloras que reclaman moitos centros educativos do noso país. E, ao final, este que ía ser o mellor ano da historia da educación pública galega, pleno tras pleno e comisión tras comisión, o único que vemos aquí é que se traen problemáticas de falta de profesorado, e ademais de centros que van de leste a oeste e de norte a sur do noso país.

Por iso xa lle pregunto: ¿cal vai ser a resposta que lle vai dar ao Bloque Nacionalista Galego, pero o máis importante, á ANPA do colexio de Alfoz, do colexio Castro de Ouro —que xa aproveito, xa que está aquí con nós, para saudala—? ¿Vai dicir que son radicais, que son alarmistas, que, como di, son do BNG —porque todos os que non lles dan a razón son ultimamente do BNG—; ou será, ao mellor, que son pais e nais que o único que queren é que os seus fillos e fillas teñan unha educación normal, pública, en pleno 2024 e, sobre todo, de calidade?

Porque hoxe, que traemos aquí o problema do CEIP plurilingüe Castro de Ouro, de Alfoz, están a reclamar algo tan sinxelo como que se cumpra o asinado. E é certo, desde o BNG dixemos que o acordo que asinaron non era positivo, que non nos gustaba. Iso si, cando se asina algo, eu entendo que hai que cumprilo, e vostedes en Alfoz non o están a facer.

Vostedes agruparon os nenos e nenas de primeiro, segundo e terceiro, cando suman un total de 15 alumnos e alumnas. E isto non o podían facer, porque son máis de 12. É algo sinxelo, é cuestión de números. E, por se fose pouco, este centro contaba o curso pasado cunha PT a media xornada. Entón, aquí o que decidiron xa directamente foi quitarlla, a pesar do informe de necesidades que dende o colexio enviaron. Desde o PP decidiron que non, que non era necesario, que este centro podía dar unhas aulas totalmente normais sen esta PT coa que xa contaban. E iso que xa estamos a outubro; é dicir, que os problemas xa se viron.



¿Vostedes cren que isto é educación de calidade, que isto é reforzar que a xente vaia vivir ao rural? ¿Pensan que isto é un exemplo, como dixeron todos estes meses, do ano de máis modernización do ensino en Galiza?

Porque logo, ademais, está o tema das formas, que creo que en política seguen sendo importantes, aínda que non o parece. Se unha ANPA ou se un centro educativo lle mandan unhas cartas en xuño, tanto a vostede, á súa consellería, como á Presidencia, pois polo menos podían ter o detalle de responderlles; algo que non fixeron. Déronlles a calada por resposta neste caso.

Vou ser directo, este problema é algo sinxelo: os nenos de Alfoz precisan dunha mestra ou dun mestre máis e dun PT ou dunha PT máis. ¿A Xunta vai cumprir ou non? ¿A Xunta vai cumprir ou vai seguir sacando notas de prensa moi bonitas, pero os problemas reais van seguir aí, véndose día a día?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Pois moitas grazas, señor presidente.

Eu agradezo as preguntas que me fan en sede parlamentaria, sobre todo algunhas, porque permiten poñer, precisamente en sede parlamentaria, branco sobre negro, permiten dicir a verdade e permiten comparar quen usa os datos reais e quen intenta manipular. E tamén saúdo a ANPA, por suposto, que nos acompaña.

En segundo lugar, tamén agradezo ao BNG que agora sexan os defensores dun acordo que se asinou cunha parte moi significativa dos sindicatos educativos hai aproximadamente un ano, e que vostedes desprezaron, criticaron e insultaron case ata o infinito. Ben, isto suele ser habitual: primeiro critican absolutamente e despois, cando se dan conta do seu interese, cuestiónano.

A verdade é que vostede parte dunha premisa falsa; de dúas premisas falsas, se me permite.

Primeiro, vostede dá por suposto unha interpretación da aplicación do acordo que non é a que se plantexou. Creo que tampouco estivo moi atento vostede á miña comparecencia no inicio de curso, cando dixen como ía ser o sistema de agrupamentos. Dixen que ía ser progresivo, que comezaba en infantil e que, posteriormente, pasaría neste caso a primaria —o tema dos agrupamentos—.

E, por outra parte, creo que vostede tamén xera certa expectativa cando entende e plantexa que os alumnos que se deben atender dentro dun centro educativo son absolutamente inmóbiles e que non é necesario cambiar os profesionais; fundamentalmente aqueles profesionais que dan atención aos alumnos con necesidades educativas especiais. Creo que



a partir de aí, pois imos ver quen di a verdade, quen di a mentira, quen manipula e quen intenta facer, de algo absolutamente racional, un motivo de confrontación política.

Mire, en infantil —cando estou falando de agrupamentos—, pásase de 18 a 14. Comézase a redución progresiva das *ratios* partindo dese número. Antes eran 18 —en infantil—, agora son 14. E nos seguintes anos pasaremos a primaria.

Pois ben, este centro que vostede di en educación infantil ten 12 alumnos, non chega a 14. E despois, nos agrupamentos de primaria, ten dous agrupamentos de 15 cada un: unha clase inicial de 15 e unha segunda clase de 15. Vostede tería razón se os agrupamentos a 14 se fixesen de xeito, digamos, global para o conxunto das etapas de infantil e primaria, pero eu expliquei claramente en sede parlamentaria non hai demasiados días que se facía de xeito progresivo, comezando, neste caso, en infantil, para pasar posteriormente a primaria.

E despois do que me di de axuda aos adultos que máis o precisan, tamén creo que hai que partir dunha realidade, e é que o escenario educativo é cambiante no tempo, e como é cambiante, o ano pasado había un PT que atendía un neno que xa non está no centro...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e ese PT substitúese este ano por un AL.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Esa é a realidade fría e real do caso deste centro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Conselleiro, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Voulle dar a razón en algo, señor conselleiro, frío foi bastante, jeh!, porque está falando de nenos e nenas, coma sempre, coma se fosen quilos de peras, a verdade.

Ao final, aquí manipula todo o mundo; supoño que manipula a ANPA tamén. Ao mellor, manipula tamén o PP de Alfoz, que asiste ás concentracións cada luns. Hai que mirar aí, non vaia ser que estean equivocados. Mándenlle un correo ou un SMS, non vaia ser que estean equivocados.



En canto á maioría —xa que fala tanto de números—, a maioría sindical aí non estaba, nese acordo, e tampouco estaba a progresividade. Pero, ben, non son eu quen ten que defender ese acordo. Soamente quero dicirlle que non poña aí o que aparece; ademais, concretamente, están incumprindo o apartado 2.7 do que saíu no *DOG*. Se non cumpren o que sae no *DOG*, xa se fai máis difícil ter aquí un debate máis ou menos serio.

Ten que haber tres unidades, ten que haber un 1º, un 2º, un 3º, un 4º, un 5º e un 6º. E se están dicindo, ademais, que... Iso si —pequeno inciso—, heille agradecer a claridade, xa que está dicindo que non fai falta ese PT. Pois perfectamente me parece. Ao final, o que se está dicindo é que cada vez é máis difícil vivir en concellos do rural, nos cales non hai prazas públicas de residencia, nos cales falta o médico ou a médica no centro de saúde e nos cales cada vez hai menos profesionais, neste caso nos CEIP; e concretamente, no CEIP Castro de Ouro, de Alfoz. Así é moi difícil evitar o despoboamento; así, a ver como lle din isto a calquera familia que quede aí, cando ten menos profesorado, menos médicos e menos prazas públicas.

Eu —iso xa cordialmente— invítoa a que todo isto que me dixo aquí, máis tarde, despois de toda esta restra de preguntas que ten sobre casos illados e trompetas de Jericó, de todos estes centros, de norte a sur e de leste a oeste, suba e llelo comente así elegantemente aos membros da ANPA.

Eu creo que non vai sentar moi ben que se diga que manipula e que os datos son falsos. Ao final, mentirán todos menos a Xunta, como pasa sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, eu, en primeiro lugar, señor deputado, non lle permito que poña na miña boca palabras súas ou pensamentos seus. Se vostede compara os nenos con peras ou como mazás, é problema seu, ¡eh! ¡É problema seu! E se vostede intenta xerar e partir dunha base errada na súa análise, tamén é problema seu.

Pero, mire, neste colexio, en educación infantil hai 12 alumnos, por debaixo do que fixa o acordo sindical, que é 14 para infantil. E no resto dos cursos, cando o ano pasado eran 18, este ano se mantén en 18, pero nos seguintes, de xeito progresivo, como se dixo e se amplificou absolutamente, vai estenderse o número de 14 ao resto dos anos. Eu creo que a súa galaxia política... Cando viron que este acordo era moi positivo, intentaron desprestixiado e transmitir informacións que non eran as axeitadas. E, en ningún caso, se di que a aplicación deste acordo non vai ser progresivo.

Co cal, vostede está faltando á verdade, non sei se consciente ou inconscientemente. Se é consciente, pois, malo, pero se é inconsciente, iso pode corrixiarse estudando un pouco. Se é consciente, moi malo.



En todo caso, mire, vostede fala tamén dos alumnos con necesidades educativas especiais. Están cubertos, e non é nin o conselleiro nin a estrutura política da Consellería quen di o especialista que lle fai falta a un centro educativo. ¡Por favor! ¡Ata aí poderíamos chegar! E, mire, vostede sabe, ou debería saber, ou alguén llo debía ter dito, que o ano pasado había un PT e que este ano o alumno ao cal atendía ese PT e que xustificaba a presenza dese PT nese centro non está. Ese PT foi substituído por un profesor denominado —na nosa jerga, para entendernos— un AL. Vostede entenderá que entre ter un PT e un AL a Administración pública non ten nada que dicir, téñeno que dicir os servizos de orientación ou o servizo de orientación específica.

E cando di que non se cobren as necesidades educativas especiais e que falta un PT que había o ano pasado, eu dígolle que si, que falta un PT, pero hai un AL máis. Eu téño visto a vostede acompañando estas persoas, e lexitimamente, é o seu traballo. Pero, ¿non lle dixeron iso?, ¿non lle dixeron que o ano pasado había un PT e que agora hai un AL? Se non lle dixeron iso... Realmente, sería sorprendente que non llo dixeran.

En todo caso, estamos ante un centro, señor deputado, que ten unha *ratio* de 8 alumnos por profesor, e estamos dentro dun sistema educativo que, se por algo se ten caracterizado, é por ser inclusivo e atender máis as necesidades de quen máis o necesita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o seu tempo.

Grazas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas da comunidade educativa do CPI Castro Baxoi, de Miño

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente

Señor conselleiro, como vostede ben sabe, a comunidade educativa do CPI Castro Baxoi, de Miño, volveu ser protagonista da prensa durante este verán e tamén durante o comezo de curso. E, ¿cal foi a razón? Pois recollo esta reportaxe ampla de *La Voz de Galicia*, (*A señora Queixas Zas mostra unha folla de xornal.*) cun titular que o explica todo: «Situación límite no colexio de Miño por falta de medios antes do curso».

En definitiva, a razón é un goberno da Xunta de Galiza, baixo a súa responsabilidade na Consellería de Educación, que non dá resposta ás necesidades deste centro. Voume adiantar algo á súa resposta e voulle aforrar tempo e traballo. Si, respondeu, en parte, tarde e con parches, grazas á presión continuada do profesorado e sobre todo —hai que dicilo— da ANPA. Esta presión foi a que fixo que vostede, ou vostedes, á última hora, enviase o que chaman na súa xerga —como acaba de dicir— dous «medios profesores»; é dicir, dous



profesores a media xornada, co compromiso de que xa irían revisando o horario. Desde logo, podo dicirlle como docente que este estilo Rueda que manexan vostedes de «ti vai facendo», tamén en educación, non funciona e que, ademais, é claramente incompatible coa calidade educativa.

Vostedes non cubriron aínda no día de hoxe os profesionais de pedagogía terapéutica que foron solicitados dende a dirección do centro, e ademais varias das materias optativas que se ofertan non puideron finalmente impartirse por falta de profesorado en ESO, a pesar da alta demanda do alumnado. E vostede sabe que isto é algo inaceptábel, porque limita ou, cando non, impide as futuras escollas do alumnado.

Pero, á parte disto, vostede ten tamén un catálogo de promesas incumplidas coa comunidade educativa do CPI, Castro Baixoi, de Miño: primeiro, non lle deron solución á mellora da cuberta central do edificio, que vostede sabe que chove dentro igual ca fóra, e ademais accede directamente ao Aulario de Educación Infantil, malia o compromiso que o secretario xeral técnico, o señor Vila, asumiu co BNG na Comisión 4ª, de Educación, no mes de xullo do 2023, e a maiores tampouco fixeron nada por iniciar a construción dun novo IES que axude a resolver a tensión de espazo que hai xa actualmente no CPI e que, ademais, permite ensanchar a oferta académica a bacharelato e a ciclos formativos.

E eu preguntolle, ao fío do que acaba de dicir na resposta anterior: ¿onde están os compromisos electorais seus, incumplidos? Porque en campaña das eleccións municipais, en maio do 2023, estivo en Miño coa naquel momento candidata do Partido Popular, visitando —di a nota de prensa— a parcela na que ían construír este instituto. (*A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.*) ¿Onde está, ano e medio despois, ese instituto, señor conselleiro? ¿Que clase de confianza poden ter en vostede os galegos e as galegas? (*Aplausos.*)

E, para finalizar, aínda hai unha novidade neste centro moito máis preocupante, e é que a Consellería está obrigando este centro a incumplir o horario lectivo legal, sen importarlle que o alumnado estea a perder tempo de docencia diaria. ¿Que resposta lle dá a esta comunidade educativa, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Terminou o tempo.

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén agradezo esta pregunta; sinceramente, agradézoa, porque, despois de escoitala vostede, igual que lendo a exposición de motivos, pois temos que empezar a pensar como son as definicións da verdade e da mentira co BNG. ¿Por que o digo? Vostede di —¡por escrito, eh!— (*O señor Rodríguez González le un escrito.*) que «este centro medra en matrícula, que neste centro se recortan unidades, que este centro ten menos profesores de atención ás necesidades educativas especiais». E mesmo falou agora oralmente de que hai unha perda de calidade progresiva no sistema educativo galego. Eu invítoa a que avalíe, con outros ollos,



sacando o seu velo, e a que o BNG avalíe os datos que todos os anos presenta o Ministerio de Educación, que presenta o informe PISA, e a partir de aí, se quere falar de calidade, falamos.

No caso concreto deste centro, quero dicirlle que cumpre absolutamente cos *ratios*, con todos os *ratios* e con todos os marcos xurídicos e legais que organizan un centro educativo. Tamén agradezo que rectifiquen en certa medida, que pensen e que defendan o acordo sindical que asinamos. Mire, en 4º de educación infantil hai 30 alumnos, dúas aulas de 15 alumnos; o *ratio* son 10 alumnos por unidade. Fíxese, vostede di que hai máis alumnos. Non é verdade, hai 8 menos; co cal, o da verdade e a mentira é fantástico. Fíxese, hai 8 alumnos menos, pero hai máis unidades, que tamén di vostede que non as hai. En educación infantil había 5 unidades; este curso ten 6 unidades. En educación primaria, o curso pasado, 14 unidades; este ano, 15 unidades. En ESO o ano pasado, 8 unidades; este ano, 9 unidades. É dicir, menos alumnos, máis unidades e máis profesorado. E no caso dos alumnos con necesidades educativas especiais, fíxese —que vostede di que non existen ou que se están sacando—, temos un profesor especialista en audición e linguaxe máis que o ano pasado —dous; o ano pasado había un— e en PT, en pedagogía terapéutica, hai 2,5 —o ano pasado había 3—. É certo, recórtase medio profesor de PT, pero amplíase un profesor de AL. É dicir, dentro do marco dos profesores especializados, hai un incremento dos profesores especializados. Co cal, menos alumnos, máis unidades, máis profesores ordinarios e máis profesores especializados. E vostede descobre e plantexa aquí un discurso que, obviamente, está moi ben e que quedará no rexistro de sesións deste Parlamento, pero, cando comparemos coa realidade, vains levar a unha sorpresa.

En todo caso, eu o que lle teño que dicir é que a calidade educativa do noso sistema creo que é incuestionable, que os recursos que se ubican en cada un dos centros responde a criterios técnicos e que, en todo caso, somos conscientes de que sempre quedan moitas cousas por mellorar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señor conselleiro, vostede non pode disimular que faltou á súa palabra e que lle fallou á comunidade educativa de Miño, porque este curso non comezou con todo o profesorado que necesita e que se lle solicitou. ¿Ou acaso está dicindo que mente a ANPA, que mente o claustro ou que mente o equipo directivo do CPI, Castro Baixoi, de Miño? ¿É iso o que vostede lles está dicindo? Porque é o que están escoitando neste momento, que o están seguindo moi atentamente. (*Aplausos.*)

Vostede fallou ao compromiso de arranxar a cuberta central, porque é unha demanda histórica. ¿Que está dicindo?, ¿que mente o *Diario de Sesións* desta Cámara, señor conselleiro? ¿É iso o que está tamén dicindo? Vostede comprométase aquí. Nos orzamentos de 2025, ¿vai haber partidas específicas e explícitas para amañar o que necesita o CPI Castro Baixoi, de Miño? ¿Vai haber partidas para comezar a iniciar o proxecto e crear e construír ese novo



instituto? Comprométase aquí, e a maiores comprométase con algo moi importante. Vostedes están autorizando un horario escolar en que o alumnado da ESO perde 90 minutos de clase á semana, case dúas sesións completas. A dirección xa lle solicitou o curso pasado realizar o horario legal e a Consellería denegoullo. ¿Que explicación lle pode dar vostede a isto? ¿Vai vostede aquí recoñecer, no Parlamento, que a verdadeira razón é que vostedes defenden os intereses privados das empresas de transporte en vez de defender os intereses do alumnado e do ensino público?

Neste momento sabe vostede que teñen outra vez enriba da mesa unha petición de regulación horaria por parte da dirección, e eu preguntolle: ¿que vai facer? ¿Vai corrixir esta anomalía ou vai seguir de novo vulnerando os dereitos do alumnado a costa de garantir o interese particular do transporte escolar? ¿Vai empezar vostede a blindar o dereito a unha educación pública de calidade, como demanda a comunidade educativa do CPI, Castro Baxoi, de Miño, ou vai seguir pensando só na empresa de transporte escolar? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

Resposta do conselleiro para pechar esta pregunta.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Señora deputada, vexo que é capaz de reaccionar ás adversidades, porque a verdade e a realidade —por moito que poida, dalgún xeito, facer unha retórica forte— é a que é, e as súas mentiras están por escrito. Vostede di por escrito que hai máis alumnos, que hai menos unidades, que hai menos profesores... Está aquí escrito, (*O señor Rodríguez González mostra un escrito.*) e isto é a súa exposición de motivos. Por suposto, tamén llela ensino aos membros da ANPA e aos membros da comunidade educativa para que vexan a realidade. Vostede di que hai máis alumnos, que hai menos profes e que hai menos especialistas. A realidade, se quere, repítolla, pero é xusto ao revés —jé xusto ao revés!— Mire, hai 8 alumnos; en educación infantil, de 5 a 6; en primaria, de 14 a 15; e na ESO, de 8 a 9. Esa é a realidade. E en profesores especialistas, pasamos dun AL a dous AL e de 3 PT, neste caso, a 2,5 PT —aí ten un chisquiño de verdade—.

En todo caso, e xa entrando no que di vostede, a verdade é que ás veces é moi difícil poder debater politicamente cando partimos dunha visión que está tan lonxe da realidade e tan lonxe dos datos. Se alguén mente e o *Diario de sesións* o recolle, no futuro ou no presente poderase comparar cos datos da Inspección. Obviamente, entenderá que eu non invento os datos. Eu son a Administración, e teño os datos da Inspección Educativa. Vostede poderá ter uns datos, os que lle deron, e ao mellor está equivocada ou, ao mellor, enganaron, ou se deixou enganar de boa fe ou igual intentou vostede enganar a persoas de boa fe —non o sei, nin me importa—, pero os datos que eu lle dou pode confiar en que son os reais; pode confiar absolutamente en que son os reais. (*Aplausos.*) E, mentres tanto, dígolle que do que me fala e o que escribe non é verdade; é literalmente mentira. Podemos dicir que faltan á verdade, que é un erro ou como queira chamalo, pero é o que é.

E mire, con respecto ao transporte, que vostede di, xa sabe tamén vostede —igual que o sei eu, porque llelo preguntei ás persoas que están neste asunto— que hai un horario de nove



a dúas que garante o horario escolar para infantil, primaria e ESO, salvo unha tarde que hai clases para os da ESO. Esa é unha cuestión que, obviamente, recae no servizo de transporte —que, por certo, moi poucos servizos de transporte do conxunto de España, ou ningún, son equiparables ao galego—. Creo que aí todos fixemos un grandísimo traballo.

E respecto a outra cuestión que vostede plantexa aquí e que, ao final, sempre está ben, quero dicirle que cando dicía vostede que estamos manipulando ou que estamos intentando mentir, mire, eu creo que se algo ten que facer unha administración é cumprir, cumprir coa realidade e cumprir coa lexislación. É moi fácil desde a perspectiva dun grupo da oposición dicir calquera cousa ou manipular calquera cousa, porque, ao final, vai ser todo igual...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dotación dos centros educativos da Costa da Morte do necesario persoal docente das especialidades de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: O primeiro de todo, quero tamén saudar a Maika, a presidenta da Federación das ANPA dos centros educativos da Costa da Morte, que está aquí, neste hemiciclo, para seguir a comparecencia, a pregunta ao conselleiro.

Señor conselleiro, eu son das que penso, por convicción, que hai outra forma de facer política, cunha mirada de empatía, que non pode ser como un signo de debilidade, todo o contrario. A sensibilidade social na política é unha gran fortaleza, fóra dos discursos baleiros e cheos de altivez do Goberno galego, aos que nos teñen acostumados neste hemiciclo. Porque só así se pode facer unha política transformadora educativa, poñéndose na pel das nais e dos pais dos centros educativos da Costa da Morte, de centros como os de Cee, Laxe, Sardiñeiro, O Pindo, Muxía ou A Laracha, que se puxeron en pé, con gran dignidade, para defender os seus principios, os nosos valores, como é o de crer na calidade da educación pública e na atención á diversidade, señor conselleiro. Claro que é cuestión de ideoloxía, e de aposta, señor conselleiro, porque, evidentemente, o Goberno galego non aposta pola educación pública.

As socialistas queremos facer fronte a estes recortes neste comezo de curso escolar e denunciar publicamente que a Consellería de Educación non está a cumprir coas *ratios* establecidas para a asignación de profesores de Audición e Linguaxe —os AL— e Pedagogía Terapéutica —os PT— en moitos centros educativos da Costa da Morte. Denuncian ben alto os recortes neste Parlamento, a pesar das portadas a toda páxina nos medios de comunicación escritos da normalidade do inicio do curso escolar en Galicia e da venda propagandista dese Plan Mega, que creo que xa é coñecido por moitos sitios como



«megatrola»; por certo —e sábeo ben, señor conselleiro—, financiado —ese Programa Mega— polas transferencias do Goberno de España —este ano, 20 millóns de euros—. Anunciou que eran 77 millóns de euros do Plan Mega en catro anos, bote as contas. ¿Canto é a aportación de fondos propios, entón, da Xunta de Galicia? Estaría ben que se fixesen esas contas, porque a aposta, evidentemente, por ese complemento da educación pública por parte do Goberno galego é de cero.

No pasado pleno tamén fun testemuña, señor conselleiro, de como vostede non tivo esa empatía da que falo, esa capacidade de poñerse na pel das nais e pais, e concretamente na pel de Paula, que era nai dun neno autista, que estivo con moitas outras nais presentes e que tiveron que soportar na súa pel tamén como o máximo responsable da Consellería de Educación faltou á verdade e desprezou o sentimento de impotencia que sentiron esas nais; evidentemente, rodeando o seu discurso con números, estatísticas e datos grandilocuentes, dos que se saca peito, pero que non responden á realidade, señor conselleiro. Eu sentín decepción, porque faltou á verdade sen inmutarse, facendo cero de autocrítica e facendo tamén cero de amosar sensibilidade e empatía, señor conselleiro.

¡Menudo papelón!, pensei eu, pero tamén pensei que son principios, e por iso lle pregunto: ¿vai cubrir...?

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o seu tempo.

(A señora Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que escoitar unha representante do Partido Socialista cuestionar as comunidades autónomas, os gobernos do Partido Popular e dicir que o Partido Socialista ten unha política educativa mellor, obviamente mellor, porque vostedes son moito mellores que os do Partido Popular, pois levanta unha sonrisa. Simplemente eu recoméndolle outra vez que mire as estatísticas oficiais do seu propio ministerio, e verá vostede en que umbrais de calidade e equidade están as comunidades tradicionalmente gobernadas polos partidos socialistas e onde están as comunidades gobernadas tradicionalmente polo Partido Popular, entre elas Galicia ou Castela e León. E despois, claro, vostede ten o seu discurso de serie, e a verdade é que o cre, e é moi interesante que o crea, porque eu creo que é reconfortante sentirse do lado bo da historia, aínda que despois, cando se ve a realidade, non é o mesmo o que un pensa que se fai e o que se fai.

E eu creo que aí é onde vostedes teñen unha certa debilidade. Vostedes falan sempre de recortes, falan de falta de empatía, falan de... Bueno, falan do que é habitual, pero, bueno, a realidade é a que. Este curso a nivel xeral temos menos alumnos, máis profesores, por suposto, cumprimos cos *ratios* que nós mesmos nos fixamos. Por certo, os socialistas, a



esquerda deste país, hai moi pouco tempo que aprobou unha lei orgánica e non modificou os *ratios*; deixounos en 25 e en 30 e en 35. ¿Quen os modificou? O Partido Popular. (*Aplausos.*)

Entrando nos casos concretos que vostede cita, nós temos o máximo respecto —¡faltaría máis!, o máximo respecto, ou, polo menos, o mesmo ca vostedes— cara ás familias, e sobre todo cara ás familias que teñen alumnos con necesidades educativas especiais. E mire, no Colexio da Barca, de Muxía —para que vexa que se cumpren os *ratios*—, hai 9 alumnos en 4º de infantil, e o *ratio* medio do centro son 5,1 profesores por docente. No Colexio Vilarmide Eduardo Noya, de Muxía, hai 14 alumnos agrupados, cumprindo co noso acordo. Se por vostedes fose, podía haber 30. Nós temos 14, e a media do centro son 5,2. No Colexio dos Muíños —tamén en Muxía—, hai 6 alumnos en 4º de infantil; a media do centro é de 7 nenos por docente. No Colexio Cabo da Area, en Laxe, hai 13 alumnos en 4º de infantil; o dato medio, 7,7. No Colexio da Areouta, en Fisterra, son 14 alumnos agrupados —volvo insistir, se por vostedes fose, serían 30—. A *ratio* media é 5 alumnos. No Plurilingüe de Cee, 15 alumnos en 4º de infantil non agrupados; nós temos 20 de tope. Se por vostedes fose, serían 25. E o *ratio* medio do centro, 12.1. No Colexio do Pindo, en Carnota, hai 6 alumnos agrupados —ata 14 aínda hai bastante—, e o *ratio* medio do centro, 4,5.

¿Este é o incumprimento do que vostedes falan? Se este é o incumprimento do que vostedes falan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Román, eu estou aquí, en Galicia, non estou no Ministerio, e preocúpome polos centros educativos de Costa da Morte; non sei vostede. Evidentemente que si, os socialistas cremos na educación pública de calidade, non como fai o Goberno galego.

Voulle falar de datos, xa que vén falando de datos. Voulle dicir que os tres centros educativos do concello de Muxía teñen profesores de AL e PT compartidos. A redución de horas chega a ser 18 horas semanais para prestar servizo nun só dos colexios, 12 horas. En Laxe non teñen mestre de AL, no colexio de Sardiñeiro, en Fisterra, non se cubriu a praza asignada a mestre de PT, polo que o centro se ve na obriga de xuntar cativos de 1º de primaria con rapaces de 6º. No Colexio de Vila de Cee, o segundo PT adxudicado non chegou ao centro e fáltales un mestre de reforzo en primaria prometido pola anterior inspectora de zona. Na escola do Pindo, logo das concentracións e das folgas dos pais, evidentemente, puxéronlle máis horas de PT e de AL, pero logo da presión que se exerceu polos pais e nais, e falta un coidador que precisan para unha crianza. Pono claramente no ditame de escolarización que se precisa.



Señor conselleiro, a atención á diversidade é fundamental, e os centros educativos estanse a ver especialmente afectados polos recortes, e máis na Costa da Morte. Non se poden substituír os PT e os AL polos PROA, que estarán esperando iso, porque son recursos diferentes, e vostede como conselleiro de Educación e principal responsable saberao ben.

Evidentemente, esa é a falta de aposta da Consellería de Educación polo Costa da Morte. Moito falan do despoboamento do rural, e nótase de forma máis acusada na Costa da Morte, tamén na costa de Bergantiños.

A realidade, señor conselleiro, é a súa carencia de empatía e sensibilidade. Como dicía eu, ten que saír máis dos despachos de San Caetano e tamén dos actos, nos que están así no refuxio e en quentiño, e observar as caceroladas que fan os pais e nais, como en Cee, que continúan as concentracións, ou as que hai no Pindo, que levan no colexio unha semana sen clase contra os recortes... *(A señora Iglesias Rey mostra unha fotografía.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, eu creo que é interesante sempre falar dos datos. Eu presenteille os datos da Costa da Morte, como é a miña obrigación, e tamén me resulta curioso que vostede cuestione o esforzo que fai o sistema educativo público —que facemos os galegos, en definitiva— en atención á diversidade.

Segundo o Ministerio, a Comunidade Autónoma de Galicia é a máis inclusiva de España, a que mellor atende os alumnos con necesidades educativas especiais. É certo que sempre quedan cuestións que mellorar, por suposto, ¡por suposto!, pero vir facer un cuestionamento xenérico de algo no que o propio Ministerio —que é do Partido Socialista— di que somos dos mellores de España... Eu pregúntome que dirán vostedes do resto. ¡Que dirán vostedes do resto!

En todo caso, fala duns incumprimentos que eu a verdade non vexo por ningún lado. Mire, todas as unidades de Educación infantil, primaria e secundaria da comarca están por debaixo dos *ratios* máximos establecidos; por suposto, moi por debaixo dos seus, dos que marca a súa lei. Cúmprese coa redución de *ratios* en 4º de infantil, e en todos os casos estamos por debaixo de 20. Cúmprese o acordo de agrupamento, dun máximo de 14 alumnos en educación infantil, que o ano pasado era de 18 e, segundo a lei socialista, poden ser 25.

Tamén se pondera en todos os casos os alumnos que teñen necesidades educativas especiais por dous ou tres e en función do nivel de discapacidade; algo que, por certo, só se fai en Galicia. O *ratio* global dos centros que vostede di está entre os 5 e os 7 alumnos por profesor.



Eses son os datos reais. Estanse reforzando os recursos e aténdense as necesidades educativas específicas en base aos informes dos equipos de orientación específica. Obviamente, podo dicir aquí outra vez todos os casos, pero temos pouco tempo, así que vou dicirlle dous: O Pindo e Os Muíños.

Mire, por exemplo, o colexio do Pindo ten 4,5 alumnos por profesor, ten menos alumnos que o ano pasado —2 menos— e ten os mesmos especialistas que o ano pasado: un en PT e outro en Audición e Linguaxe. Eu supoño que serán precisos; por suposto que serán precisos.

O Colexio dos Muíños, que, por exemplo, ten 5 alumnos máis, vai contar cun docente máis, neste caso cun especialista de PT, a maiores do que tiña o ano pasado. O ano pasado tiña 2 PT, —un deles compartido, é certo—; ten, 2 PT, un deles ao 50 por cento, e un AL.

Eu creo que estes datos, ao final, tiran por debaixo a literatura demagóxica que se utiliza dun xeito tan sencillo, se se me permite, case infantil, dicindo: non, nós somos bos, temos moita sensibilidade, e vostedes son malos e non teñen ningunha. Pero, insisto, hai que comparar os datos. Compare vostede os datos de calidade educativa, de equidade educativa que hai entre as comunidades autónomas do Partido Popular, tradicionalmente gobernadas polo Partido Popular, coas do Partido Socialista, e a partir de aí verá que gobernos apostan ou non pola educación pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Ruanova Vilas-Boas.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Boa tarde, conselleiro.

Está sendo tranquiliño o inicio de curso, ¡eh! (*Risos.*)

O BNG vimos preguntarlle hoxe sobre a situación que se está a vivir no IES San Paio, de Tui; un centro que entendeu que está máis preto de Valența que de Londres, que de Madrid, ou incluso que de Compostela; un centro pioneiro en dotar o seu alumnado de ferramentas comunicativas para vivir no seu contorno máis inmediato.

Falamos moito nestes tempos de ser vangarda en diferentes eidos, e aquí, no IES San Paio, de Tui, son vangarda en ensinar, e sobre todo en demostrar que funciona o que ensinan arredor da lingua portuguesa, porque o caso, para quen non o coñeza, é que a Consellería de Educación vén de comunicar a supresión do Departamento de Lingua Portuguesa deste centro; un departamento con máis de vinte anos de historia —o primeiro de Galiza, señor conselleiro—; un departamento que no día de hoxe conta con preto de 100 alumnas e



alumnos matriculados en lingua portuguesa, que vén de rachar todos os seus rexistros e de acadar a cifra de 30 mozos e mozas matriculados en Portugués en 1º da ESO, a cifra máis alta da súa historia; un cen por cento de aprobados entre a rapazada deste centro que se presenta aos exames do CAPLE, o que demostra a calidade educativa e as competencias lingüísticas que están adquirindo as alumnas e os alumnos deste centro en lingua portuguesa.

Polo tanto, dende a propia comunidade educativa non entenden, como tampouco entendemos dende o BNG, a supresión deste departamento; unha decisión que carece de calquera tipo de criterio obxectivo —remítome aos datos que lle acabo de dar— e que incluso vai contra a Lei Paz Andrade, que foi aprobada por unanimidade neste Parlamento. Unha decisión, que, sendo xenerosos e xenerosas, podemos cualificar de desafortunada, pero que é un auténtico atropelo para o proxecto consolidado neste centro: vinte anos de historia, señor conselleiro.

Pero é que, ademais, esta decisión demostra o curtos de visión que están en San Caetano, curtísimos, porque están suprimindo un departamento nun centro, precisamente, en Tui, nun centro no que o seu alumnado estuda portugués sentado apenas a un quilómetro de Portugal; unha oportunidade cultural, social e económica que pretenden tirar ao lixo con decisións como esta.

Polo tanto, señor conselleiro, formulámoslle esta pregunta tamén como unha oportunidade para vostede, como unha oportunidade para que rectifique: ¿vai manter o Goberno galego o Departamento de Lingua Portuguesa no IES San Paio, de Tui, si ou non?

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, é unha oportunidade, efectivamente, outra vez para poder clarificar certas cuestións. O primeiro que percibo, e levo tempo xa percibindo, é que ao BNG non lle gusta que un curso educativo comece con normalidade, non lle gusta absolutamente nada. Case empezo a sospeitar que están contentos ou que incluso o fomentan. Non quero lanzar ningún mal augurio, pero creo que este é o seu ámbito; é dicir, intentar que non exista esa normalidade falando de cuestións que, obviamente, ou ben por unha parte non se fundamentan en datos obxectivos ou ben supoñen intentar marear a perdiz de algo que o centro educativo —neste caso concreto— coñecía dende hai moitísimo tempo e que, en ningún caso, vai influír de xeito directo na aprendizaxe e no ensino de portugués neste centro educativo.

Dígoo polo seguinte. A ver, ou ben vostede cando fai a súa afirmación descoñece a normativa educativa ou ben vostede o que intenta dicir é que non apoiamos a lingua portuguesa; que



somos malos galegos, incluso, por iso. Ao mellor intenta dicir ambas cousas á vez. Pero mire, a Lei Paz Andrade foi apoiada por este partido político —sábeo perfectamente— e este partido político leva apostado moito polo coñecemento da lingua portuguesa. Fíxese vostede que dende que comezamos temos practicamente cinco mil alumnos estudando en lingua portuguesa en Galicia, que non é un número menor para unha segunda lingua estranxeira como é o portugués. Fixemos tamén unha aposta moi importante por facilitar as acreditacións asinando co Instituto Camões que os alumnos que estudan portugués ou galego poidan acreditarse en lingua portuguesa, para darlles oportunidades a estes alumnos.

Fíxese vostede: temos catorce auxiliares de conversa; con vostedes no goberno hai xa algúns anos, había cero. Fíxese vostede: vostedes tiñan cedo, nós temos catorce.

Obviamente hai unha cuestión que é a clave do asunto, que eu creo que é importante dicir a verdade: en ningún caso está en perigo o ensino da lingua portuguesa neste centro. Estamos ante unha decisión administrativa que se lle comunicou ao centro dende hai xa moito tempo. ¿Por que? Porque un departamento de lingua estranxeira só é para a primeira lingua —neste caso é o inglés—; no seu momento, e de xeito excepcional, posibilitóuselle a este centro —efectivamente, para potenciar o seu uso— manter un departamento, pero dende xa hai moito tempo levan sendo advertidos polos servizos da inspección de que non podía manterse porque incumpría a lexislación. Permittiuse de xeito excepcional para fomentar o acceso ao uso do portugués. Pero en ningún caso está en perigo o ensino desta lingua, porque o profesorado segue a ser exactamente o mesmo, as horas son exactamente as mesmas. O que hai é unha decisión administrativa da que xa estaba o centro advertido, que se autorizou de xeito excepcional...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...precisamente para fomentar o coñecemento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e o acceso á lingua portuguesa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Fíxese que se comunicou hai tanto tempo isto, señor conselleiro, que a directora recibiu unha chamada notificando esta decisión hai dúas semanas. ¡Dúas!

Unha segunda lingua pode perfectamente ter departamento propio, como pasa co francés neste mesmo centro, como debe ser. É que aquí a decisión e do que deberíamos estar falando



non é de se suprimir ou non un departamento; a decisión aquí debería ser a de como reforzar este departamento, que conta cun único profesor. A decisión aquí debería ser a de como exportar un formato de ensino que funciona —porque levan vinte anos facéndoo— ao longo e largo deste país.

Saberá tamén que o pleno municipal de Tui aprobou por unanimidade —incluídos os votos do seu partido— unha moción do BNG instando a súa consellería a dar marcha atrás con este despropósito. É certo que se pode ensinar unha lingua sen departamento, non llo negamos, mais a realidade é que a falta do mesmo atenta gravemente sobre a planificación de actividades escolares e extraescolares, dificulta —e moito— poder acceder a fondos e poder desenvolver actividades complementarias. Suprimir este departamento vai ser desprotexer unha comunidade educativa que nos deixa mostras de dignidade como estas. (*O señor Ruanova Vilas-Boas mostra unha fotografía.*) Conselleiro, ¿pode mirar un momento? Grazas. A comunidade educativa do IES San Paio pode estar segura de que no BNG si que terá unha aliada nas súas xustas demandas. (*Murmurios.*)

Errar é humano e rectificar é de sabios; se non é quen de ser humano, polo menos sexa un sabio. Xa dixo Saramago que «sempre chegamos a onde nos esperan». Agardemos que rectifique neste despropósito e que chegue a onde o están esperando, no IES San Paio de Tui.

Obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que eu levo tempo na vida política e téñenme dito de todo e acusado de todo; agora, de non ser humano, non. (*Risos.*) Vou ter que preguntarme de que especie son, porque realmente están moi ben as florituras lingüísticas pero, bueno, a verdade é que agora se xa non somos humanos... Dixo que a ver se ía ser sabio... Eu tampouco son sabio, nin me considero sabio; normalmente, crese máis sabios vostedes. Normalmente, os representantes do Bloque Nacionalista Galego teñen a convicción de que son máis sabios, con excepcións notables. (*Risos.*)

Pero, bueno, eu creo que aquí hai que dicir a verdade, e vostede dixo parte da verdade. E parte da verdade díxoa vostede aquí: é dicir, en ningún caso está en perigo o ensino desta lingua, porque os horarios e o profesorado son exactamente os mesmos. Hai un cambio vencellado á forma administrativa de organizar a docencia. Hai un departamento que é a primeira lingua estranxeira, que é o inglés, e despois nas optativas pode haber outro departamento. Pero o centro, polo que fose, organízase dentro da súa autonomía e plantexa que non sexa este departamento. Porque, vólvolle repetir: —e isto é verdade; ou a min me mente Inspección ou é verdade— neste centro autorizouse de xeito excepcional,



precisamente para fomentar a captación de alumnos no seu momento, que houbera un departamento de portugués. Pero, como vostede tamén di, xa está consolidado. Co cal esta anomalía —que foi unha excepción da cal se leva advertindo desde hai xa moito tempo— xa non ten sentido. Lévese advertido ao centro de que non se pode ter un departamento de portugués, porque incumpre a normativa vixente. E iso haberá que telo en conta. ¿Ou vostede vénnos dicir aquí que non a cumparamos? Non, que non se cumpra a normativa. ¿Que máis dá? Eu entendo que, se unha persoa coma min non é humana, pois ¿que máis dá? (*Risos.*) Ao final é todo un *acabose* sen ningún tipo de a realidade.

En todo caso, o que eu quixera tamén poñer encima da mesa é o avance, creo que importante e significativo, que tivo a aprendizaxe como lingua estranxeira do portugués, que é tremendamente importante para os galegos, que nos é «moi fácil» —entre comiñas— e nos abre tamén moitas portas. A Lei Paz Andrade posibilitouno. De feito, o naquel momento presidente Feijóo foi condecorado coa máxima condecoración do Goberno portugués por aprobar precisamente esta lei. Iso permitiu facer algo que non estaba feito ata o momento.

Hoxe temos máis de cinco mil alumnos matriculados nos centros educativos da Consellería de Educación que están aprendendo inglés como segunda lingua. Hoxe temos un acordo para poder acreditar, de xeito gratuíto, co instituto Camões as competencias de portugués dos alumnos que fan portugués, o cal é unha gran vantaxe competitiva. Hoxe temos auxiliares de conversa nos nosos centros, hoxe temos programas dos dous lados da Raia que fomentan a colaboración entre o alumnado. E para nós o portugués é unha lingua vital para Galicia, que nos dá moitísimas oportunidades. E, por suposto, non podemos permitir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...que se diga aquí que non apoiamos a lingua portuguesa, simplemente por una cuestión puramente administrativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...da cal xa estaba advertido... (*O señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Pregunta de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as características das denominadas «microformacións», programa formativo impulsado pola Xunta de Galicia para que as persoas xa empregadas obteñan novas capacitacións adaptadas á demanda do tecido produtivo galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noelia Pérez López.



A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde, conselleiro.

Falabamos esta mañá aquí nesta Cámara de que resultaba cando menos paradoxal que España teña a taxa máis alta de Europa —a pesar das continuas maquillaxes que fixo o Partido Socialista cos fixos descontínuos— e, pola contra, moitas empresas do noso país sexan incapaces de atopar traballadores para cubrir os postos de traballo vacantes. Aínda que en Galicia —tamén o dicimos hoxe— os datos de emprego son mellores que no conxunto de España —por moito que interesadamente ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego lles interese dicir o contrario—, e eu quero felicitalo por iso; por ir ano tras ano convertendo Galicia nunha terra de máis e de mellores oportunidades. Pois, aínda así, tampouco somos alleos a ese desaxuste entre a oferta e a demanda no mercado de traballo.

Ese é un reto e un dos grandes desafíos que afronta nestes momentos o noso tecido produtivo. O Goberno galego ten a obriga —e estao a facer— de mellorar tanto a empregabilidade dos galegos como de estar a carón das empresas e de axudalas para solventar esa falta de profesionais. Aínda que esta mañá o Partido Socialista e o Bloque de novo intentaron cuestionar os esforzos que se están a facer desde o Goberno galego e desde o Partido Popular en materia de emprego, chegando a dicir incluso que o propio Goberno non coñecía a realidade do mercado laboral —case coma se estivese xogando á oca todos os días, que cando deciden implantar unha medida é porque lle toca, non porque exista un criterio que o aconselle—, a realidade é ben distinta.

A consellería que dirixe vostede da man do tecido produtivo —e isto é moi importante— ten claro que a formación continua e as microformacións xogan un papel crucial para afrontar este reto do noso tecido produtivo. Ademais, a flexibilización da formación para dar resposta a esas necesidades do mercado galego foi un dos compromisos máis destacados do presidente Rueda. E vostede mesmo puxo en valor ese compromiso para impulsar as microformacións, co obxecto de incrementar as oportunidades de emprego das galegas e dos galegos e de ofrecer solucións efectivas e áxiles ás nosas empresas e ao noso tecido produtivo.

Polo tanto, nós cremos que, inmersos na cuarta revolución industrial, na que as empresas teñen que estar ao día e adaptar os seus modelos de negocio para seguir sendo competitivas, queríamoslle pedir hoxe dende o Grupo Parlamentario Popular que nos explicase en que consiste ese programa novo que está a implantar o Goberno galego de microformacións ou aprendizaxes curtas e que se puxo en marcha hai poucos meses dende a súa consellería. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.



Boa tarde, señorías.

Efectivamente, dicíao vostede, é un dos grandes retos que temos na Consellería de Emprego. Quero facer unha aclaración: a Administración autonómica, e as administracións públicas en xeral, acompañan aqueles que crean emprego, que son, por suposto, os empresarios. Nós temos a misión, na medida do posible, de estorbar tamén o menos que se poida e axudar —como digo— as empresas a crear traballo; e hai que agradecerlles precisamente aos empresarios que fagan ese labor. Pero dicía que un dos grandes retos é ligar a oferta e a demanda. As dificultades que temos aí estamos tratando de sacalas adiante, fundamentalmente no que se refire ás oficinas de emprego, coa utilización de ferramentas baseadas na intelixencia artificial —xa falamos aquí da EMI e o perfilado que estamos facendo—.

Ao mesmo tempo, tamén estamos demandando do Goberno central —e aproveito para poñelo enriba da mesa— unha maior flexibilización na formación para o emprego. É certo que temos unhas magníficas entidades de formación e que temos un sistema de formación moi importante, pero hai rixideces que nos están dificultando moito esa aprendizaxe continua. E non é que o diga o conselleiro de Emprego da Xunta de Galicia; é que o di a propia Comunidade Económica Europea, que regulou nunha recomendación do Consello do ano 2022 as microcredenciais, entendendo como unha formación —podíámoslle chamar, se queren, de xeito coloquial, «píldoras formativas»— que vaia, cunha duración menor que a formación máis regrada, buscar aquelas capacidades que demandan as empresas, que é o lóxico —ou parece que debería ser o lóxico—.

Dentro dese ámbito das micro credenciais, nós demandamos, e así llelo fixemos chegar aos ministerios... Tamén teño que dicir que non sei exactamente con que ministerios temos que falar, porque hai tantos ministerios aquí implicados —Universidades, Educación, Emprego, con diferentes partidos— que nos dificulta un pouco saber onde temos que falar. Pero o que si lles dixemos é que era necesario flexibilizar máis esas microcredenciais. Por exemplo, non colocar todas as microcredenciais nas universidades. Cremos que se ten que facer esa formación moito máis cerca das empresas que van contratar.

Simplemente tres exemplos de como está funcionando en Galicia, que somos pioneiros en varios programas. Temos un programa de microformacións á demanda, 4 millóns de euros, que nos permite dar graos A, B e C —podería falar polo miúdo de todos eles—; pero, en definitiva, o que nos permite é fraccionar certificados de profesionalidade para ir a microcredenciais —microformacións, neste caso—. Estamos tamén en contacto cos diferentes clústeres de Galicia, para poder facer unhas microformacións que están sendo moi exitosas. E déixenme que llelo poña enriba da mesa: levamos, dende o ano 2022, investidos 12 millóns de euros neste tipo de microformacións e acabamos de recibir outros 7 millóns de euros adicionais que non foron capaces de gastar o resto de comunidades autónomas, e todos os fondos sobrantes chegaron para esta comunidade autónoma, porque está funcionando moi ben este programa. Son dous exemplos de microformacións. Logo falarei doutra que tamén me parece sumamente interesante. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Réplica, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Quedounos clara a aposta que está realizando a Xunta de Galicia polas microformacións e polas novas tecnoloxías. Esa ferramenta EMI coa que se está a modernizar o Servizo Galego de Emprego, e da que falaremos outro día, vai ser fundamental para cubrir e para casar esas vacantes de xeito máis efectivo e cubrir esa demanda no mercado laboral galego.

Mire, fixo vostede fincapé na flexibilidade. Por iso eu non quería deixar pasar esta pregunta de hoxe, esta ocasión, para dirixirme aos dous grupos da oposición desta Cámara que sosteñen o señor Sánchez no Goberno —falaba vostede dos ministerios— para dicirlles que Galicia nestes momentos precisa que os fondos finalistas que transfira o Goberno —que son de todas as galegas e os galegos, porque ao final son fondos que saen dos nosos impostos— teñen que ser máis flexibles e teñen que ter en conta as particularidades e as singularidades do noso territorio á hora de fixar eses criterios de repartición. Porque iso é fundamental para que o Goberno galego poida continuar poñendo en marcha medidas tamén formativas, como as experiencias curtas de aprendizaxe ou as microformacións, adaptadas á realidade das persoas traballadoras en Galicia e á realidade do tecido produtivo en Galicia.

Falou vostede de dous programas en concreto. Hai moitos programas en materia de formación postos en marcha neste momento. E, aínda que nesta Cámara hai deputados que neguen o esforzo que está a facer o Goberno galego en materia de formación, quizais un dos programas menos coñecidos sexa ese programa de arraigo para a formación. Eu non sei se nesta quenda que lle queda nos podía afondar un pouco máis neste programa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Un pouco ao fío do que falaba vostede, hai certamente unha contradición entre que as políticas activas de emprego sexan unha competencia exclusiva da comunidade autónoma e que a maior parte do seu financiamento sexan fondos finalistas que proveñen, xa digo, de diferentes ministerios —están bastante repartidos— que veñen moi prefixados. A min gustaríame, xa que aquí hai un partido que defende evidentemente a nacionalidade galega, que fósemos capaces dende o Parlamento galego de demandar que tivéssemos máis liberdade as comunidades autónomas para poder aplicar eses fondos a aquilo que entendemos que pode funcionar ben.

E unha das cuestións —na miña opinión, no tempo que levo— clave nesta competencia é darlle maior flexibilidade á formación. Repito: entendendo que hai unhas entidades de



formación absolutamente extraordinarias, cremos que debe acercarse máis o investimento en formación ás empresas que van a contratar e, sobre todo, temos que ter máis flexibilidade na formación, tanto na duración como nas materias desa formación. Fundamentalmente, hai que buscar formar nas competencias que demandan as nosas empresas, porque, se non, non imos ser capaces de fomentar ou de mellorar a empregabilidade dos nosos desempregados, neste caso, ou de traballadores que queren cambiar de posto de traballo.

E dicíalle, efectivamente, que hai tamén un programa no que pedimos e demandamos —e ademais fixémoslo a través de alegacións a un decreto— formalmente que se admitan as microformacións, que é o arraigo para a formación. É dicir, persoas migrantes en situación irregular que poidan integrarse sociolaboralmente; para iso viñeron, probablemente, en moitos casos a Galicia ou a España, para ter un posto de traballo. O que estamos pedindo é que, a través do arraigo para a formación, nos permitan formalas para que canto antes poidan estar traballando.

No decreto que desenvolve a Lei orgánica 4/2000, que ten que ver con todo o da estranxeiría, non se estaba contemplando a liña de arraigo para a formación —é dicir, esa formación que permite ás persoas migrantes en situación irregular poder encontrar atopar traballo— e non se estaban admitindo as microcredenciais, as microformacións. Polo tanto, nós presentamos as alegacións —e ademais esta foi unha cuestión que levou tamén o presidente Rueda á reunión que tivo con Pedro Sánchez— e tamén lle acabamos de mandar unha carta creo que —vaime desculpar— á ministra de Migracións. Dígoo porque como están así bastante liados...

Nese tema creo que é de xustiza que nos fagan caso, porque temos un programa que é absolutamente pioneiro. Somos a única comunidade autónoma, e así o podemos acreditar, que está dando formación para o emprego a persoas migrantes en situación irregular. Cen persoas que formamos no ano 2023, o cen por cento delas teñen permiso de residencia e, nestes momentos, o setenta por cento delas teñen contrato indefinido. Acabamos de firmar con Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesanas de Lugo e a Federación de EFA de Galicia un novo convenio para dar esa formación a 145 persoas. Como digo, microformación nas competencias específicas que fan que esas persoas poidan saír da situación de irregularidade a través dun contrato de traballo indefinido que, repito, na súa inmensa maioría é para o que viñeron a Galicia, para ter eses postos de traballo, que ademais lles podemos proporcionar a través da formación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os usos que se lles está a dar aos centros de formación e experimentación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten tres minutos, señora Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Conselleira e exconselleiro, tamén, do Medio Rural... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, como está aquí... Porque incluso ao mellor ata non sei se podería darlle maior resposta vostede.

Ben, imos ao tema. Os centros de Formación e Experimentación Agraria dependentes da Consellería do Medio Rural —o de Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte, Lourizán...— creo que son centros moi importantes que, á parte de aproveitar as características da zona e os recursos do medio rural, pois teñen outro labor tamén importante, que é o da formación *in situ*. Acabamos de escoitar agora por parte do conselleiro, neste caso, de Emprego, sobre a escaseza de man de obra que hai en moitos casos para cubrir a oferta e a demanda, para casar a oferta e a demanda. E, á parte, é importante para dinamizar o medio rural e o sector primario, tan importante pero que ás veces, por parte do Goberno do Partido Popular, tan olvidado.

Estes centros teñen tamén un carácter e un uso residencial e de comedor, precisamente para facilitar moitas veces, incluso ás veces a menores, que esta formación a poidan ter preto, que a poidan ter cunha carga práctica importante e que cumpran esa finalidade que nós compartimos e que, ademais, se debía potenciar moito máis.

Pero a realidade é que dentro dalgún dos centros, como no caso de Becerreá, foi cerrada esa parte de internado sen consultar nin cos membros do propio centro. Polo tanto, vemos como realmente dende a Consellería de Medio Rural, dende a Xunta de Galicia, por parte do Partido Popular non se aposta directa e claramente por estes centros de formación e experimentación agraria.

Polo tanto, a pregunta é moi sinxela: ¿que tipos de usos se están a facer destes centros de formación e experimentación agraria? Conselleira: que usos se están a facer. Non os que se deberían facer, nin para os cales foron concibidos, porque o temos na páxina web e porque xa lle acabo de facer un breve relatorio. E, polo tanto, queremos que a resposta sexa concisa: ¿que tipos de uso se están a facer destes centros de formación e experimentación agraria? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Boa tarde, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Agradezo que traian hoxe esta pregunta ao Parlamento, relacionada coa formación e a educación nos centros dependentes da Consellería do Medio Rural.



Como comprenderá, señora Méndez, un dos meus obxectivos como conselleira do Medio rural é facer da formación e da remuda xeracional un dos eixos principais deste mandato. Non cabe dúbida de que a formación e a educación son as ferramentas que achegan equilibrio, igualdade e son o motor que fai evolucionar a sociedade. A formación é clave para o futuro do sector primario e o rural está cheo de oportunidades para que os mozos e mozas poidan desenvolver os seus proxectos de vida e profesionais. Seino porque, como ben sabe vostede, veño do rural, sigo vivindo alí e sempre estiven vinculada ao sector primario do rural. Escollín ser profesora dun instituto do rural e, como sabe tamén, fun alcaldesa dun concello rural. Así que comprenderá que as necesidades do rural non me son alleas para nada.

Pregúntame vostede sobre os usos que lles estamos dando aos centros de formación e experimentación agraria. Pois a resposta é sinxela: aqueles para os que foron concibidos, que non son outros que os de ofrecer aos estudantes unha formación de calidade, achegarlles os coñecementos que precisan para acceder ao mundo laboral e facer que o sector primario galego sexa innovador e competitivo. *(Aplausos.)* E creo que o estamos conseguindo. E non é que o diga eu. Neste curso ofertamos un total de 364 prazas de novo ingreso, un once por cento máis que o ano anterior. O índice de cobertura é elevado, nalgúns ciclos do cen por cento, e seguimos con esa tendencia á alza de alumnos e alumnas. Estamos en 518, un 2,5 por cento máis que no curso 2021-2022. Temos catorce ciclos de formación de grao superior e medio. Tamén me gustaría lembrarlle que están a facer prácticas en empresas do sector, os proxectos colaborativos con empresas, universidade e administración ou os Erasmus +; actividades que antes estaban relegadas ao ámbito universitario.

Todo isto tradúcese nunha elevadísima inserción laboral, por conta allea ou por autoemprego. Así que este asunto, se lles quita o soño, eu creo que non ten que quitárllelo, porque poden durmir tranquilos e adicar os seus esforzos a outros campos. Nós estamos preocupados e ocupados coa formación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Conselleira, o alcalde de Ribadeo solicitou o uso das instalacións do Pedro Murias para —e leo literalmente— «o desenvolvemento dunha actividade agraria, en concreto, a xornada formativa da Asociación de Mozos Gandeiros de Galicia, para a realización de actividades de convivencia que se desenvolverán dende as 20 horas do sábado 7 ata as 20 horas do domingo 8 de setembro». A resolución por parte da consellería autorizando o uso foi para esta actividade agraria. Pero a realidade é que ¿sabe quen fixo uso destas instalacións, conselleira? A Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, para boa gloria das festas patronais de Ribadeo e do seu alcalde. E así llelo fixo constar nunha escaleta que lles enviou a Deputación, onde lles detallaba precisamente todo: quen os recibiría, a que hora sería o almorzo no Pedro Murias, a que hora sería a actuación da Real Banda de Gaitas e despois a comitiva que os acompañaría etcétera.



Polo tanto, conselleira, estamos cando menos a falar dunha falsidade documental. O alcalde de Ribadeo solicitou este centro para unha actividade supostamente agraria para unha asociación de mozos gandeiros, pero fixo un uso fraudulento destas instalacións. *(Aplausos.)* Por iso tamén nos gustaría saber, señora conselleira, se a consellería era coñecedora disto, se estaban en conivencia; se fixo algún tipo de verificación ou control para que realmente se faga uso deses centros de formación para a finalidade coa que foron concibidos.

Comparto a súa exposición, a formación é moi importante e tense que seguir potenciando. Pero a realidade, conselleira, é outra. Estamos vendo como se fixo unha falsidade documental, como se solicita para unha cousa e se realiza outro fin. E gustaríanos aquí saber e ter resposta, por parte da consellería, desta situación. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señora Méndez, de verdade, estaba intrigada en saber cal era o enfoque da pregunta de hoxe e agora acabámolo de descubrir: era fiscalizar o Concello de Ribadeo.

Ben, como entendo que vostede non vén da educación, *(Murmurios.)* respondereille que os directores dos centros, tanto educativos como dos demais, son quen autorizan as actividades a realizar nos centros.

Ben, imos aló. Mire... *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Méndez, non está na quenda de palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Mire, no día de hoxe contamos, como ben sabe vostede, con eses seis centros. Son centros de referencia e asegúrolle que neles se dá a mellor ensinanza ao alumnado que alí está. *(Aplausos.)* E tamén sabe vostede, como alcaldesa que foi, que os centros educativos, fóra do seu horario lectivo, poden autorizar outro tipo de actividades. Certo que o sabe vostede ¿verdade?

Quero aproveitar, xa que falamos de Educación, para felicitar todos os equipos docentes, os directores do centro e tamén os non docentes, por ese extraordinario traballo que están a facer nos centros educativos; en todos en xeral, pero agora tócanme os da Consellería do Medio Rural. Estamos convencidos do potencial destes centros e do alumnado que se forma neles e, de feito, lévanse feito moitas reformas neles —un forte investimento, especialmente no de Sergude e nesa residencia para o alumnado— e seguiremos a facer ese investimento, porque cremos que é un investimento que garantirá o futuro deles e do medio rural.

E, se falamos de futuro, falamos de mocidade; desa mocidade que vén a estes centros e que ampliaremos tamén a súa formación práctica. Unha formación práctica que xa están a facer nas empresas.



A iso nos dedicamos nesta consellería: a traballar polo rural galego para que sexa produtivo, para que teña máis calidade e sexa máis moderno. Reitérolles que poden estar tranquilos, que os centros de formación e experimentación agraria cumpren de sobra cos obxectivos para os que foron concibidos. Por supostísimo que cumpren e que seguirán a cumprir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos á última pregunta desta sesión plenaria.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o alcance previsto do paquete de medidas anunciado polo Goberno galego para solucionar o problema dos stocks de viño

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, conselleira.

Quen fixo a cesión foi a Agacal, pero seguiremos preguntando polo tema. E, centrándonos agora nesta pregunta urxente, que é outra cuestión que tamén nos preocupa moito, polo sector vitivinícola. No pasado mes de abril nós xa nos faciamos eco desta preocupación e das necesidades de poñer medidas enriba da mesa. Pediamos, entre outras cousas, unha liña de axudas específicas e directas para a Ribeira Sacra; pediamos recoñecemento das parcelas para seguir incorporando as que están abandonadas e que non se incrementasen máis as parcelas abandonadas; e captación de persoal para buscar tamén novas canles de comercialización. Facíase unha pregunta nunha comisión que, por parte da Xunta de Galicia, o responsable que alí nos veu dar resposta foi basicamente dicirnos que xa se estaba facendo. En setembro volvemos rexistrar outra batería de iniciativas nas que xa afondabamos un pouco máis, porque, xa pasado o tempo e vista a inacción da Xunta de Galicia, pedíamos que se garantise a vendima, que se favorecese tamén esa capacidade de seguir sumando e non quedasen abandonadas e que se traballase co sector para seguir na promoción, na exportación, na reestruturación e na remuda xeracional.

Pero a realidade, conselleira, é que ata que saíron á rúa non tiveron nin a delicadeza nin a capacidade de sentarse co sector. Sentáronse co sector, faláronse con eles e foron sacar unha foto cun brindado —copa incluída— dicindo que ían sacar un paquete de medidas para axudar o sector. Medidas das que, no día de hoxe, non sabemos absolutamente nada, máis o que presentaron nun *PowerPoint* no que falaban de axudas millonarias e que ían a levalas a cabo. Pero a realidade é que non fixeron absolutamente nada. No *DOG* non hai nada publicado no día de hoxe e o sector segue tremendamente preocupado.

Polo tanto, a pregunta que lle facemos é: con este paquete de medidas que se anunciaron, ¿que alcance teñen previsto que vai realizar? ¿Cren que vai solucionar o problema desta situación?; xa non desta vendima nin da situación que están a vivir neste momento —vendendo por



debaixo dos custos ou tendo o viño almacenado na casa porque non teñen saída—, senón que ¿que previsión fan e que alcance poden ter as medidas de cara á futura vendima? Porque, como lle digo e lamentablemente, nesta xa van tarde. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Para darlle resposta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, gustaríame mencionar un tema de forma: que me sorprende a pregunta, porque a formularon vostedes ou a rexistraron o 30 de setembro, cando aquel día xa era coñecido que unha das medidas dese paquete de apoio do Goberno galego á denominación de orixe Ribeira Sacra —é dicir, a destilación de crise— se ía publicar no *DOG* o día 1 de outubro. Pero aínda me sorprende máis que no día de hoxe diga que ningunha foi publicada. (*Aplausos.*) Iso si que é grave, iso si que é grave. ¡*Madre mía!* ¿E sabe que pasou? Pois iso, que así aconteceu, que o pasado día 2 de outubro, as adegas desta DO —interesadas, por suposto— poden acollerse a esa medida solicitada pola Xunta de Galicia e autorizada pola Comisión Europea. Medio millón de euros iniciais de fondos propios que poderían chegar a ampliarse, se fose necesario, ata 2,4 millóns.

Por moito que lles pese a vostede e ao seu partido, a Xunta de Galicia cumpre. Cumprimos poñendo enriba da mesa unha medida excepcional como é a destilación de crise. Cumprimos apoiando as bodegas ante unha situación complexa de exceso de stock, motivada en parte por un descenso xeneralizado do consumo de viño tinto a nivel internacional. E seguiremos cumprindo con todo o sector desta denominación de orixe, especialmente cos produtores.

Outra das medidas que integra este paquete de apoio, e que xa temos avanzado, é esa novidosa liña de axudas que viña sendo demandada de conservación da contorna paisaxística e de loita contra a erosión dos viñedos, dotada con 2 millóns de euros. Unha liña de axudas que, como xa dixemos en repetidas ocasións, se publicará a finais de ano. Esta iniciativa axudará a poñer en valor o tipo de viticultura tan característica que se leva a cabo nesta zona: a viticultura heroica.

Dende logo, a paisaxe da Ribeira Sacra é única e característica, e xoga un papel fundamental na súa candidatura a Patrimonio Mundial da UNESCO, que agardo que consigamos. Dende a Consellería do Medio Rural contribuímos tamén a esta candidatura, dende a defensa e o impulso ao sector vitivinícola e dende a defensa e o impulso ao noso medio rural. Nesta tarefa sempre nos atoparán. Nunca o farán naquelas outras que unicamente busquen a liorta e a confrontación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.



Conselleira, vostede mesma acaba de dicir que esta pregunta urxente foi rexistrada o 30 de setembro. A publicación da destilación de crise, non do paquete de medidas, foi publicada o 1 de outubro. Non sei se me chamou por teléfono ese 30 de setembro; non lle collín. Se foi así, para anunciarme que ía saír ao día seguinte... Pero, en todo caso, a destilación de crise era unha das cuestións do paquete de medidas. Incluso vostede mesma acaba de dicir que esa liña de axudas de 2 millóns de euros se publicará a finais do ano.

¿Sabe cal é o problema, conselleira? Non é unha cuestión de que eu teña un dogma de fe ou a poida crer ou non crer; é que non a cre o sector. Por iso saíu á rúa e por iso está pedindo esas medidas de maneira urxente, porque están nunha situación moi complexa e porque desde que se reuniron alí, con ese brindado —xa o vimos aquí en distintas ocasións—, non publicou absolutamente nada e o sector segue demandando esas axudas.

Xa llo dixen en distintas ocasións —hoxe pola mañá outra vez— e vólvo reiterar: menos *PowerPoint* e máis *DOG*. Porque se escoitasen máis o sector, se se reunisen máis con el, se visen máis as súas necesidades e intentasen poñer as medidas enriba da mesa, ao mellor no día de hoxe xa estaban recibindo esas axudas e non esperando a que se poidan publicar ou non ao final do ano.

Seguiremos pendentes, seguiremos facendo seguimento, seguiremos exixindo que cumpran co que lles comprometeron ao sector; para que non só se poida manter un sector tan importante como o sector vitivinícola, senón para que poidamos acadar realmente esa consecución da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade que vostedes mesmos están poñendo en risco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, parte vostede dun punto de partida equivocado. Eu sempre cumpro e o Goberno galego tamén cumpre coa súa palabra. (*Aplausos.*)

Mire, no primeiro consello da Xunta de Galicia tras o período estival anunciamos ese paquete de medidas de apoio do Goberno galego á Ribeira Sacra. En primeiro lugar, a destilación de crise, cuxa convocatoria xa está publicada —como lles dicía— dende o 1 de outubro e permitirá que as adegas que así o consideren poidan desfacerse dos excedentes que teñen. En segundo lugar, sacaremos —asegúrollelo— as axudas para a conservación da paisaxe, destinadas directamente aos produtores que con tanto mimo e esforzo traballan esa terra.

Tamén cómpre mencionar outras axudas, como é o programa especial para ampliar a formación e divulgación das oportunidades que ofrece a PAC para que os viticultores en xeral —especialmente para os da Ribeira Sacra— participen, sobre todo no caso concreto dos



ecorréximes de cultivo leñosos en terreos con pendente. No día de hoxe, tan só o 28 por cento dos viticultores solicitan esta axuda da PAC. Cremos que hai moita marxe de mellora para que poidan beneficiarse dela e poder, nos tres anos que faltan, ingresar seiscentos euros por hectárea a maiores. Ademais, reforzaremos as estratexias de promoción da calidade desta denominación de orixe. Un traballo que, aínda que debe liderar o consello regulador, apoiaremos e ampliaremos dende a administración, convencidos do potencial que ten a Ribeira Sacra e, por suposto, da calidade do seu viño.

Por último, tamén me gustaría mencionar que, cando falamos do sector vitivinícola, o esforzo deste Goberno é transversal. Así o acreditan non só ás medidas da Consellería do Medio Rural, senón outras que anunciamos: as axudas do Igape para acceder a préstamos de cara á recollida de uva, para que as bodegas poidan pagar xa aos viticultores que lles entregaron as súas uvas. Esta convocatoria está aberta dende o pasado día 3 e así permanecerá ata mediados de decembro.

En definitiva, señora Méndez, estamos falando dun amplo paquete de medidas de apoio a unha denominación de orixe, a un sector e a un territorio co que a Xunta de Galicia está plenamente comprometido. O propio sector é consciente de que a situación que está atravesando esta DO, e o eido do viño tinto en xeral, non só require medidas excepcionais impulsadas pola administración; tamén require dun traballo de análise a curto e medio prazo e de propostas de futuro que se adapten á realidade do mercado. Un traballo que, necesariamente, ten que liderar o consello regulador e, por suposto, nel sempre contará coa nosa man tendida.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Sendo respondidas todas as preguntas, rematamos a sesión. Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e corenta e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

